



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 256
17 de setembro de 2025

Fascículo 1



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Admisión a trámite do Proxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas e apertura do prazo de presentación de emendas [114607](#)

Admisión a trámite do Proxecto de lei do clima de Galicia e apertura do prazo de presentación de emendas [114719](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.1. Mocións presentadas

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

I 33874 (12/MOC-000077)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o impacto na biodiversidade e nos espazos naturais protexidos provocado polos lumes forestais acontecidos en Galicia en agosto de 2025 (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 31887, publicada no BOPG núm. 244, do 28 de agosto de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 9 de setembro de 2025.) [114796](#)

I 33875 (12/MOC-000078)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre a actuación da Xunta de Galicia respecto dos lumes forestais de agosto de 2025, tanto no referido ao aspecto preventivo como ao labor de extinción (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 31883, publicada no BOPG núm. 244, do día 28 de agosto de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 9 de setembro de 2025.) [114801](#)

I 33876 (12/MOC-000079)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre o desenvolvemento das actividades previstas no Pladiga e a garantía de recursos humanos nos servizos de prevención e extinción de incendios forestais (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 20453, publicada no BOPG núm. 162f1, do 26 de febreiro de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 9 de setembro de 2025.) [114807](#)



1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite e publicación

■ 33310 (12/PNP-002452)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre determinadas accións inmediatas que debe pór en marcha o Goberno galego en relación coa recente vaga de incendios forestais

[114811](#)

■ 33317 (12/PNP-002453)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Baladrón Lamas, Victor Manuel e 9 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que restableza as paradas dos trens de alta velocidade suprimidas na estación da Gudiña-Porta de Galicia

[114815](#)

■ 33329 (12/PNP-002455)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 4 máis

Sobre a postura que debe adoptar o Goberno galego respecto do desenvolvemento das enerxías renovables e das decisións dos tribunais de xustiza relacionadas coa tramitación dos proxectos eólicos

[114819](#)

■ 33336 (12/PNP-002456)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que desista da tramitación do polígono agroforestal de San Miguel de Valga

[114824](#)

■ 33387 (12/PNP-002457)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Ríos Santomé, Paulo

Sobre a demanda ao Goberno galego da incorporación na rede de transporte público por estrada dunha nova ruta diaria directa desde Muxía ata Santiago de Compostela e A Coruña respectivamente

[114829](#)

■ 33538 (12/PNP-002463)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central relacionadas coa frota do cerco e as cotas de sardiña e bocarte en augas galegas

[114834](#)

■ 33542 (12/PNP-002464)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 8 máis



Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación coa defensa en foros internacionais da regulación da pesca en augas do Atlántico sur, singularmente co fin de evitar a sobreexplotación do calamar loligo [114839](#)

I 33546 (12/PNP-002465)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa normativa relacionada cos coeficientes redutores da idade de xubilación aplicados aos mariñeiros que traballan en buques conxeladores [114843](#)

I 33550 (12/PNP-002466)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 8 máis

Sobre determinadas demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación co custo do transporte entre Vigo e Redondela, xa por estrada, xa por ferrocarril [114847](#)

I 33556 (12/PNP-002467)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 8 máis

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha logo de que a ONU aprobase a ampliación da plataforma continental ao oeste de Galicia e de que se engada ese espazo á soberanía española [114851](#)

I 33560 (12/PNP-002468)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que poña en marcha medidas para defender a calidade e a seguridade das conservas de atún producidas en Galicia [114855](#)

I 33564 (12/PNP-002469)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 8 máis

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego para defender os intereses da frota galega ante a posible ampliación do número de zonas vedadas á pesca de fondo por parte da Comisión Europea [114860](#)

I 33572 (12/PNP-002470)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grueira Fernández, Nicole e 7 máis

Sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de rexeitar a apropiación dos espazos públicos mediante pintadas ou o empapelado con consignas de contido ideolóxico sen contar con ningún consentimento nin cumprir coas normativas [114865](#)

I 33623 (12/PNP-002471)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre as medidas que o Goberno galego debe pór en marcha no marco da loita contra o problema da sinistralidade laboral en Galicia [114873](#)



I 33632 (12/PNP-002472)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central relacionadas coas campañas e coa política de promoción do consumo de peixe, marisco e conservas de produtos do mar

[114878](#)**I 33638 (12/PNP-002473)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e Queixas Zas, Mercedes**

Sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego relacionadas coa xestión que está a facer a empresa concesionaria do hotel-monumento do mosteiro de San Clodio de Leiro

[114882](#)**I 33644 (12/PNP-002474)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Fernández, Secundino e Valcárcel Armesto, Montserrat**

Sobre as modificacións que debe introducir a Xunta de Galicia na orde de axudas aos afectados pola vaga de lumes de agosto de 2025

[114887](#)**I 33676 (12/PNP-002475)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e 2 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia do cumprimento do acordo parlamentario relativo á exigencia ao Goberno central das compensacións económicas correspondentes á parada da actividade dos mariscadores da ría do Burgo

[114893](#)**I 33685 (12/PNP-002476)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre as accións que debe levar adiante o Goberno galego co obxectivo de reforzar e mellorar os servizos do Instituto de Medicina Legal de Galicia

[114897](#)**I 33691 (12/PNP-002477)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da realización dun estudo relativo ao estado actual da rede de distribución eléctrica destinado a elaborar un plan para o seu desenvolvemento e xestión que garanta un servizo eléctrico de calidade

[114902](#)**I 33697 (12/PNP-002478)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Suárez Fernández, Iago e Taibo Corsanego, Iria**

Sobre os compromisos que debe adoptar o Goberno galego relativos a futuras edicións da competición ciclista La Vuelta en caso de participar o equipo Israel-Premier Tech e á intervención deste país en Gaza

[114907](#)

I 33715 (12/PNP-002479)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia co obxectivo de mellorar a dotación de persoal médico do Centro Integral de Saúde de Lalín

[114911](#)**I 33725 (12/PNP-002480)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia de información relativa á axenda de recepcións a representantes diplomáticos dos diferentes países recoñecidos por España e cun corpo diplomático e/ou consular acreditado no territorio nacional

[114916](#)**I 33730 (12/PNP-002481)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón Tomás e Fernández Gómez, Alexandra**

Sobre as reformas que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central respecto do dereito de retracto no suposto de cesión de créditos hipotecarios cando o ben se trate da vivenda habitual dunha persoa física

[114920](#)**I 33733 (12/PNP-002482)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego relativas á avaliación e ao avance da planificación da política contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual

[114925](#)**I 33742 (12/PNP-002483)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e 2 máis**

Sobre as medidas destinadas á prevención da contaminación do río Deza que debe pór en marcha o Goberno galego

[114930](#)**I 33755 (12/PNP-002484)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón Tomás e Fernández Gómez, Alexandra**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia das modificacións normativas oportunas que permitan incorporar ao parque público de vivendas en alugueiro os bens inmoables obtidos por sucesión intestada

[114936](#)**I 33766 (12/PNP-002485)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e 2 máis**

Sobre as medidas de prevención que debe pór en marcha a Xunta de Galicia ante o risco de aparición da dermatose nodular contagiosa nas explotacións galegas de gando bovino

[114941](#)**I 33772 (12/PNP-002486)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 4 máis**

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego co obxectivo de evitar a ampliación das zonas vedadas pola Comisión Europea á pesca de fondo no Atlántico nororiental e de excluír o pa-langre da súa consideración como arte de fondo [114945](#)

I 33776 (12/PNP-002487)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia para reforzar as políticas de promoción do uso da lingua galega [114950](#)

I 33782 (12/PNP-002488)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a demanda ao Goberno galego da modificación do seu modelo de financiamento da educación infantil de 0 a 3 anos co fin de reforzar a rede pública das escolas desta etapa educativa [114955](#)

I 33796 (12/PNP-002489)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego do inicio urxente da concesión das axudas para vítimas de violencia sexual previstas na Lei orgánica de garantía integral da liberdade sexual e reguladas posteriormente no Real decreto 664/2024, do 9 de xullo [114959](#)

I 33801 (12/PNP-002490)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego respecto da tramitación dunha nova lei de Administración local de Galicia [114963](#)

I 33816 (12/PNP-002491)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Marnotes Fernández, Argimiro e 7 máis

Sobre a proposta de resolución que se presenta en relación cos incidentes producidos durante o desenvolvemento de La Vuelta 2025 ao seu paso por Galicia [114968](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

I 33977 (12/CPP-000065)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta dos problemas de dotación de persoal docente no



inicio do curso escolar, especialmente de profesorado especialista orientado ás necesidades educativas especiais, e das súas demandas laborais e profesionais [114973](#)

I 33978 (12/CPP-000066)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do conselleiro de Sanidade, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta da situación vivida este verán de 2025 en todos os niveis da sanidade pública de Galicia e presentar as medidas de mellora pertinentes [114976](#)

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

I 33965 (12/CPP-000064)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, por petición propia, para informar sobre as políticas educativas no marco do inicio do curso 2025-2026 [114979](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 16 de setembro de 2025, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite do proxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas e apertura do prazo de presentación de emendas

- 33820 (12/PL-000008)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas

Examinado o proxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas e logo de verificar que reúne a documentación e os antecedentes previstos no artigo 111 do Regulamento, a Mesa, por unanimidade, acorda:

1º. Admitir a trámite o devandito proxecto de lei polo procedemento lexislativo ordinario.

2º. Asignalo, oída a Xunta de Portavoces, na súa reunión do 16 de setembro de 2025, á Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3º. Abrir o prazo regulamentario de 15 días hábiles para a presentación de emendas, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. O prazo remata o día 4 de outubro de 2025, ás 13:00 horas.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 16 de setembro de 2025, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite do proxecto de lei do clima de Galicia e apertura do prazo de presentación de emendas

- 33923 (12/PL-000009)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei do clima de Galicia

Examinado o proxecto de lei do clima de Galicia e logo de verificar que reúne a documentación e os antecedentes previstos no artigo 111 do Regulamento, a Mesa, por unanimidade, acorda:

1º. Admitir a trámite o devandito proxecto de lei polo procedemento lexislativo ordinario.



2º. Asignalo, oída a Xunta de Portavoces, na súa reunión do 16 de setembro de 2025, á Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3º. Abrir o prazo regulamentario de 15 días hábiles para a presentación de emendas, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. O prazo remata o día 4 de outubro de 2025, ás 13.00 horas.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 16 de setembro de 2025, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.1. Mocións presentadas

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 33874 (12/MOC-000077)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o impacto na biodiversidade e nos espazos naturais protexidos provocado polos lumes forestais acontecidos en Galicia en agosto de 2025 (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 31887, publicada no BOPG núm. 244, do 28 de agosto de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 9 de setembro de 2025.)

- 33875 (12/MOC-000078)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre a actuación da Xunta de Galicia respecto dos lumes forestais de agosto de 2025, tanto no referido ao aspecto preventivo como ao labor de extinción (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 31883, publicada no BOPG núm. 244, do día 28 de agosto de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 9 de setembro de 2025.)

- 33876 (12/MOC-000079)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre o desenvolvemento das actividades previstas no Pladiga e a garantía de recursos humanos nos servizos de prevención e extinción de incendios forestais (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 20453, publicada no BOPG núm. 162f1, do 26 de febreiro de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 9 de setembro de 2025.)



1.3.6. Propositions non de lei

1.3.6.1. Propositions non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Propositions presentadas

Admisión a trámite e publicación

- 33310 (12/PNP-002452)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre determinadas accións inmediatas que debe pór en marcha o Goberno galego en relación coa recente vaga de incendios forestais

- 33317 (12/PNP-002453)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Baladrón Lamas, Víctor Manuel e 9 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que restableza as paradas dos trens de alta velocidade suprimidas na estación da Gudiña-Porta de Galicia

- 33329 (12/PNP-002455)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 4 máis

Sobre a postura que debe adoptar o Goberno galego respecto do desenvolvemento das enerxías renovables e das decisións dos tribunais de xustiza relacionadas coa tramitación dos proxectos eólicos

- 33336 (12/PNP-002456)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que desista da tramitación do polígono agroforestal de San Miguel de Valga

- 33387 (12/PNP-002457)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Ríos Santomé, Paulo

Sobre a demanda ao Goberno galego da incorporación na rede de transporte público por estrada dunha nova ruta diaria directa desde Muxía ata Santiago de Compostela e A Coruña respectivamente

- 33538 (12/PNP-002463)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central relacionadas coa frota do cerco e as cotas de sardiña e bocarte en augas galegas

- 33542 (12/PNP-002464)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 8 máis



Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación coa defensa en foros internacionais da regulación da pesca en augas do Atlántico sur, singularmente co fin de evitar a sobreexplotación do calamar loligo

- 33546 (12/PNP-002465)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa normativa relacionada cos coeficientes redutores da idade de xubilación aplicados aos mariñeiros que traballan en buques conxeladores

- 33550 (12/PNP-002466)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 8 máis

Sobre determinadas demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación co custo do transporte entre Vigo e Redondela, xa por estrada, xa por ferrocarril

- 33556 (12/PNP-002467)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 8 máis

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha logo de que a ONU aprobase a ampliación da plataforma continental ao oeste de Galicia e de que se engada ese espazo á soberanía española

- 33560 (12/PNP-002468)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que poña en marcha medidas para defender a calidade e a seguridade das conservas de atún producidas en Galicia

- 33564 (12/PNP-002469)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 8 máis

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego para defender os intereses da frota galega ante a posible ampliación do número de zonas vedadas á pesca de fondo por parte da Comisión Europea

- 33572 (12/PNP-002470)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grueira Fernández, Nicole e 7 máis

Sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de rexeitar a apropiación dos espazos públicos mediante pintadas ou o empapelado con consignas de contido ideolóxico sen contar con ningún consentimento nin cumprir coas normativas

A Mesa admítea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 33952



- 33623 (12/PNP-002471)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre as medidas que o Goberno galego debe pór en marcha no marco da loita contra o problema da sinistralidade laboral en Galicia

- 33632 (12/PNP-002472)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central relacionadas coas campañas e coa política de promoción do consumo de peixe, marisco e conservas de produtos do mar

- 33638 (12/PNP-002473)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego relacionadas coa xestión que está a facer a empresa concesionaria do hotel-monumento do mosteiro de San Clodio de Leiro

- 33644 (12/PNP-002474)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre as modificacións que debe introducir a Xunta de Galicia na orde de axudas aos afectados pola vaga de lumes de agosto de 2025

- 33676 (12/PNP-002475)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia do cumprimento do acordo parlamentario relativo á exixencia ao Goberno central das compensacións económicas correspondentes á parada da actividade dos mariscadores da ría do Burgo

- 33685 (12/PNP-002476)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as accións que debe levar adiante o Goberno galego co obxectivo de reforzar e mellorar os servizos do Instituto de Medicina Legal de Galicia

- 33691 (12/PNP-002477)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da realización dun estudo relativo ao estado actual da rede de distribución eléctrica destinado a elaborar un plan para o seu desenvolvemento e xestión que garanta un servizo eléctrico de calidade

- 33697 (12/PNP-002478)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Taibo Corsanego, Iria



Sobre os compromisos que debe adoptar o Goberno galego relativos a futuras edicións da competición ciclista La Vuelta en caso de participar o equipo Israel-Premier Tech e á intervención deste país en Gaza

- 33715 (12/PNP-002479)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia co obxectivo de mellorar a dotación de persoal médico do Centro Integral de Saúde de Lalín

- 33725 (12/PNP-002480)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre a demanda á Xunta de Galicia de información relativa á axenda de recepcións a representantes diplomáticos dos diferentes países recoñecidos por España e cun corpo diplomático e/ou consular acreditado no territorio nacional

- 33730 (12/PNP-002481)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as reformas que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central respecto do dereito de retracto no suposto de cesión de créditos hipotecarios cando o ben se trate da vivenda habitual dunha persoa física

- 33733 (12/PNP-002482)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego relativas á avaliación e ao avance da planificación da política contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual

- 33742 (12/PNP-002483)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre as medidas destinadas á prevención da contaminación do río Deza que debe pór en marcha o Goberno galego

- 33755 (12/PNP-002484)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre a demanda á Xunta de Galicia das modificacións normativas oportunas que permitan incorporar ao parque público de vivendas en alugueiro os bens inmobles obtidos por sucesión intestada

- 33766 (12/PNP-002485)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre as medidas de prevención que debe pór en marcha a Xunta de Galicia ante o risco de aparición da dermatose nodular contagiosa nas explotacións galegas de gando bovino



- 33772 (12/PNP-002486)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego co obxectivo de evitar a ampliación das zonas vedadas pola Comisión Europea á pesca de fondo no Atlántico nororiental e de excluír o palangre da súa consideración como arte de fondo

- 33776 (12/PNP-002487)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia para reforzar as políticas de promoción do uso da lingua galega

- 33782 (12/PNP-002488)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a demanda ao Goberno galego da modificación do seu modelo de financiamento da educación infantil de 0 a 3 anos co fin de reforzar a rede pública das escolas desta etapa educativa

- 33796 (12/PNP-002489)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego do inicio urxente da concesión das axudas para vítimas de violencia sexual previstas na Lei orgánica de garantía integral da liberdade sexual e reguladas posteriormente no Real decreto 664/2024, do 9 de xullo

- 33801 (12/PNP-002490)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego respecto da tramitación dunha nova lei de Administración local de Galicia

- 33816 (12/PNP-002491)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Marnotes Fernández, Argimiro e 7 máis

Sobre a proposta de resolución que se presenta en relación cos incidentes producidos durante o desenvolvemento de La Vuelta 2025 ao seu paso por Galicia

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 33977 (12/PPP-000065)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta dos problemas de dotación de persoal docente no



inicio do curso escolar, especialmente de profesorado especialista orientado ás necesidades educativas especiais, e das súas demandas laborais e profesionais

- 33978 (12/CPP-000066)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do conselleiro de Sanidade, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta da situación vivida este verán de 2025 en todos os niveis da sanidade pública de Galicia e presentar as medidas de mellora pertinentes

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 33965 (12/CPP-000064)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, por petición propia, para informar sobre as políticas educativas no marco do inicio do curso 2025-2026

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2025

María Elena Candia López


Vicepresidenta 1ª





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia achégolle o "**Proxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas**", aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 28 de xullo de 2025.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co visto e prace do Sr. Presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

DOMINGUEZ, SANDRA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 12/09/2025 09:21:42

CSV: BOPGDSPG-acilMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>
XE: WQWATM3XP89 <https://sede.xunta.gal/cve>



MIGUEL CORGOS LÓPEZ-PRADO, CONSELLEIRO DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA
DE GALICIA,


CERTIFICA:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e oito de
xullo de dous mil vinte e cinco adoptou, entre outros, o seguinte
Acordo:

*"Aprobar o proxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e
prevención das condutas adictivas".*

E para que conste, asina a presente co visto e prace do Sr. Presidente,
en Santiago de Compostela a vinte e oito de xullo de dous mil vinte e
cinco.

Vº. e Prace:
O PRESIDENTE



**PROXECTO DE LEI DE PROTECCIÓN DA SAÚDE DAS PERSOAS MENORES E
PREVENCIÓN DAS CONDUTAS ADICTIVAS**



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I


A protección da infancia, consagrada como principio reitor no artigo 39.4 da Constitución Española, constitúe un pilar fundamental para construír unha sociedade saudable, equitativa e con oportunidades para o desenvolvemento integral das persoas. Por iso, é necesario potenciar unha educación social especialmente orientada á saúde da infancia e adolescencia, así como promover a educación sanitaria, o fomento de estilos de vida saudables e a adecuada utilización do tempo de lecer.

O consumo de substancias psicoactivas e as adicións sen substancia representan un problema de saúde pública de primeira magnitude, afectando especialmente ás persoas menores de idade polo seu maior risco e vulnerabilidade e o grave impacto que estas condutas teñen na súa saúde física, mental, desenvolvemento educativo, social e persoal, con repercusións prolongadas no tempo.

Neste sentido, o consumo de alcohol está relacionado con diferentes problemas da saúde (enfermidades hepáticas, cardiovasculares, neurolóxicas, etc ...), problemas familiares (deterioración das relacións familiares e/ou de parella, violencia doméstica, etc ...) problemas económicos e sociais (multas, accidentes de tráfico, etc ...) e problemas laborais (accidentes laborais, diminución do rendemento, etc ...).

No referente ao tabaco, a Organización Mundial da Saúde sinala o seu consumo como a primeira causa de mortalidade evitable, e advirte que calquera nivel de exposición pasiva é prexudicial para a saúde. O tabaco é o principal factor de risco asociado a diversas enfermidades graves, incluíndo múltiples tipos de cancro, enfermidades cardiovasculares e respiratorias. Ademais, afecta á fertilidade e incrementa os riscos durante o embarazo e para o neonato.

Os dispositivos susceptibles de liberación de nicotina (DSLN), incluídos os cigarros electrónicos ou vapeadores, carecen de evidencia científica concluínte sobre a súa eficacia para deixar de fumar. Conteñen substancias nocivas, incluídos compostos




canceríxenos, e o seu uso, especialmente entre a mocidade, supón riscos para a saúde individual e colectiva. Por iso, equipáranse aos produtos do tabaco e aplícanse as mesmas restricións para a súa regulación e control.

O cannabis, pola súa banda, é a substancia psicoactiva ilegal máis consumida entre as persoas mozas. O seu consumo é especialmente prexudicial en idades temperás, onde o organismo está en fase de maduración, provocando cambios neurobiolóxicos durante este período. Pode provocar alteracións dos sentidos e da percepción do tempo, cambios no estado de ánimo, descoordinación motora, dificultade para pensar e resolver problemas, alteracións nos procesos de memoria, alucinacións, delirios e, nalgúns casos, sintomatoloxía psicótica.

As bebidas enerxéticas constitúen un conxunto heteroxéneo de bebidas sen alcohol que conteñen estimulantes como a cafeína en cantidades que poden ser excesivas para persoas menores de idade. Estes produtos, cuxo consumo en aumento na mocidade galega resulta preocupante, provocan efectos adversos tanto na saúde física coma na mental, como alteracións do sono, trastornos cardiovasculares e psicolóxicos. Institucións internacionais como a Food Druga Administration (FDA) e a Academia Americana de Pediatría recomendan evitar o seu consumo en menores, o que xustifica a necesidade dunha regulación específica.

En Galicia, o consumo de alcohol, tabaco e cannabis entre a poboación adulta e xuvenil segue sendo prevalente, con datos que mostran un consumo significativo e preocupante entre a mocidade. O incremento recente do consumo de bebidas enerxéticas en adolescentes alerta sobre a urxencia de intervencións normativas específicas. Este problema require unha resposta integral e coordinada que integre accións educativas, preventivas e de control do acceso a estas substancias nocivas, especialmente en colectivos vulnerables e persoas menores de idade.

Non debemos esquecer que, debido a maior accesibilidade das tecnoloxías da información, dos dispositivos móbiles e dos soportes conectados, estanse a producir un conxunto de problemas na poboación (especialmente na máis moza) que, aínda que non teñen unha definición estándar na literatura científica, teñen



moitas semellanzas coas adicci3ns a substancias. E, ao igual que sucede con estas, as3 como co xogo patol3xico, o uso non axeitado das tecnolox3as dixitais, dos dispositivos m3viles e dos soportes conectados poden levar ao fracaso escolar, 3 perda do traballo e a problemas de relaci3ns interpersoais de diversa gravidade xa que o comportamento desadaptativo tende a desprazar as actividades sociais, familiares e acad3micas ou laborais normais.

As3 mesmo, a Comunidade Aut3noma de Galicia exerce plenamente as s3as competencias en materia de sa3de p3blica, sanidade, ocio e espect3culos p3blicos, segundo o Estatuto de Autonom3a e normativa complementaria. Neste marco, este anteproxecto de lei constit3e un instrumento normativo actualizado, coherente, integral e adaptado 3 realidade social actual, co obxecto de avanzar na prevenci3n e asistencia das problem3ticas adictivas.

A prevenci3n 3 unha das claves que dar3 soporte aos cambios que se perseguen. Hoxe en d3a disp3nse de respostas tecnicamente coherentes e eficaces, baseadas na evidencia cient3fica, que permiten evitar o inicio do consumo de substancias psicoactivas, atrasar a idade na que se producen os primeiros consumos, impedir a escalada no seu uso e reducir os riscos e danos que sup3en certos patr3ns de uso. Por este motivo, a presente lei revisa os principios que deben guiar a prevenci3n escolar, familiar e comunitaria que se levar3 a cabo en Galicia e a adopci3n de estilos de vida saudables, potenciando diversos factores de protecci3n e reducindo o impacto de determinados factores de risco asociados aos trastornos adictivos.

Os principios reitores que inspiran esta regulaci3n son a promoci3n do co3ecemento e o desenvolvemento de habilidades persoais para controlar as condutas adictivas, con especial atenci3n 3 capacitaci3n e participaci3n familiar; o impulso de acci3ns informativas, de sensibilizaci3n e educativas por parte das administraci3ns auton3micas en colaboraci3n coas locais, fomentando un lecer creativo e saudable; a formaci3n especializada do persoal docente, sanitario e dos sectores vinculados a actividades de lecer e xogo sobre prevenci3n de condutas adictivas; a limitaci3n estrita da publicidade, promoci3n e acceso das persoas menores de idade a produtos con potencial adictivo ou nocivo, como bebidas



alcohólicas, produtos do tabaco e produtos relacionados co tabaco, cannabis, bebidas enerxéticas e determinados videoxogos; e a desnormalización social do consumo destas substancias e condutas, fronte ás estratexias da industria que procuran presentalos como aceptables ou incluso beneficiosos.

Finalmente, inclúense innovacións normativas para prohibir e restrinxir a venda, consumo, publicidade e acceso de persoas menores de idade a estes produtos e actividades. Tamén clarifica responsabilidades, competencias de inspección e sanción, e establece mecanismos para a coordinación administrativa, participación social e xeración de información estatística relativa ao consumo e riscos das adiccións.

Coa presente lei preténdese garantir a protección integral da saúde pública da poboación máis nova, achegando un marco regulador moderno e eficaz para a prevención, control e redución das condutas adictivas, contribuíndo así a construír unha sociedade máis saudable e segura.



II

A Constitución española reconece no seu artigo 43 o dereito á protección da saúde. O Estatuto de autonomía de Galicia atribúelle á Comunidade Autónoma de Galicia, nos artigos 27.23 e 33, respectivamente, a competencia exclusiva en materia de asistencia social e para o desenvolvemento legislativo e execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior.

A primeira lei que regulou en Galicia distintos aspectos das drogodependencias foi a Lei 2/1996, do 8 de maio, de Galicia sobre drogas, que proporcionou o marco normativo no que se apoiaron as medidas necesarias para reducir a problemática das drogodependencias, tanto no que respecta á prevención como á asistencia e á participación da sociedade na abordaxe deste tema.

No caso do tabaco, actualmente cóntase coa Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco, de ámbito estatal. No relativo ao alcohol, Galicia foi pioneira ao aprobar no 2010 a Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade. Esta lei permitiu elevar a idade mínima de consumo de alcohol aos 18 anos e restrinxiu o acceso das persoas menores de idade a certos lugares onde se permitía a venda de alcohol, entre outras medidas.

Os antecedentes normativos relativos a outras substancias psicoactivas están dispersos en normas xenéricas, tanto estatais como autonómicas, como o Código Penal (art. 368, incluído no capítulo de delitos contra a saúde pública) e a Lei orgánica 40/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá, e no relativo ao xogo temos aprobada a Lei 3/2023, do 4 de xullo, reguladora dos xogos de Galicia.

Por outra parte, a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, establece no seu artigo 34.4 (modificado pola Lei 8/2021, do 25 de febreiro), como intervencións públicas que poderán ser exercidas polas autoridades sanitarias competentes sobre as actividades públicas e privadas que directa ou indirectamente poidan ter consecuencias para a saúde, a de «establecer prohibicións e requisitos mínimos para



o uso e tráfico de bens e produtos cando supoñan un prexuízo ou ameaza para a saúde mediante normativa», a de «controlar a publicidade e propaganda de produtos e actividades que poidan ter incidencia sobre a saúde, co fin de axustala a criterios de veracidade e evitar o que poida constituír un prexuízo para esta» e a de «establecer prohibicións, limitacións e estratexias de prevención do consumo de bebidas alcohólicas para avanzar na desnormalización do seu consumo polas persoas menores de idade».

Ademais, o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro, contempla como dereitos básicos das persoas consumidoras e usuarias e das persoas consumidoras vulnerables, o da protección contra os riscos que poidan afectar á súa saúde ou seguridade e da protección dos seus dereitos mediante procedementos eficaces, en especial en relación coas persoas consumidoras vulnerables. Sinala tamén que os dereitos das persoas consumidoras vulnerables gozarán dunha especial atención, que será recollida regulamentariamente e pola normativa sectorial que resulte de aplicación en cada caso. Asemade, dispón que os poderes públicos promoverán políticas e actuacións tendentes a garantir os seus dereitos en condicións de igualdade, con arranxo á concreta situación de vulnerabilidade na que se atopen. En relación con isto, cómpre pois traer a colación o disposto no artigo 30.1.4 do Estatuto de autonomía de Galicia, o cal recoñece á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia de comercio interior e defensa do consumidor e usuario, sen prexuízo da política xeral de prezos e a lexislación sobre a defensa da competencia, e de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado.


Cómpre sinalar tamén que o artigo 27º.22 do Estatuto de autonomía de Galicia establece que corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia da adecuada utilización do lecer. Neste marco, a Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma de Galicia, transfire a competencia exclusiva en materia de espectáculos públicos, sen prexuízo da competencia estatal sobre seguranza pública. Compre ter en conta neste sentido, o Decreto 336/1996, do 13 de



setembro, sobre asunción de funcións e servizos transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións e espectáculos públicos, respectivamente, polos reais decretos 1639/1996 e 1640/1996, ámbolos dous do 5 de xullo, e a súa asignación á Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.

Así mesmo, o artigo 27º.31 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúelle á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de publicidade, sen prexuízo das normas ditadas polo Estado para sectores e medios específicos conforme os ordinais 1.º, 6.º e 8.º do número 1 do artigo 149º da Constitución.

Pola súa banda, o Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, establece que a misión da Dirección Xeral de Saúde Pública é a mellora da saúde da poboación galega desde unha perspectiva comunitaria.



III

A Lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas presenta unha estrutura composta por 65 artigos, distribuídos en sete títulos, catro disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras.

O título preliminar establece os obxectivos xerais e específicos da lei, así como as definicións de aspectos relevantes regulados e os principios reitores. O obxecto inclúe aspectos relacionados coas grandes áreas de intervención, isto é, as áreas de promoción da saúde, prevención das adiccións, redución da oferta, desenvolvemento e xestión do coñecemento, así como a regulación da organización institucional.

O ámbito material da lei contempla as substancias psicoactivas, algunhas con ampla aceptación social, como o alcohol, o tabaco, a cafeína, e outras, como os derivados do cannabis, para as que, aínda que son ilegais e xa teñen normativa específica, é necesario regular aspectos relativos á súa promoción e patrocinio.

Como novidade, a lei regula os dispositivos susceptibles de liberación de nicotina (DSLN), que son aqueles produtos, ou calquera dos seus compoñentes, incluídos un cartucho, un depósito e o dispositivo sen cartucho ou depósito, que poidan utilizarse para o consumo de vapor que conteña nicotina, a través dunha boquilla, pois non hai evidencia científica que apoie a súa utilidade para deixar de fumar. Aplícanse as mesmas restricións que ao tabaco.

Tamén se regulan aspectos relativos ás bebidas enerxéticas e se establecen medidas de prevención no relativo ás adiccións sen substancia, principalmente no caso de xogos con cartos, presencial ou a distancia, e o uso de videoxogos.

No título I abórdase a promoción da saúde e a prevención de adiccións, co obxectivo de conseguir aumentar a percepción de risco ante as adiccións e o fomento de estilos de vida saudables na poboación en xeral e nas persoas menores de idade, en particular.




Inclúense medidas sobre as adicciós sen substancia, aínda que na actualidade, excepto a ludopatía e o trastorno por uso de videoxogos, non se recolleron cientificamente como tales. Sobre todo incídese nas condutas adictivas relacionadas co xogo, presencial ou en liña, con especial atención aos videoxogos e a utilización de dispositivos conectados debido ao aumento da prevalencia, así como á ampla preocupación detectada entre as familias e os/as profesionais dedicados á prevención e atención ás adicciós en Galicia. Neste sentido, inclúense medidas de forma transversal en todos os programas da carteira de servizos de prevención de condutas adictivas da nosa comunidade autónoma. Promóvese a realización de programas orientados a un xogo responsable, tanto presencial como en liña, e un uso proporcionado dos videoxogos con respecto ao resto de actividades de lecer das persoas menores de idade.

Considérase prioritaria a educación para a saúde, de forma que se poidan fomentar os estilos de vida saudables en todos os ámbitos: escolar, familiar, laboral, sanitario e comunitario.

O capítulo dedicado á prevención recolle medidas xerais dirixidas ao conxunto da poboación, e outras dirixidas a persoas ou grupos en situación de risco ou de maior vulnerabilidade. Trátase de potenciar os factores de protección e reducir os factores de risco, así como desnormalizar algunhas condutas aceptadas socialmente como o consumo de alcohol e de tabaco. Nas actuacións preventivas son prioritarios o ámbito familiar, comunitario, educativo e sanitario que, na medida do posible, deberán de coordinarse entre si para poder potenciar a consecución dos seus obxectivos mutuos.

O título II regula o control da oferta. Diferénciase este apartado do de diminución da demanda, igual que se fai na Estratexia da Unión Europea en materia de loita contra a droga 2021-2025, xa que as medidas dirixidas a limitar a demanda poñen a énfase na actuación sobre as persoas ou grupos, e as de redución da oferta actúan sobre as substancias ou sobre as condutas.



Establécese unha estrutura clasificada pola substancia, e dentro de cada unha, regúlase a actividade xerada ao redor dela; isto é, a publicidade, a promoción, o patrocinio, a venda, a subministración, o transporte e o consumo.

As drogas sobre as que se establecen as medidas de control son as legais e algunha ilegal, como o cannabis. No caso do alcohol, auméntanse as limitacións xa impostas a través da Lei 11/2010, do 17 de decembro, tendo en conta que non existe unha normativa reguladora de ámbito nacional. Non obstante, ás festas recoñecidas de interese turístico non lle serán aplicables as restricións de publicidade e promoción establecidas na lei.

No relativo ao tabaco, seguindo as recomendacións da Organización Mundial da Saúde e das sociedades científicas, dáse o mesmo trato aos dispositivos susceptibles de liberación de nicotina (DSLN) que aos produtos do tabaco, dado que se o dispositivo é susceptible de liberar nicotina, enténdese que os seus efectos tanto para a persoa usuaria como para terceiras persoas, non difiren do tabaco. Tamén se inclúen medidas como a prohibición do consumo nas entradas dos centros educativos e administrativos, aspectos non contemplados na normativa de ámbito estatal. Deste xeito, preténdese preservar a saúde das persoas non fumadoras.

Por outra parte límitase o consumo e venda de bebidas enerxéticas a persoas menores de idade. Segundo un estudo realizado pola Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria (EFSA) en 2015, o consumo de máis de 1,4mg/kg de peso corporal de cafeína estaría asociado a alteracións do soño (latencia e duración), e o consumo de máis de 3mg/kg de peso corporal de cafeína estaría asociado a efectos adversos xerais para a saúde (efectos cardiovasculares, hematolóxicos, neurolóxicos e psicocomportamentais). Por exemplo, se un neno ou nena (cun peso medio de 37 kg), consume unha lata de bebida enerxética cunha concentración de cafeína de 32 mg/100 ml, estaría a inxerir 2,2 mg de cafeína.

Tendo en conta que os envases máis habituais no mercado conteñen 32 mg/100 ml de cafeína e que con estas concentracións sería moi doado superar os límites referidos que produzan efectos prexudiciais na infancia e a adolescencia,



establécese a prohibición da venda e consumo bebidas enerxéticas, entendidas como aquelas que conteñan 32 mg/100 ml ou máis de cafeína, a persoas menores de idade. Nesta mesma liña contéplase nas lexislacións de Alemania e Dinamarca, que limitan o contido de cafeína nas bebidas enerxéticas a 32 mg/100 ml.

No título III abórdase a problemática da atención das persoas menores de idade en urxencias debido a intoxicacións por substancias psicoactivas, basicamente bebedeiras. Débese realizar unha actuación máis intensiva para evitar o crecente aumento das devanditas intoxicacións neste tramo de idade.

O título IV regula os sistemas de información sobre as características dos consumos de substancias en Galicia, a súa prevención e o seu tratamento. Este sistema deberá estar integrado no sistema de información de saúde de Galicia, definido no artigo 71 da Lei 8/2008, do 10 de xullo. Tanto a información como a avaliación teñen a consideración de actuación transversal, segundo a Estratexia da Unión Europea en materia de loita contra a droga 2021-2025.

O título V regula a organización institucional, a coordinación, e a iniciativa social, establecendo o exercicio das competencias atribuídas a cada unha das administracións públicas galegas, coa finalidade de evitar duplicidades e actuacións solapadas.

Polo que respecta ao dispositivo institucional, a nivel da Administración Xeral da Comunidade Autónoma prevese a creación dunha Comisión en materia de prevención das adiccións das persoas menores de idade configurada como un órgano de estudo, coordinación e asesoramento en materia de prevención das adiccións en Galicia.

Finalmente, a iniciativa social supón o recoñecemento do importante labor realizado na materia por persoas e entidades privadas, e regula as condicións que rexerán a colaboración con elas.

O título VI ocúpase dos labores de inspección, aspecto fundamental para garantir o cumprimento das limitacións establecidas.




No título VII detállanse as infraccións e sancións. As medidas punitivas van referidas á actividade sobre as substancias, xa que, sobre as adicións sen substancia, establecéronse medidas de promoción da saúde coas que se trata de impulsar un uso responsable dos xogos de azar e das novas tecnoloxías.

Polo que respecta aos órganos con competencias sancionadoras, distribúense estas con carácter xeral entre a consellería competente en materia de saúde pública, tanto desde servizos centrais como por parte dos órganos periféricos, e os concellos.

Dentro das competencias sancionadoras que os departamentos territoriais da consellería competente en materia de saúde pública xa tiñan atribuídas, inclúense a relativa á imposición de sancións pola comisión de infraccións relativas ao botellón, por entender que se incrementa a eficacia da corrección deste tipo de infraccións ao equipararse coa xestión das sancións por consumo de tabaco, DSLN e produtos relacionados co tabaco.

Completan o texto catro disposicións adicionais sobre os corpos facultativos da administración autonómica encargados das inspeccións, a habilitación para a actualización periódica das contías das sancións, algunhas excepcións no relativo a festas declaradas de interese turístico; así como a previsión da ausencia de custes asociados ao funcionamento da Comisión en materia de prevención das adicións das persoas menores de idade en Galicia; unha disposición transitoria, relativa ao réxime transitorio de procedementos sancionadores iniciados antes ou despois da entrada en vigor desta lei; unha disposición derogatoria, que afecta as disposicións de igual ou inferior rango contrarias ao disposto nesta lei, e tres disposicións derradeiras sobre o desenvolvemento regulamentario e entrada en vigor, incorporando ademais a primeira delas algunhas modificacións puntuais no tocante á tipificación do incumprimento da prohibición de consumo de bebidas alcohólicas na vía pública, parques e prazas públicas e noutros lugares de tránsito público.

Esta lei promulgase baixo o máis estrito respecto á autonomía municipal e ao actual marco normativo.



Esta lei foi sometida ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia.




TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais


Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta lei ten por obxecto regular as actuacións e iniciativas a desenvolver no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para previr as condutas adictivas nas persoas menores de idade. As medidas contempladas nesta lei teñen tamén como obxecto incidir sobre a sociedade no seu conxunto para avanzar na desnormalización dos comportamentos adictivos, mediante:

- a) A definición das características que deberán ter as estratexias de prevención das adiccións, de educación sanitaria e de concienciación social e das familias, para abordar o grave problema xerado.
- b) A limitación do acceso das persoas menores de idade ás bebidas alcohólicas e enerxéticas, aos produtos do tabaco e a outras substancias psicoactivas, así como o control administrativo desta restrición que aborde tanto a venda e a subministración coma o propio consumo.
- c) O aumento da protección fronte á exposición pasiva ao fume de tabaco, especialmente no caso das persoas menores de idade e da poboación vulnerable.
- d) As limitacións de acceso de persoas menores de idade a determinados establecementos de ocio e entretemento.
- e) As prohibicións e limitacións á publicidade, á promoción e ao patrocinio de bebidas alcohólicas, bebidas enerxéticas, produtos do tabaco e resto de substancias psicoactivas reguladas nesta lei.
- f) A promoción da cesación tabáquica entre as persoas fumadoras, atendendo especialmente á influencia do tabaquismo nas persoas menores de idade.
- g) A creación do sistema de información sobre os resultados da aplicación da lei.
- h) As limitacións horarias á venda nocturna de bebidas alcohólicas.



- i) A prevención do xogo problemático
- j) O establecemento das condicións relativas á venda de videoxogos
- k) A promoción do uso axeitado de videoxogos, redes sociais, tecnoloxías dixitais e dispositivos conectados.
- l) A determinación do réxime sancionador.





Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

As disposicións contidas nesta lei serán aplicables ás diferentes actuacións previstas nela, tanto individuais coma colectivas, públicas ou privadas, que se realicen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e no marco das súas competencias.




Artigo 3. *Principios reitores da lei*

Esta lei ten como principios reitores os seguintes:

- a) A responsabilidade das administracións e da sociedade no seu conxunto para previr as adiccións nas persoas menores de idade e traballar na desnormalización progresiva do seu consumo en toda a poboación.
- b) O equilibrio e consenso social que permita aos sectores económicos afectados por esta lei acadar os seus obxectivos dende unha perspectiva de responsabilidade social.
- c) A actitude de proactividade, mellora continua e transparencia que permita ás diferentes administracións dar resposta ás demandas sociais e problemas emerxentes relacionados coas adiccións.
- d) A participación activa da comunidade, moi especialmente do Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia e das organizacións xuvenís, e dos sectores afectados na planificación e execución das actuacións en materia de prevención das adiccións.
- e) A consideración da familia como elemento esencial na percepción de risco por parte das persoas menores de idade.
- f) A promoción activa de estilos de vida saudables e dunha cultura de saúde que inclúa o rexeitamento do consumo por parte das persoas menores de idade, así como a modificación de actitudes e comportamentos da sociedade respecto da problemática vinculada a este tema, con aplicación do principio de equidade e atención preferente ás persoas menores en situación de vulnerabilidade, en risco de exclusión ou con problemas de saúde, en particular de saúde mental.
- g) A planificación das intervencións tendo en conta a evidencia científica dispoñible e en base a criterios de efectividade, establecendo indicadores que permitan realizar un axeitado control, seguimento e avaliación delas.
- h) A consideración prioritaria das políticas e as actuacións preventivas en materia de prevención das adiccións.



- i) O carácter multidisciplinar e de integración e coordinación das actuacións en materia de prevención das adiccións por parte de todas as administracións públicas galegas.
- j) A coordinación das actuacións sobre a problemática asociada ás adiccións na poboación, con especial énfase nas persoas menores de idade, en base ao principio de corresponsabilidade social.
- k) A inclusión da perspectiva de xénero en todas as actuacións que se realicen.
- l) A promoción da equidade en saúde a través do acceso da poboación aos servizos preventivos sen que exista discriminación algunha.
- m) Os principios reitores en canto ás actuacións sanitarias que se enuncian no artigo 32 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.



Artigo 4. *Definicións*

Para os efectos desta lei, entenderase por:

- a) Bebida alcohólica: aquela bebida que contén etanol nunha proporción superior ao 1,2 por cento do seu volume.
- b) Bebida enerxética: bebida refrescante que contén cafeína en valores iguais ou superiores a 32 mg/100 ml acompañada doutros ingredientes estimulantes.
- c) Centro docente: centro educativo que imparta educación primaria e secundaria e outras ensinanzas oficiais para persoas menores de idade.
- d) Dispositivo susceptible de liberación de nicotina (en adiante DSLN): produto, ou calquera dos seus compoñentes, incluídos un cartucho, un depósito e o dispositivo sen cartucho ou depósito, que poida utilizarse para o consumo de vapor que conteña nicotina a través dunha boquilla. Os DSLN poden ser desbotables ou recargables mediante un envase de recarga e un depósito, ou recargables con cartuchos dun so uso.
- e) Establecemento de lecer e entretemento: calquera establecemento público no que teñan lugar actividades de entretemento e lecer das persoas e nos que se vendan bebidas alcohólicas. En particular, terán a consideración de establecementos de lecer e entretemento aos efectos desta lei as discotecas, salas de festa, pubs e cafés-espectáculo, de acordo co disposto no Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia, así como calquera outro establecemento no que, aínda que con outra denominación, se desenvolva actividades da mesma natureza que os anteriores.

Para os efectos desta lei non terán a consideración de establecementos de lecer e entretemento os furanchos, aos que se lles aplicarán as previsións contidas nesta lei para os establecementos de hostalería e restauración.



f) Establecementos de hostalería e de restauración: establecementos abertos ao público e legalmente habilitados, que teñen por obxecto a prestación do servizo de bebida e/ou comida para o seu consumo polo público a cambio dun prezo, consonte o disposto na súa normativa específica.

g) Horario nocturno: o período de tempo comprendido entre as 22.00 e as 9.00 horas do día seguinte.

h) Patrocinio: calquera tipo de contribución, pública ou privada, a un acontecemento, unha actividade ou unha persoa cuxo obxectivo ou efecto directo ou indirecto sexa a promoción de calquera dos produtos regulados nesta lei.

i) Produtos do tabaco: produtos que poden ser consumidos ou constituídos, total ou parcialmente, por tabaco, xeneticamente modificado ou non.


j) Produtos relacionados co tabaco: calquera dispositivo susceptible de liberación de nicotina, envases de recarga e produtos a base de herbas para fumar, ou a base de plantas, ou froitas que non contén tabaco e se pode consumir mediante un proceso de combustión.

k) Promoción: todo estímulo da demanda de bebidas alcohólicas, bebidas enerxéticas, tabaco, produtos do tabaco e DSLN e produtos relacionados co tabaco, como anuncios, publicidade e actos especiais, entre outros, destinados a atraer a atención e suscitar o interese das persoas consumidoras.

l) Publicidade: toda forma de comunicación realizada por unha persoa física ou xurídica, pública ou privada, no exercicio dunha actividade comercial, industrial, artesanal ou profesional, co fin de promover de forma directa, indirecta ou subliminar a contratación de bens mobles ou inmobles, servizos, dereitos e obrigas.

m) Subministración: abastecemento de produtos ou substancias previstos nesta lei, xa sexa a título oneroso ou gratuíto.

n) Substancia psicoactiva: substancia que introducida no organismo por calquera vía de administración produce unha alteración do funcionamento do sistema



nervioso central do individuo, a cal modifica a conciencia, o estado de ánimo ou os procesos de pensamento.




TÍTULO I

Promoción da saúde e prevención das adiccións

Artigo 5. *Obxecto*

1. A administración xeral da comunidade autónoma promoverá a través dos instrumentos xurídicos que en cada caso correspondan, o fomento de actuacións de promoción da saúde e de prevención das adiccións na poboación menor de idade e nos grupos especialmente vulnerables por parte das administracións locais e entidades sen ánimo de lucro.
2. As medidas contidas neste título estenderanse, tendo en conta o estado do coñecemento científico en cada momento, a aquelas outras condutas susceptibles de xerar un trastorno adictivo.



CAPÍTULO I

Promoción da saúde

Artigo 6. Actuacións de promoción da saúde no ámbito das condutas adictivas

1. A administración xeral da comunidade autónoma promoverá a través dos instrumentos xurídicos que en cada caso correspondan, o fomento por parte das administracións locais e entidades sen ánimo de lucro de accións da mellora do coñecemento e de desenvolvemento de habilidades persoais dirixidas a incrementar o control da poboación sobre a súa saúde no que respecta ás condutas adictivas, con especial atención ao fomento da capacitación e participación das familias.
2. A consellería competente en materia de saúde pública impulsará a realización de programas de promoción da saúde no ámbito das condutas adictivas dirixidos a toda a poboación, fomentando a colaboración de profesionais sanitarios/as, sociais e da educación nestes programas.



Artigo 7. Promoción do non consumo de substancias psicoactivas

A administración xeral da comunidade autónoma promoverá a través dos instrumentos xurídicos que en cada caso correspondan, a realización por parte das administracións locais e entidades sen ánimo de lucro de campañas informativas e formativas dirixidas a persoas menores de idade e poboación xeral sobre as consecuencias prexudiciais do consumo de alcohol, tabaco, cannabis, bebidas enerxéticas, outras substancias psicoactivas e a súa percepción de risco.



Artigo 8. *Prevención do xogo problemático*


1. A administración xeral da comunidade autónoma impulsará a través dos instrumentos xurídicos que en cada caso correspondan, a realización por parte das administracións locais e entidades sen ánimo de lucro de accións informativas e de sensibilización, así como accións de carácter educativo que promovan un ocio creativo e saudable, especialmente para persoas menores de idade, grupos vulnerables e xuventude en xeral, e para evitar que a poboación estableza relacións problemáticas coas actividades de xogo.

Ademais, procurarase que a poboación coñeza a problemática da adicción ao xogo e os factores de risco e de protección implicados.

2. Estas mesmas administracións impulsarán actuacións de formación e sensibilización dirixidas ao persoal docente e sanitario e ás persoas traballadoras das empresas operadoras de xogo, sobre aspectos específicos da prevención do xogo problemático. Estas actividades formativas incluírán entre os seus contidos:

- a) Lexislación vixente sobre a materia.
- b) Prevención do xogo ilegal e do uso inadecuado dos xogos.
- c) Protocolo de actuación con persoas que amosen patróns de xogo desadaptativo.

A consellería competente en materia de saúde pública desenvolverá regulamentariamente as condicións nas que se desenvolverá a formación á que fai referencia este número.





Artigo 9. *Promoción do uso adecuado e seguro dos videoxogos, das redes sociais, das tecnoloxías dixitais e dos dispositivos conectados*

Co fin de previr os problemas que poida xerar o uso inadecuado dos videoxogos, das redes sociais, das tecnoloxías dixitais e dos dispositivos conectados, a administración xeral da comunidade autónoma, coa colaboración da administración local a través da suscripción dos oportunos convenios ou de actividades de fomento levarán a cabo as seguintes actuacións:

a) Promover campañas poboacionais de sensibilización da poboación sobre a necesidade de facer un uso apropiado destas tecnoloxías, especialmente no caso das persoas menores de idade, evitando a interferencia negativa coa vida familiar e social e os problemas de saúde e desenvolvemento.

b) Impulsar actividades de formación e capacitación da poboación para o uso adecuado e seguro dos videoxogos, das redes sociais, dos dispositivos conectados e das tecnoloxías dixitais. Prestarase especial atención na protección das persoas menores de idade a través:

1º Da capacitación das familias para a definición do uso e consumo axeitado para as persoas menores de idade no que respecta á supervisión, soportes de acceso, tempos de uso e contidos.


2º Da difusión e promoción do uso de aplicacións e mecanismos de control parental e dos sistemas de clasificación de contidos.

c) Promover o desenvolvemento de accións no ámbito educativo que teñan por obxecto permitir á mocidade acadar un equilibrio axeitado entre o aproveitamento das potencialidades destas tecnoloxías, o ocio saudable e o desenvolvemento dun bo nivel de saúde mental e física.

d) Promover protocolos nos sistemas sanitario e de protección social de avaliación e consello sobre o uso destes dispositivos e tecnoloxías, nos que se abordarán os tempos de uso, a supervisión, os contidos aos que se accede e a súa interferencia co tempo de descanso, o rendemento académico ou laboral e a vida familiar e social.



e) Promover a adopción de medidas orientadas a mellorar a información sobre os riscos asociados á utilización non adecuada dos videoxogos, internet, redes sociais e outras tecnoloxías dixitais, promovendo a inclusión de mensaxes preventivas nos videoxogos, nas páxinas web, e nas aplicacións con sede ou editadas en Galicia, así como nas súas redes sociais, en particular cando ditas redes teñen como público preferente á poboación menor de idade.



CAPÍTULO II

Prevención das adiccións

Artigo 10. *Obxectivos*

1. As actividades preventivas terán como obxectivo primordial evitar o consumo de substancias psicoactivas e a realización de determinados comportamentos adictivos, atrasar a idade de inicio e prever a posibilidade de desenvolver unha adicción.
2. A prevención combinará o seu carácter educativo, orientado á diminución da demanda a través da modificación de actitudes e hábitos, coa protección da saúde orientada á diminución da oferta, a través da modificación de contornas que faciliten a adopción de estilos de vida saudables, e ao establecemento de limitacións a certas actividades que poden favorecer o inicio dos consumos.
3. As medidas de prevención consistirán na aplicación de estratexias globais e equilibradas de intervención sobre os factores de risco e de protección, tanto psicolóxicos e condutuais coma familiares, sociais e ambientais que inciden na aparición de consumos de substancias psicoactivas e condutas adictivas, de tal xeito que se aumente a percepción de risco na poboación respecto de ditos consumos e condutas.
4. As medidas de prevención faranse de forma coordinada, tanto a nivel autonómico coma local, e en liña coas actuacións ou recomendacións adoptadas a nivel nacional, comunitario e internacional, e terán un carácter estable e avaliable.



Artigo 11. *Medidas de prevención orientadas á diminución da demanda*

1. As medidas de prevención para a diminución da demanda son aquelas actuacións que teñen por obxectivo a modificación da conduta mediante a educación, o asesoramento, o consello, a información e outras metodoloxías similares.

2. As administracións públicas de Galicia e as entidades que planifiquen, deseñen e executen medidas de prevención para a diminución da demanda deberán ter presentes os seguintes criterios:

a) Os programas que se levarán a cabo estarán baseados na evidencia científica dispoñible sobre esta temática.

b) As actuacións en materia de prevención das adiccións desenvolvidas polas administracións públicas de Galicia (xa sexa directamente ou coa intermediación de entidades e institucións privadas), enmarcaranse nun ámbito xeral de promoción da saúde e calidade de vida, prestando especial atención ás situacións de vulnerabilidade.


c) O ámbito prioritario da prevención será poboacional, mediante actuacións programáticas que incidan principalmente sobre os determinantes asociados á aparición do consumo de substancias psicoactivas e de comportamentos adictivos.

d) Os programas preventivos deberán ser específicos para a idade das persoas destinatarias, apropiados ao seu desenvolvemento e sensibles coas diferentes culturas.

e) As actuacións prioritarias destes programas consistirán tanto na oferta de información e asesoramento como na elaboración e implantación de estratexias educativas e de prevención de condutas de risco.

f) Desenvolveranse protocolos de avaliación das medidas que se planifiquen, contando coa participación social de todos os axentes implicados.

g) Promoverase a adopción de criterios de calidade na planificación, execución e avaliación das actividades, que serán establecidos polo departamento competente en materia de sanidade.




h) Fomentarase a colaboración e o intercambio de información, a nivel nacional e internacional, que facilite a implantación de accións preventivas.

i) Os programas de prevención deberán incorporar entre os seus obxectivos a modulación das crenzas e expectativas e o incremento da percepción dos riscos asociados ao consumo de substancias psicoactivas e ao desenvolvemento de comportamentos adictivos.

j) Ampliarase e mellorarase a formación continuada dos servizos e equipos de prevención.

3. Deberanse realizar análises de situación periódicas, utilizando a información científica dispoñible, para seleccionar as medidas preventivas de intervención máis axeitadas e as adicións que se consideren prioritarias.




Artigo 12. Ámbitos prioritarios de prevención

1. Os ámbitos prioritarios de prevención para a diminución da demanda son:

- a) Ámbito familiar.
- b) Ámbito educativo.
- c) Ámbito comunitario.
- d) Ámbito sanitario.
- e) Ámbito da hostalería e restauración.
- f) Ámbito de intervención en colectivos de especial vulnerabilidade.

2. As medidas que se establezan nos plans de actuación que as administracións públicas galegas promovan deberán ser transversais e terán en consideración os seis ámbitos prioritarios de prevención.



Artigo 13. *A prevención no ámbito familiar*

Os programas, actuacións e medidas de prevención no ámbito familiar deberán ter en conta os seguintes criterios:

- a) Fomento da formación das familias no ámbito das adiccións mediante a colaboración coas asociacións de nais e pais e as súas federacións, dada a súa importancia como axentes de saúde.
- b) Potenciación das habilidades educativas e de comunicación no seo familiar para evitar o desenvolvemento de trastornos adictivos en todos os ámbitos e resolver os problemas derivados destes.
- c) De xeito específico, a abordaxe da problemática ocasionada polo uso das tecnoloxías dixitais principalmente co uso das redes sociais e os videoxogos.
- e) Conter mecanismos de coordinación entre os ámbitos sanitario, educativo, social y comunitario.



Artigo 14. *A prevención no ámbito educativo*

Os programas, actuacións e medidas de prevención no ámbito educativo deberán ter en conta no seu deseño os seguintes aspectos:


- a) Promover a implicación do conxunto da comunidade educativa.
- b) Integrar a educación para a saúde como parte do proxecto educativo dos centros docentes, concibido dun xeito transversal. Os centros incluírán nas súas programacións actividades complementarias para o fomento de estilos de vida saudables e de prevención das adiccións.
- c) Realizar actuacións continuadas no tempo e estables, adaptándose a cada nivel educativo.
- d) Conter mecanismos de coordinación e integración das accións das distintas administracións públicas galegas e organizacións implicadas, co obxectivo de desenvolver materiais de apoio para o profesorado e o alumnado, cun alto nivel de calidade.
- e) Recoller o desenvolvemento de programas específicos de formación continuada do persoal docente en materia de adiccións, incluíndo formación sobre técnicas de detección precoz de situacións de risco e programas preventivos específicos para o alumnado de especial vulnerabilidade, así como programas de adestramento en habilidades persoais, sociais e de resistencia á influencia negativa exercida polo grupo de iguais.
- f) Potenciar os programas de formación continuada específicos sobre adiccións para o profesorado universitario que imparte formación nas titulacións pertencentes as ramas sociosanitarias.
- g) Incluír en todos os programas de formación a problemática ocasionada polo uso das tecnoloxías dixitais e, en particular, das redes sociais e os videoxogos.



Artigo 15. *A prevención no ámbito comunitario*

Os programas, actuacións e medidas de prevención no ámbito comunitario deberán ter en conta os seguintes criterios:

- a) Procurar o reforzo das mensaxes e normas da comunidade en contra do consumo de substancias psicoactivas e da realización de determinados comportamentos adictivos en prol da saúde.
- b) Fomentar a educación para a saúde, da que participarán as familias e a mocidade para identificar sinais de alerta, ofrecer pautas á mocidade para que aprenda mecanismos de autorregulación e límites adaptados á idade de maduración dos seus fillos e fillas.
- c) Favorecer o desenvolvemento de actividades comunitarias e/ou grupais relacionadas coa educación familiar temperá, previa a aparición de condutas de risco, con recomendacións xerais que reforcen os factores de protección.
- d) Fomentar o traballo de proximidade, entendendo este como a actividade orientada cara á comunidade e emprendida para tomar contacto con persoas ou subpoboacións de especial risco, ás cales normalmente non chegan as canles tradicionais de fomento de estilos de vida saudables; así como o establecemento de redes de cooperación entre os organismos que o realicen con outros contextos onde haxa programas de prevención de trastornos adictivos.
- e) Promover a capacitación de persoas que actúen como mediadoras sociais.
- f) Realizar campañas de información e sensibilización como reforzo doutras accións e iniciativas en relación cos medios de comunicación social.
- g) Fomentar a implicación dos concellos e o seu papel nas accións de ámbito comunitario.
- h) Potenciar entre as diferentes administracións públicas galegas unha política global de alternativas ao consumo de substancias psicoactivas e determinadas condutas adictivas, como o uso problemático das redes sociais e os videoxogos por persoas menores de idade, actuando nos ámbitos cultural, deportivo e social e



impulsando servizos socioculturais, actividades de lecer e tempo libre e promoción do deporte. Para iso estableceranse canles de diálogo e participación coa comunidade destinataria, coas entidades e asociacións deportivas e culturais e cos restantes axentes implicados, co fin de determinar as actuacións que se van desenvolver e construír unha cultura de lecer alternativa adaptada á demanda e necesidades reais.

i) Tanto os concellos como as institucións educativas deben promover a realización de actividades deportivas continuadas no tempo, preferentemente supervisadas polas correspondentes entidades deportivas da Administración autonómica con competencias no ámbito deportivo. Estas actividades deben de empezar na educación primaria con vistas a manterse tamén na educación secundaria.

j) Establecer accións para combater actitudes favorables ou tolerantes cara ao consumo de substancias psicoactivas e as adiccións sen substancia como o uso problemático das redes sociais e os videoxogos e incrementar a percepción de risco na poboación.

k) Potenciar os programas de formación continuada específicos en materia de adiccións, con especial referencia ao consumo de substancias psicoactivas, e ao uso problemático das redes sociais e os videoxogos para os profesionais dos corpos e forzas de seguridade.

l) Incluír estratexias preventivas de diminución do dano dentro dos programas de lecer saudable ou alternativo.

m) Promover o asociacionismo coa finalidade de promoción da saúde desde o ámbito educativo, sanitario, social ou cultural.



Artigo 16. *A prevención no ámbito sanitario*

Os programas, actuacións e medidas de prevención no ámbito sanitario, deberán contemplarse na carteira de servizos e, en todo caso, nos plans locais de saúde que se desenvolvan dende a Atención Primaria, tendo en conta os seguintes criterios:


- a) Os programas de saúde das persoas menores de idade, a partir de 12 anos, incorporarán intervencións preventivas de cribado e intervención do consumo de alcohol, tabaco, cánnabis, bebidas enerxéticas e o uso problemático das tecnoloxías dixitais.
- b) Na intervención pediátrica deberase aumentar a percepción do risco en familias e adolescentes, aconsellar sobre como evitar o consumo de substancias psicoactivas e a exposición pasiva ao fume ambiental do tabaco e mobilizar á familia sobre a súa co-responsabilidade na prevención do consumo de alcohol, tabaco, cannabis, bebidas enerxéticas e o uso problemático das tecnoloxías dixitais.
- c) Nos plans de formación continuada dirixidos aos/ás profesionais de atención primaria incluíranse as recomendacións mais recentes en relación co uso de pantallas e dispositivos conectados, e técnicas de consello, intervención e entrevista motivacional breve.
- d) No caso de que o/a profesional de pediatría considere que o/a paciente ten un problema relacionado co consumo de substancias psicoactivas, o xogo ou co uso de internet e das TIC que deba ser tratado cunha intervención específica, poderá derivalo aos recursos asistenciais da rede galega de atención á saúde mental.
- e) Estes recursos asistenciais avaliarán o caso e implantarán un plan terapéutico individualizado para tratar o problema que motiva a interconsulta. Entre as actuacións que se levarán a cabo inclúese a educación sanitaria, a indicación e o control de tratamentos farmacolóxicos e as psicoterapias individuais e de grupo.





Artigo 17. *A prevención no ámbito da hostalería e restauración*

1. As actuacións no ámbito da hostalería e restauración terán como obxectivo formar aos profesionais deste sector en aspectos específicos da prevención do consumo de substancias psicoactivas, con especial atención ás bebidas alcohólicas, por parte das persoas menores de idade, así como na lexislación vixente sobre esta materia.
2. O órgano directivo competente en materia de saúde pública da consellería competente en materia de sanidade, en colaboración e coordinación con aqueles outros departamentos con competencias en materias afectadas por esta lei, fomentará a existencia dunha formación homoxénea para toda a Comunidade Autónoma impartida por persoal técnico experto na materia, procurando a colaboración das asociacións profesionais do sector da hostalería.
3. Así mesmo, no ámbito da formación regrada dos e das profesionais da hostalería, procurarase que nos currículos formativos se integre a formación sobre a prevención do consumo de substancias psicoactivas, no marco das competencias da Comunidade Autónoma e de acordo coa lexislación básica estatal.




Artigo 18. *Formación no ámbito da hostalería e restauración*

As persoas titulares dos establecementos de hostalería e restauración garantirán a formación das persoas que traballen nestes establecementos sobre a normativa aplicable aos mesmos en materia de consumo de substancias psicoactivas por parte das persoas menores de idade, incluíndo a actuación a desenvolver fronte ás persoas que presenten síntomas de embriaguez.

A consellería competente en materia de sanidade promoverá a celebración de xornadas formativas dirixidas co contido indicado coa finalidade de facilitar o cumprimento da obriga establecida neste artigo.

A consellería competente en materia de saúde pública organizará a formación gratuíta para facilitar o cumprimento deste artigo.



Artigo 19. *Ámbito de intervención en colectivos de especial vulnerabilidade*

Os programas, actuacións e medidas de prevención no ámbito dos colectivos especialmente vulnerables deberán ter en conta os seguintes criterios:

- a) No ámbito familiar: darase prioridade ao traballo preventivo coas familias nas que existan persoas menores de idade consideradas de especial vulnerabilidade.
- b) No ámbito escolar: realizaranse intervencións intensivas sobre grupos especialmente vulnerables.
- c) No ámbito comunitario: desde os servizos sociais dos concellos priorizarase a realización de actividades preventivas cos colectivos socialmente máis vulnerables, con especial atención á perspectiva de xénero.
- d) No ámbito sanitario: realizaranse actuacións preventivas e intervencións intensivas sobre os grupos de especial vulnerabilidade como os centros de protección de menores, programas de preservación familiar ou centros de cumprimento de medidas xudiciais de persoas menores de idade.



TÍTULO II

Control da oferta


CAPÍTULO I

Limitacións aplicables ás bebidas alcohólicas e do acceso a determinados lugares e establecementos

Sección 1ª. Limitacións á publicidade, promoción e patrocinio de bebidas alcohólicas

Artigo 20. Restricións á publicidade, promoción e patrocinio de bebidas alcohólicas

1. Prohíbese calquera forma directa, indirecta ou encuberta de publicidade, promoción ou patrocinio de bebidas alcohólicas dirixida ás persoas menores de idade.
2. Queda prohibida toda clase de publicidade de bebidas alcohólicas nos seguintes lugares:
 - a) Centros sanitarios.
 - b) Centros docentes.
 - c) Centros de acollida, de protección e de cumprimento de medidas xudiciais de persoas menores de idade.
 - d) Centros de ocio infantil, parques multilecer ou outros centros de ocio e recreo dirixidos a persoas menores de idade.
 - e) Centros ou establecementos que realizan actividades dirixidas a persoas menores de idade.
 - f) Recintos ou locais destinados a espectáculos públicos, actividades recreativas ou nos que se realicen competicións ou actividades deportivas cando estean dirixidas a persoas menores de idade.
 - g) Na vía pública nunha área de 200 metros ao redor dos centros docentes, dos centros de acollida, de protección e de cumprimento de medidas xudiciais de



persoas menores de idade. A consellería competente en materia de saúde pública publicará na súa web unha relación actualizada de centros aos que se refire este apartado.

3. Así mesmo, queda prohibida toda clase de publicidade de bebidas alcohólicas realizada a través dos seguintes medios:


a) Publicacións de libros, revistas, folletos ou calquera outro impreso ou formato dixital editados en Galicia e dirixidos a persoas menores de idade.

b) Cubertas exteriores, na portada e na contraportada de libros, revistas, folletos ou calquera outro impreso editados ou distribuídos en Galicia dirixidos a persoas menores de idade.

c) Nos folletos, editados ou distribuídos en Galicia, non dirixidos a menores pero que inclúan produtos destinados a persoas menores de idade que conteñan no seu interior promocións ou ofertas de bebidas alcohólicas para a súa venda en establecementos comerciais e de alimentación localizados en Galicia, estas deberán situarse en páxinas separadas das destinadas a produtos para persoas menores de idade e incorporarán un código QR que remita a unha páxina web da consellería competente en materia de saúde pública con mensaxes informativas e preventivas sobre o consumo de alcohol, ou, no seu defecto, un texto coas mensaxes informativas e preventivas sobre o consumo de alcohol

4. Nas actividades de promoción e/ou patrocinio non poderán ofrecerse bebidas alcohólicas a persoas menores de idade nin poderán entregarse a estas bens ou servizos relacionados con bebidas alcohólicas ou que leven marcas, símbolos ou distintivos que poidan identificar unha bebida alcohólica.

5. Prohíbese a promoción de bebidas alcohólicas en establecementos onde estea autorizado o consumo no propio local, mediante prácticas que inciten ao consumo excesivo ou descontrolado.



*Artigo 21. Acordos en materia de autolimitación da publicidade de bebidas
alcohólicas*


A Administración autonómica promoverá a formalización de acordos de autocontrol e autolimitación da publicidade de bebidas alcohólicas no ámbito das empresas, produtores ou as súas asociacións, distribuidoras dos ditos produtos, así como cos anunciantes, axencias e medios de publicidade que operen no seu territorio, co fin de lograr os obxectivos desta lei.



Artigo 22. *Criterios sobre publicidade, promoción e patrocinio de bebidas alcohólicas*

A publicidade, a promoción e o patrocinio de bebidas alcohólicas rexeráse polos seguintes criterios:


- a) Non se pode asociar o consumo de bebidas alcohólicas con comportamentos que expresen melloras no rendemento físico, laboral ou con beneficios para a saúde, propiedades terapéuticas, efectos sedantes ou estimulantes, nin coa condución de vehículos, manexo de armas ou obxectos perigosos nin, en termos xerais, con actividades de risco.
- b) Non se pode asociar o consumo de bebidas alcohólicas con comportamentos que expresen éxito social, profesional ou sexual, nin con situacións de poder ou prevalencia.
- c) Non se permite relacionar o consumo de bebidas alcohólicas co rendemento na práctica do deporte nin con actividades educativas ou sanitarias.
- d) Non se poderán utilizar argumentos, estilos, tipografías ou deseños asociados á cultura das persoas menores de idade.
- e) Non se poderá utilizar a imaxe ou a voz de persoas menores de idade, ou que aparenten selo, ou personaxes animados, así como tampouco de persoas ou personaxes de proxección pública que sexan un referente para a infancia e a adolescencia.
- f) Non se poderá utilizar ningunha estratexia de publicidade indirecta ou subliminar coa intención de eludir as limitacións establecidas nesta lei.



Artigo 23. Actividades de colaboración coas industrias relacionadas coas materias reguladas nesta lei

A organización de actividades en centros docentes, públicos e privados, ou con organizacións infantís e xuvenís desenvolvida por empresas relacionadas directamente coa produción, distribución, venda ou subministración de bebidas alcohólicas, así como por calquera outra institución, entidade ou fundación vinculada coas primeiras ou maioritariamente financiada por elas, deberá de estar autorizada polo órgano competente en materia de saúde pública.

A estes efectos, a persoa titular da entidade interesada dirixirá unha solicitude a este órgano, cunha antelación mínima dun mes á realización da actividade, a efectos de comprobar previamente que no contido destas actividades, colaboracións, acordos ou convenios non se introduce, de forma directa ou indirecta, ningún tipo de nesgo ou publicidade en favor do consumo de bebidas alcohólicas, aínda baixo as fórmulas de consumo moderado ou responsable, ou que non respecte os criterios establecidos no artigo 22.



Artigo 24. Prohibición do emprego de imaxes con distintivos de bebidas alcohólicas

Queda prohibida a exhibición de calquera imaxe con distintivos de bebidas alcohólicas, incluída a cartellaría de promoción e publicidade nas actividades musicais, deportivas, educativas, recreativas, así como nos espectáculos públicos ou calquera outro tipo de evento dirixidos a persoas menores de idade.



Sección 2ª. Limitacións á venda, subministración e transporte de bebidas alcohólicas

Artigo 25. Limitacións á venda, subministración e transporte de bebidas alcohólicas

1. Queda prohibida a venda e subministración de bebidas alcohólicas a persoas menores de idade. As persoas titulares e empregadas dos establecementos, así como calquera outra persoa que interveña na venda ou subministración de bebidas alcohólicas, esixirán a todas as persoas compradoras, salvo que sexa evidente que son maiores de idade, acreditar a dita idade mediante documento de valor oficial.
2. Para os efectos do regulado nesta lei, incorrerán en responsabilidade as persoas maiores de idade que induzan a persoas menores de idade ao consumo de bebidas alcohólicas, así como que lles vendan ou subministren bebidas alcohólicas ou que as compren para elas.
3. Para os efectos deste artigo non será causa de exoneración de responsabilidade para as persoas subministradoras ou vendedoras a autorización escrita ou o consentimento de venda, subministración ou consumo de bebidas alcohólicas outorgado por pais, nais, titores/as ou gardadores/as legais ou de feito ás persoas menores de idade.
4. Queda prohibida, a venda e subministración de bebidas alcohólicas nos seguintes lugares:
 - a) Centros sanitarios.
 - b) Centros docentes.
 - c) Centros de acollida, de protección e de cumprimento de medidas xudiciais de persoas menores de idade.
 - d) Centros de ocio infantil, parques multilecer ou outros centros de ocio e recreo dirixidos a persoas menores de idade.
 - e) En todos aqueles centros que realizan actividades dirixidas a persoas menores de idade



f) Recintos ou locais destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas durante as actividades dirixidas a persoas menores de idade.


g) Recintos nos que se realicen competicións ou actividades deportivas.

5. Queda prohibida a venda e subministración de bebidas alcohólicas no horario nocturno definido no artigo 4.g).

Queda excluída desta prohibición a venda a distancia cando o seu obxecto sexa a entrega de pedidos de restauración, así como a venda para o consumo exclusivamente no interior dos propios establecementos habilitados, a venda para a distribución a profesionais, a venda nos mercados de abastos nos seus horarios habilitados, a venda ambulante nos días de festas patronais ou similares, sempre que se dispoña do título oportuno que habilite para elo de acordo coa normativa aplicable.

6. Queda prohibido o transporte, a tenencia ou a posesión de bebidas alcohólicas por persoas menores de idade, salvo cando se realice por motivos laborais.

7. Queda prohibida a venda de bebidas alcohólicas en máquinas expendedoras salvo naqueles supostos nos que se garanta a existencia dun control efectivo do cumprimento da prohibición de venda destas ás persoas menores de idade, conforme ao disposto no art. 25.1.



Artigo 26. *Información sobre as limitacións*

1. En todos os establecementos, sexan ou non permanentes, nos que se vendan ou subministren bebidas alcohólicas, informárase das prohibicións especificadas no número 1 dos artigos 25, 28 e 29. Esta información realizarase mediante anuncios ou carteis de carácter permanente, fixados de xeito visible, en galego e castelán. As características destas sinalizacións cumprirán os requisitos e condicións que se establezan por parte da consellería competente en materia de saúde pública.

2. As persoas titulares dos establecementos recollidos no número 1 adoptarán as medidas necesarias de control para evitar a venda de bebidas alcohólicas a persoas menores de idade, das que deberán informar ás persoas traballadoras por escrito.



*Sección 3ª. Limitacións ao consumo de bebidas alcohólicas e ao acceso a
determinados lugares e establecementos*

Artigo 27. Limitacións ao consumo de bebidas alcohólicas

1. Queda prohibido o consumo de bebidas alcohólicas por persoas menores de idade.
2. Queda prohibido o consumo de bebidas alcohólicas nos seguintes lugares:
 - a) Centros sanitarios
 - b) Centros docentes.
 - c) Recintos nos que se realicen competicións ou actividades deportivas.
 - d) Centros de acollida, de protección e de cumprimento de medidas xudiciais de persoas menores de idade.
 - e) Centros de ocio infantil, parques multilecer ou outros centros de ocio e recreo dirixidos a persoas menores de idade.
 - f) Centros ou establecementos que realizan actividades dirixidas a persoas menores de idade.
 - g) Recintos ou locais destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas durante as actividades dirixidas a persoas menores de idade.
 - h) Na vía pública, salvo en terrazas ou espazos habilitados como tales.
 - i) Prohíbense as actividades de botellón, entendidas como tales o consumo en grupo de bebidas alcohólicas na vía pública, parques e prazas públicas e noutros lugares de tránsito público.



Artigo 28. *Limitacións ao acceso de persoas menores de idade a lugares vinculados coa produción de bebidas alcohólicas.*


1. Queda prohibido o acceso e as visitas de persoas menores de idade aos centros de produción de bebidas alcohólicas.
2. Exceptúanse desta prohibición as visitas de persoas menores de idade sempre e cando vaian acompañadas de nais/pais, titores/as, gardadores/as legais ou persoas autorizadas por eles. Durante a visita deberase informar acerca dos efectos nocivos ou prexudiciais do consumo de bebidas alcohólicas sobre a saúde das persoas, e estará prohibido subministrar estas bebidas ás persoas menores de idade, os cales tampouco poderán participar en ningún tipo de actividade na que se utilicen bebidas alcohólicas. Así mesmo, non se lles poderá entregar artigos ou "merchandising" relacionados con bebidas alcohólicas ou que leven marcas, símbolos ou distintivos que poidan identificar unha bebida alcohólica.



Artigo 29. Limitacións ao acceso de persoas menores de idade a establecementos de lecer e entretemento

1. Queda prohibido o acceso das persoas menores de 16 anos aos establecementos de lecer e entretemento definidos no artigo 4.f), así como aos espazos destinados a espectáculos musicais agás que estean acompañadas do seu pai, nai, titor/a ou gardador/a legal.

2. Excepcionalmente, os establecementos previstos no número 1 poderán realizar sesións especiais destinadas a persoas maiores de 14 anos, sempre que contén co título habilitante correspondente e coa prohibición, durante o desenvolvemento da sesión, da exhibición, publicidade, venda e consumo de bebidas alcohólicas.






CAPÍTULO II

Limitacións aplicables aos produtos de tabaco e/ou produtos relacionados co tabaco

Artigo 30. *Limitacións á publicidade*

A emisión nos medios de comunicación de titularidade autonómica de cine ou series televisivas que conteñan imaxes relacionadas co tabaco e/ou produtos relacionados co tabaco deberá conter unha mensaxe expresa previa á súa emisión sobre os efectos nocivos e prexudiciais para a saúde do consumo de tales substancias.



Artigo 31. Limitacións á venda e subministración

1. Prohíbese vender ou entregar ás persoas menores de idade, produtos do tabaco e produtos relacionados co tabaco, de conformidade coas definicións do artigo 4, así como calquera outro produto que imite e induza a fumar ou simule a conduta de fumar.
2. Prohíbese a tenza ou transporte por persoas menores de idade de produtos de tabaco e produtos relacionados co tabaco, salvo cando se realice por motivos laborais.
3. En todos os establecementos nos que estea autorizada a venda e subministración de produtos do tabaco e produtos relacionados co tabaco, instalaranse en lugar visible carteis que, de acordo coas características que se sinalen por parte da consellería competente en materia de saúde pública, informen, en galego e castelán, da prohibición de venda e subministración de produtos de tabaco e produtos relacionados co tabaco ás persoas menores de idade, e advirtan sobre os prexuízos para a saúde derivados do seu uso. Nestes establecementos esixirase a todas as persoas compradoras, salvo que sexa evidente que son maiores de idade, acreditar a dita idade mediante documento de valor oficial.



Artigo 32. *Limitacións ao consumo*

1. Prohíbese ás persoas menores de idade o consumo en calquera lugar ou espazo, de produtos do tabaco e produtos relacionados co tabaco, de conformidade coas definicións do artigo 4, así como calquera outro produto que os imite, induza a fumar ou simule a conduta de fumar.

2. Queda prohibido, ademais de nos lugares e espazos recollidos no artigo 7 da Lei 28/2005, de 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos de tabaco, o consumo de produtos de tabaco e produtos relacionados co tabaco nos seguintes:

a) Centros e dependencias das Administracións públicas e entidades de dereito público, incluíndo tanto os espazos interiores como exteriores.

b) Marquesiñas de calquera transporte público.

c) Piscinas de uso público.

d) Nun radio de 50 metros nas zonas de acceso aos seguintes lugares:

1º. Centros e dependencias das Administracións públicas e entidades de dereito público

2º. Centros docentes e formativos, salvo nos espazos ao aire libre dos centros universitarios e dos exclusivamente adicados á formación de adultos, sempre que non sexan accesos inmediatos aos edificios ou beirarrúas circundantes.

3º. Centros, servizos ou establecementos sanitarios. Esta prohibición non será aplicable nos espazos exteriores que formen parte da vía pública agás que estean reservados para uso sanitario ou institucional, estean expresamente sinalizados como espazo libre de fume e/ou se trate de zonas cedidas ou utilizadas polo propio centro para fins asistenciais.



CAPÍTULO III

Limitacións aplicables ao cannabis, produtos, compoñentes ou derivados deste


Artigo 33. Limitacións á publicidade e patrocinio

1. A emisión nos medios de comunicación de titularidade autonómica de cine ou series televisivas que conteñan imaxes relacionadas co cannabis ou produtos, compoñentes ou derivados do mesmo deberán conter unha mensaxe expresa previa á súa emisión sobre os efectos nocivos e prexudiciais para a saúde do consumo de tales substancias.
2. Queda prohibido o patrocinio e a publicidade da planta "cannabis sativa" en medios e soportes aos que poidan ter acceso ás persoas menores de idade.
3. Prohíbese asociar o consumo de cannabis con comportamentos que expresen melloras no rendemento físico, laboral ou con beneficios para a saúde, propiedades terapéuticas, efectos sedantes ou estimulantes, nin coa condución de vehículos, manexo de armas ou obxectos perigosos nin, en termos xerais, con actividades de risco.
4. As tendas que vendan calquera produto relacionado co cannabis ou co seu consumo non poderán expoñer no seu escaparate ou dirixir ningunha imaxe ao exterior da planta "cannabis sativa" ou calquera produto, compoñente ou derivado desta.
5. Prohíbese regalar ou vender calquera tipo de merchandising coa imaxe identificativa do cannabis á poboación menor de idade.



Artigo 34. *Limitacións ao acceso a determinados establecementos*

1. Prohíbese o acceso ás persoas menores de idade aos lugares ou establecementos vinculados coa produción, distribución ou consumo de cannabis e produtos derivados, incluído o cannabidiol (en adiante, CBD).
2. Así mesmo, prohíbese o acceso ás persoas menores de idade ás tendas onde se vendan sementes, plantas de "cannabis sativa" ou calquera outro produto relacionado, incluído o CBD.



CAPÍTULO IV

Limitacións aplicables ás bebidas enerxéticas*Artigo 35. Publicidade, promoción e patrocinio de bebidas enerxéticas*

1. Prohíbese calquera forma directa, indirecta ou encuberta de publicidade, promoción ou patrocinio de bebidas enerxéticas dirixida ás persoas menores de idade.

2. Queda prohibida toda clase de publicidade de bebidas enerxéticas nos seguintes lugares e medios:

- a) Centros sanitarios.
- b) Centros docentes.
- c) Centros de acollida, de protección e de cumprimento de medidas xudiciais de persoas menores de idade.
- d) Centros de ocio infantil, parques multilecer ou outros centros de ocio e recreo dirixidos a persoas menores de idade.
- e) Centros ou establecementos que realizan actividades dirixidas a persoas menores de idade.
- f) Recintos ou locais destinados a espectáculos públicos, actividades recreativas ou nos que se realicen competicións ou actividades deportivas cando estean dirixidas a persoas menores de idade.
- g) Na vía pública nunha área de 200 metros ao redor dos centros docentes, dos centros de acollida, de protección e de cumprimento de medidas xudiciais de persoas menores de idade. A consellería competente en materia de saúde pública publicará na súa web unha relación actualizada de centros aos que se refire este apartado.

3. Así mesmo, queda prohibida toda clase de publicidade de bebidas enerxéticas realizada a través dos seguintes medios:




a) Publicacións de libros, revistas, folletos ou calquera outro impreso editados en Galicia dirixidos a persoas menores de idade.

b) Cubertas exteriores, portada e contraportada de libros, revistas, folletos ou calquera outro impreso editados ou distribuídos en Galicia dirixidos a persoas menores de idade.

c) Nos folletos, editados ou distribuídos en Galicia, non dirixidos a menores pero que inclúan produtos destinados a persoas menores de idade que conteñan no seu interior promocións ou ofertas de bebidas enerxéticas para a súa venda en establecementos comerciais e de alimentación localizados en Galicia, estas deberán situarse en páxinas separadas das destinadas a produtos para persoas menores de idade e incorporarán un código QR que remita a unha páxina web da consellería competente en materia de saúde pública con mensaxes informativas e preventivas sobre o consumo de bebidas enerxéticas, ou, no seu defecto, un texto coas mensaxes informativas e preventivas sobre o consumo de bebidas enerxéticas.


4. Prohíbese a promoción de bebidas enerxéticas, en establecementos onde estea autorizado o consumo no propio local, mediante prácticas que inciten ao consumo excesivo ou descontrolado.

5. Prohíbese que calquera bebida enerxética patrocine eventos dirixidos a persoas menores. No resto de actividades de patrocinio non poderán ofrecerse bebidas enerxéticas a persoas menores de idade nin poderán entregarse bens ou servizos relacionados con bebidas enerxéticas ou que leven marcas, símbolos ou distintivos que poidan identificar unha bebida enerxética.



Artigo 36. *Acordos en materia de autolimitación da publicidade de bebidas enerxéticas*

A Administración autonómica promoverá a formalización de acordos de autocontrol e autolimitación da publicidade de bebidas enerxéticas no ámbito das empresas, produtores ou as súas asociacións, distribuidoras dos ditos produtos, así como cos anunciantes, axencias e medios de publicidade que operen no seu territorio, co fin de lograr os obxectivos desta lei.



Artigo 37. Limitacións ao consumo, venda, subministración e transporte das bebidas enerxéticas


1. Queda prohibido o consumo, o transporte, a tenencia ou a posesión de bebidas enerxéticas por persoas menores de idade, salvo cando o transporte, a tenencia ou a posesión sexan por motivos laborais.
2. Queda prohibida a venda e subministración de bebidas enerxéticas a persoas menores de idade. As persoas titulares e empregadas dos establecementos, así como calquera outra persoa que interveña na venda ou subministración de bebidas enerxéticas, esixirán a todas as persoas compradoras, salvo que sexa evidente que son maiores de idade, acreditar a dita idade mediante documento de valor oficial.
3. Queda prohibida a venda ou subministración de bebidas enerxéticas nos seguintes lugares:
 - a) Centros sanitarios.
 - b) Centros docentes.
 - c) Centros de acollida, de protección e de cumprimento de medidas xudiciais de persoas menores de idade.
 - d) Centros de ocio infantil, parques multilecer ou outros centros de ocio e recreo dirixidos a persoas menores de idade.
 - e) En todos aqueles centros que realizan actividades dirixidas a persoas menores de idade
 - f) Recintos ou locais destinados a espectáculos públicos, actividades recreativas ou nos que se realicen competicións ou actividades deportivas cando estean dirixidas a persoas menores de idade.
4. Para os efectos do regulado nesta lei, incorrerán en responsabilidade as persoas maiores de idade que induzan a persoas menores de idade ao consumo de bebidas enerxéticas, así como que lles vendan ou subministren bebidas enerxéticas ou que as compren para elas.



5. Para os efectos deste artigo non será causa de exoneración de responsabilidade ás persoas subministradoras ou vendedoras a autorización escrita ou o consentimento de venda, subministración ou consumo de bebidas enerxéticas outorgado por pais, nais, titores/as ou gardadores/as legais ou de feito ás persoas menores de idade.

6. Nos establecementos comerciais onde se vendan bebidas enerxéticas pero non estea permitido consumilas, habilitaranse espazos claramente diferenciados para a localización destas bebidas. Asi mesmo, deberán de estar separadas dos refrescos.

7. En todos os establecementos nos que estea autorizada a venda e subministración de bebidas enerxéticas, instalaranse en lugar visible carteis que, de acordo coas características que se determinen regulamentariamente por parte da consellería competente en materia de saúde pública, informen, en galego e castelán, da prohibición de venda e subministración de bebidas enerxéticas ás persoas menores de idade, e advirtan sobre os prexuízos para a saúde derivados do seu uso. Nestes establecementos esixirase a todas as persoas compradoras, salvo que sexa evidente que son maiores de idade, acreditar a dita idade mediante documento de valor oficial.




CAPÍTULO V

Adicións sen substancia

Artigo 38. *Condicións relativas á venda de videoxogos*

1. Os establecementos de venda deberán organizar os espazos separando de maneira clara e diferenciada os produtos en función da idade recomendada de cada videoxogo.
2. En todos os establecementos nos que estea autorizada a venda de videoxogos, instalaranse en lugar visible carteis que, de acordo coas características que se determinen regulamentariamente por parte da consellería competente en materia de saúde pública, informen, en galego e castelán, da existencia de sistemas de clasificación de contidos dos videoxogos.




TÍTULO III

Actuacións sanitarias ante intoxicacións por consumo de substancias psicoactivas

Artigo 39. Actuacións sanitarias ante intoxicacións por consumo de substancias psicoactivas

1. Os servizos sanitarios informarán e solicitarán a presenza dos e das proxenitoras ou das persoas que exerzan a tutoría ou a garda legal, cando atendan a unha persoa menor de idade con motivo dunha intoxicación provocada polo consumo dalgunha substancia psicoactiva nos termos establecidos na normativa vixente en materia de autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica. Así mesmo, proporcionaranlles asesoramento sobre a situación e recursos de axuda, tanto preventivos como asistenciais.
2. Ás persoas menores de idade atendidas por intoxicacións provocadas polo consumo dalgunha substancia psicoactiva realizaráselles unha avaliación integral, implicando aos seus proxenitores, titores/as ou gardadores/as legais. Esta valoración incluírá unha anamnese dirixida á identificación de factores de risco psicosocial e unha avaliación psicopatolóxica que garanta a continuidade da súa atención nos dispositivos sanitarios, de considerarse necesario.
3. No suposto de que unha persoa menor de idade sexa atendida por segunda ou sucesivas ocasións con motivo dunha intoxicación provocada polo consumo dalgunha substancia psicoactiva ofreceráselle a posibilidade da súa incorporación a un programa de axuda, no que se recomendará a participación da persoa adulta responsable, entendendo por tal, o pai, a nai, ou a persoa que exerza a tutoría ou garda legal. Para os efectos desta lei debe terse en conta que respecto dos nenos, nenas e adolescentes con medida de protección os/as gardadores/as legais son a familia acollidora e/ou o/a director/a do centro no que resida a persoa menor.
4. No suposto de sospeita de ser obxecto dun intento de submisión química, con ou sen comisión de actos de violencia de xénero e/ou sexo non consentido,



informarase ás persoas proxenitoras ou persoas que exerzan a tutoría ou a garda legal e proporcionaraselles asesoramento sobre a situación e recursos de axuda.

Para tal efecto, considérase submisión química a administración de substancias psicoactivas a unha persoa sen o seu coñecemento ou consentimento, co obxectivo de alterar o seu estado de conciencia ou anular a súa vontade e facilitar a comisión dun delito.

5. Así mesmo, activaranse os mecanismos para a detección e reparación de posibles situacións de risco, dando traslado aos servizos sociais comunitarios competentes para avaliar estas situacións, que adoptarán as medidas necesarias para a protección da persoa menor de idade.



TÍTULO IV

Sistemas de información

Artigo 40. *Sistema de información sobre o consumo de substancias psicoactivas*

1. A consellería competente en materia de saúde pública establecerá un sistema de información sobre o consumo de substancias psicoactivas, que deberá estar integrado no sistema de información de saúde de Galicia definido no artigo 71 da Lei 8/2008, do 10 de xullo.

2. A xestión do sistema de información sobre o consumo de substancias psicoactivas corresponderalle ao órgano directivo competente en materia de saúde pública, co apoio dos departamentos territoriais da consellería competente.


3. O sistema de información sobre o consumo de substancias psicoactivas terá como finalidades:

a) Recadar, procesar, analizar e difundir información sobre os factores de risco e de protección, sobre a incidencia e prevalencia do consumo, sobre o seguimento e control da aparición de novas substancias, sobre as actuacións en materia de prevención e sobre os centros e programas dispoñibles, así como información relativa aos incumprimentos dos preceptos desta lei.

b) Servir para a definición daqueles indicadores que permitan a avaliación continuada das iniciativas e programas emprendidos en relación coa prevención das adiccións, tendo en conta as recomendacións internacionais.

c) Definir e recoller aquela información que permita coñecer, estudar e avaliar a situación epidemiolóxica do consumo de substancias psicoactivas e os progresos e avances na consecución dos obxectivos marcados por esta lei.

d) En cumprimento da lexislación vixente en materia de igualdade efectiva entre mulleres e homes, recoller a información necesaria que permita, no ámbito desta lei, a educación diferenciada sobre os riscos, as características e as necesidades de mulleres e homes, así como a formación contra a discriminación das mulleres.



e) Facilitar o intercambio de información relevante para a toma de decisións entre as distintas organizacións implicadas no desenvolvemento e a aplicación desta lei.

f) Todas aquelas outras funcións que se establezan regulamentariamente.

4. Os órganos da administración local competentes para instruír e resolver os expedientes sancionadores pola comisión de infraccións previstas nestas lei deberán informar semestralmente aos departamentos territoriais correspondentes da consellería competente en materia de saúde pública e vía rexistro electrónico, das inspeccións realizadas, as denuncias presentadas e os expedientes sancionadores incoados. Esta información incluírá, de cara á correcta aplicación dos criterios de reincidencia e de reiteración na tipificación das infraccións, os feitos que se imputen, as infraccións que tales feitos constitúan e as sancións impostas, ou a súa substitución no seu caso, así como a data da firmeza da resolución sancionadora.


5. A consellería competente en materia de saúde pública habilitará un espazo específico na súa páxina web corporativa co fin de facilitar as denuncias por parte da poboación de aquelas entidades, centros, locais, establecementos ou actividades nos que se cometa calquera das infraccións especificadas nesta lei.

6. O tratamento de datos persoais respectará o establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) así como pola Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente na materia.



Artigo 41. Medidas de información no ámbito sanitario

1. A información da intervención asistencial en relación co consumo de substancias psicoactivas deberá estar dispoñible nos sistemas de información do Sistema Galego de Saúde, para o seguimento do ou da paciente.
2. A través dos sistemas de información xestionados polo órgano directivo competente en materia de saúde pública, incluíranse preguntas para coñecer a incidencia e a prevalencia do consumo de substancias psicoactivas e das adiccións sen substancia.
3. A información derivada do seguimento da normativa sobre os produtos afectados por esta lei recollerase nos correspondentes plans anuais de inspección, que serán actualizados para incluír os espazos e consumos regulados nesta normativa.



TÍTULO V

Organización institucional

CAPITULO I

Ordenación e coordinación entre Administracións da Comunidade Autónoma de Galicia

Artigo 42. Das competencias da Administración autonómica

1. Corresponde á Administración xeral da Comunidade Autónoma o exercicio das seguintes competencias:

- a) O establecemento da política en materia de prevención de adiccións da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) A planificación e creación de unidades administrativas ou órganos colexiados en materia de prevención das adiccións, así como a determinación da súa organización e réxime de funcionamento.
- c) A elaboración e actualización do Plan en materia de Trastornos Adictivos de Galicia.
- d) O exercicio da potestade sancionadora nos termos previstos nesta lei.
- e) A adopción, en colaboración con outras administracións públicas, de todas aquelas medidas que sexan precisas para asegurar o cumprimento do establecido nesta lei.
- f) A adopción das medidas preventivas dirixidas a asegurar o cumprimento do establecido nesta lei.


2. Dentro da estrutura da Administración xeral da Comunidade Autónoma, corresponde á consellería competente en materia de saúde pública:

- a) A cooperación ou colaboración xeral coas administracións públicas, entidades privadas e institucións nas actuacións en materia de prevención das adiccións.





b) O establecemento e xestión do sistema de información sobre prevención de adiccións.



Artigo 43. *Das competencias dos concellos*

1. Para os efectos do establecido na presente lei, corresponde aos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia exercer no seu ámbito territorial as seguintes competencias:

a) Determinar os criterios que regulen a localización e requisitos que deberán reunir os establecementos onde se subministren, vendan, dispensen ou consuman bebidas alcohólicas así como a vixilancia e control dos mesmos.

b) Determinar os criterios e condicións de autorización de consumo de bebidas alcohólicas por persoas adultas nos espazos de dominio público que se atopen no seu ámbito territorial, así como proceder á sinatura de acordos con outras administracións para o cumprimento dos ditos criterios e condicións nos espazos de dominio público baixo a súa competencia.

c) Velar, no marco das súas competencias, polo cumprimento das diferentes medidas de control que establece esta lei, especialmente nas dependencias municipais.

d) Intervir desde os servizos sociais comunitarios nas situacións de risco para os nenos, nenas e adolescentes derivadas da materia regulada nesta norma.

e) Exercer a potestade sancionadora nos termos previstos nesta lei.

f) Adoptar as medidas preventivas dirixidas a asegurar o cumprimento do establecido nesta lei.

2. Ademais das sinaladas no número anterior, os concellos de máis de 20.000 habitantes terán as seguintes competencias e responsabilidades mínimas:


a) Elaborar, desenvolver e executar os obxectivos, accións e indicadores relacionados coa prevención de adiccións nos Plans Locais de Saúde correspondentes e, en xeral, os programas e actuacións nesta materia que se desenvolvan exclusivamente no seu ámbito, de acordo co establecido nesta lei e no Plan vixente en materia de trastornos adictivos de Galicia.





b) Elaborar e aprobar os plans correspondentes en materia de inspección e sancións.

c) Fomentar a participación social e apoiar ás institucións sen ánimo de lucro que desenvolvan no municipio actuacións previstas no correspondente plan local de saúde.






CAPITULO II

Órganos de coordinación e consulta en materia de adiccións

Comisión en materia de prevención das adiccións das persoas menores de idade en Galicia

Artigo 44. Creación da Comisión en materia de prevención das adiccións das persoas menores de idade en Galicia

1. Créase a Comisión en materia de prevención das adiccións das persoas menores de idade en Galicia como órgano colexiado para o estudo, coordinación e asesoramento en materia da prevención das adiccións en persoas menores de idade en Galicia.
2. Esta comisión, que estará adscrita ao órgano directivo competente en materia de saúde pública, rexerase polo disposto na lexislación básica en materia de réxime xurídico do sector público, na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, nesta lei e no seu regulamento de réxime interior.




Artigo 45. *Composición e funcionamento*

1. A Comisión en materia de prevención das adicciós das persoas menores de idade en Galicia estará composta por unha presidencia, unha vicepresidencia e seis vogalías, nomeadas pola persoa titular da consellería con competencias en materia de saúde pública.
2. A presidencia corresponderá á persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de saúde pública.
3. A vicepresidencia corresponderá á persoa titular do órgano administrativo, con nivel de subdirección xeral, que teña atribuídas as competencias en materia de estilos de vida saudable.
4. As vogalías estarán formadas por:
 - a) Unha persoa en representación da consellería con competencias en materia de sanidade.
 - b) Unha persoa en representación da consellería con competencias en materia de educación.
 - c) Unha persoa en representación da consellería con competencias en materia de xuventude e protección da infancia.
 - d) Unha persoa en representación da consellería con competencias en materia de xogo
 - e) Unha persoa en representación das Administracións locais galegas.
 - f) Un representante das organizacións do terceiro sector que realizan o seu labor no ámbito da prevención das adicciós.
5. A secretaría desta comisión será exercida por un/ha empregado/a público/a da consellería con competencias en materia de saúde pública, designado pola comisión, que actuará con voz e sen voto.





6. A composición desta comisión respectará o principio de composición equilibrada de mulleres e homes nos termos establecidos na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia.



Artigo 46. *Funcións*

Correspóndenlle a este órgano as seguintes funcións:

- a) A análise da situación das adiccións na Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) A colaboración na definición das liñas de actuación prioritarias na prevención das adiccións en Galicia.
- c) A promoción de medidas de coordinación das diferentes administracións públicas e organizacións que participan na prevención das adiccións en Galicia.
- d) A promoción de medidas de colaboración entre os sistemas educativo, sanitario e de protección social no ámbito da prevención das condutas adictivas.
- e) Todas aquelas outras funcións que se establezan regulamentariamente.




CAPITULO III

Iniciativa social

Artigo 47. *Organizacións non gobernamentais e entidades sociais*

1. A Administración autonómica fomentará e apoiará as iniciativas sociais e a colaboración coas organizacións non gobernamentais e entidades sociais, considerando o seu importante papel nesta materia.
2. Serán ámbitos preferentes de actuación das organizacións non gobernamentais e entidades sociais:
 - a) A concienciación social acerca da problemática xerada polas adiccións.
 - b) A prevención no ámbito educativo, familiar, social e comunitario.



TÍTULO VI

A inspección

Artigo 48. *Inspección*


1. A Administración autonómica e local exercerán funcións de inspección e control do cumprimento do disposto nesta lei no eido das súas respectivas competencias. O persoal ao servizo destas administracións que desenvolva actividades de inspección terá a condición de autoridade sanitaria no desempeño das súas funcións e para os efectos da presente lei.

En exercicio das súas funcións, as autoridades sanitarias e os seus axentes poderán solicitar o apoio e a cooperación doutros funcionarios públicos e outras funcionarias públicas, incluídos os das forzas e corpos de seguridade, así como de calquera persoa física, institución ou persoa xurídica.

2. O persoal funcionario que actúe no exercicio das funcións de inspección previstas nesta lei, acreditando a súa identidade, estará autorizado para:


- a) Entrar libremente e sen previa notificación, en calquera momento, en todo centro, servizo ou establecemento suxeito a esta lei.
- b) Realizar as probas, investigacións ou exames necesarios para comprobar o cumprimento desta lei e das normas que se diten para o seu desenvolvemento.
- c) Realizar cantas actuacións sexan necesarias para o cumprimento das funcións de inspección que exerza.

3. En base ao deber de colaboración entre as administracións públicas e ao principio de cooperación, a administración autonómica e as administracións locais poderán promover a adopción de acordos e convenios para optimizar o uso de recursos públicos e asegurar a coherencia das actuacións realizadas en materia de inspección.



Artigo 49. *Actas*

Os feitos constatados polo persoal de inspección deberán reflectirse nunha acta na cal se consignarán todas e cada unha das circunstancias que sexan precisas para a mellor constatación dos feitos obxecto da inspección e na que as persoas interesadas poderán facer constar as súas observacións e a súa desconformidade. A acta asinarase polas persoas comparecentes, sen que a súa firma implique a aceptación do contido da acta. En caso de negativa das persoas comparecentes a asinar a acta, esta será igualmente válida. Entregarase ás persoas comparecentes unha copia da acta. As actas nas que, observándose os requisitos legais correspondentes, se recollan os feitos constatados polos inspectores farán proba dos mesmos, salvo que se acredítase o contrario.



TÍTULO VII


Infraccións e sancións

CAPÍTULO I

Das infraccións

Artigo 50. *Clasificación das infraccións*


As infraccións administrativas tipificadas na presente lei clasifícanse en leves, graves e moi graves.



Artigo 51. *Infraccións leves*

Constitúen infraccións leves:

- a) O consumo de bebidas alcohólicas por persoas menores de idade.
- b) O transporte, tenencia ou posesión de bebidas alcohólicas por persoas menores de idade, salvo cando se realice por motivos laborais.
- c) O incumprimento da prohibición de exhibición de imaxes con distintivos de bebidas alcohólicas establecida no artigo 24.
- d) O incumprimento das obrigas de información mediante anuncios ou carteis recollidas no artigo 26.
- e) O consumo de bebidas alcohólicas nos lugares especificados no artigo 27.2.
- f) O incumprimento por parte das persoas menores de 16 anos da prohibición de acceso aos establecementos de lecer e entretemento establecida no artigo 29.
- g) O consumo de produtos de tabaco ou produtos relacionados co tabaco por persoas menores de idade, así como calquera outro produto que os imite, induza a fumar o simule a conduta de fumar.
- h) A tenza ou transporte por persoas menores de idade de produtos do tabaco ou produtos relacionados co tabaco, salvo cando se realice por motivos laborais.
- i) O incumprimento, nos establecementos nos que estea autorizada a venda e subministración de produtos do tabaco e produtos relacionados co tabaco, da obriga de instalar carteis que informen da prohibición de venda ás persoas menores de idade e advirtan sobre os prexuízos para a saúde derivados do seu uso nos termos establecidos no artigo 31.3.
- j) O consumo de produtos do tabaco ou relacionados co tabaco nos lugares especificados no artigo 32.2.
- k) A exposición, en tendas que vendan calquera produto relacionado co cannabis ou co seu consumo, destes produtos no seu escaparate así como a exposición de





imaxes dirixidas ao exterior da planta "cannabis sativa" ou calquera produto ou derivado desta.

l) O consumo, o transporte, a tenza ou a posesión de bebidas enerxéticas por persoas menores de idade, salvo cando o transporte, a tenza ou a posesión sexan por motivos laborais.

m) O incumprimento, nos establecementos nos que estea autorizada a venda e subministración de bebidas enerxéticas, da obriga de instalar carteis que informen da prohibición de venda e subministración destas ás persoas menores de idade e advirtan sobre os prexuízos para a saúde derivados do seu uso nos termos establecidos no artigo 37.7.

n) A obstrución do labor inspector mediante calquera acción ou omisión que a perturbe ou atrase.

ñ) O mero atraso no cumprimento das obrigas de información, comunicación ou comparecencia por requirimento da autoridade competente.

o) Todas aquelas accións ou omisións contrarias a esta lei que se cometan por simple negligencia e non comporten un prexuízo directo para a saúde individual ou colectiva.

p) Calquera outro incumprimento das obrigas previstas nesta lei que non se tipifique como infracción grave ou moi grave.






Artigo 52. *Infraccións graves*

Constitúen infraccións graves:

- a) A venda, subministración ou indución ao consumo de bebidas alcohólicas a persoas menores de idade, así como a súa adquisición para entregarlles a elas.
- b) O incumprimento das restricións contidas no artigo 20, referentes á publicidade, promoción e patrocinio de bebidas alcohólicas
- c) O incumprimento dos criterios que deben rexer a publicidade, promoción e patrocinio de bebidas alcohólicas previstos no artigo 22.
- d) O incumprimento das restricións contidas no artigo 33, referentes á publicidade e patrocinio de cannabis, produtos, compoñentes ou derivados daquel.
- e) O incumprimento das restricións contidas no artigo 35, referentes á publicidade, promoción e patrocinio de bebidas enerxéticas.
- g) O incumprimento, por parte das persoas titulares dos establecementos ou organizadoras das actividades, da prohibición de entrada das persoas menores de 16 anos nos establecementos destinados a actividades de ocio e entretemento, así como nos espazos destinados a espectáculos musicais, segundo o previsto no número 1 do artigo 29, excepto se van acompañadas de persoa maior de idade con responsabilidade sobre os mesmos.
- h) O incumprimento pola persoa titular do establecemento ou organizador da actividade das prohibicións contidas no artigo 29.2 no que respecta ao desenvolvemento das sesións permitidas destinadas a persoas menores de idade maiores de 14 anos.
- i) O incumprimento por parte das industrias relacionadas coas materias reguladas nesta lei das condicións esixidas no artigo 23, no que respecta á organización de actividades en centros docentes, públicos e privados, e/ou con organizacións infantís e xuvenís.
- j) A venda ou subministración de bebidas alcohólicas nos lugares especificados no artigo 25.4.



- k) A venda e subministración de bebidas alcohólicas a través de máquinas expendedoras que incumpran o disposto no artigo 25.7.
- l) A venda e subministración de bebidas alcohólicas no horario nocturno definido no artigo 4.g)
- m) O incumprimento das limitacións ao acceso das persoas menores de idade a lugares vinculados á produción das bebidas alcohólicas previstas no artigo 28.
- n) A venda ou entrega ás persoas menores de idade de produtos do tabaco e produtos relacionados co tabaco, así como calquera outro produto que imite e induza a fumar ou simule a conduta de fumar.
- ñ) Permitir fumar ou consumir produtos do tabaco ou relacionados co tabaco nos lugares nos que existe prohibición de facelo, segundo o artigo 32 da lei.
- o) Habilitar zonas para fumar ou consumir produtos do tabaco ou produtos relacionados co tabaco en establecementos e lugares onde non estea permitida a súa habilitación.
- p) O patrocinio e publicidade da planta "cannabis sativa" en medios e soportes aos que poidan ter acceso ás persoas menores de idade.
- q) Regalar ou vender calquera tipo de merchandising coa imaxe identificativa do cannabis á poboación, independentemente de cal sexa a súa idade.
- r) Permitir o acceso ás persoas menores de idade aos lugares ou establecementos vinculados coa produción, distribución ou consumo de cannabis e produtos derivados, incluído o CBD, así como ás tendas onde se vendan sementes, plantas de "cannabis sativa" ou calquera outro produto relacionado, incluído o CBD.
- s) A venda, subministración ou a indución ao consumo de bebidas enerxéticas a persoas menores de idade, así como a súa adquisición para entregarllas a elas.
- t) O incumprimento da obriga por parte de establecementos comerciais de venda de habilitar espazos específicos e claramente diferenciados para a localización das bebidas enerxéticas de acordo co disposto no artigo 37.6.




- u) O patrocínio de concertos, festivais, romarías ou calquera acto lúdico dirixido a persoas menores de idade por produtos que conteñan bebidas alcohólicas, tabaco, cannabis ou bebidas enerxéticas.
- v) O incumprimento da obriga de informar por parte dos medios de comunicación de titularidade autonómica dos efectos nocivos e prexudiciais para a saúde do consumo de tabaco e/ou produtos relacionados co tabaco, cannabis e produtos, compoñentes ou derivados do mesmo, con carácter previo á emisión de cine ou series televisivas que conteñan imaxes relacionadas con tales substancias.
- w) A negativa absoluta a facilitar información ou prestar colaboración, así como facilitar información falsa de xeito deliberado ás autoridades sanitarias, aos seus axentes ou ao persoal das forzas e corpos de seguridade mediante a negativa a someterse aos controis, subministrar datos, facilitar información ou prestar colaboración.
- x) O incumprimento da prohibición de consumir en grupo bebidas alcohólicas na vía pública, nos parques e prazas públicas e noutros espazos de tránsito público.
- y) A comisión dunha infracción leve cando, no ano anterior, o mesmo suxeito fose sancionado pola comisión de dúas ou mais infraccións leves e a resolución ou resolucións sancionadoras foran firmes na vía administrativa.



Artigo 53. *Infraccións moi graves*

Constitúen infraccións moi graves:

- a) O incumprimento dos requirimentos específicos ou das medidas provisionais que adopten as autoridades sanitarias competentes cando concorra dano grave para a saúde das persoas.
- b) A resistencia, coacción, ameaza, inxuria, desacato ou calquera outra forma de presión exercida sobre os membros dos corpos e forzas de seguridade e/ou o persoal funcionario que exerza funcións de inspección.
- c) O incumprimento consciente e deliberado dos requisitos, das obrigas ou das prohibicións establecidas na presente lei, ou calquera comportamento doloso, sempre que ocasionen alteración, dano ou risco grave para a saúde dos e das menores de idade.
- d) A comisión dunha infracción grave, cando, no prazo dos cinco anos anteriores, o mesmo suxeito xa fose sancionado pola comisión dunha infracción grave mediante resolución firme en vía administrativa.



Artigo 54. *Responsables*


1. Das diferentes infraccións será responsable o seu autor, entendendo por tal a persoa física ou xurídica que cometa os feitos tipificados como tales.
2. No caso das infraccións tipificadas nesta lei relativas ao incumprimento das obrigas de información sobre a prohibición de venda e subministración de bebidas alcohólicas, enerxéticas, tabaco, produtos do tabaco e de DSLN e produtos relacionados co tabaco a persoas menores de idade e sobre os prexuízos para a saúde derivados do seu consumo, serán responsables as persoas titulares dos establecementos nos que se cometa a infracción.
3. No suposto de venda e subministración de tales substancias a menores de dezaioito anos, así como no suposto de permitir o seu consumo nos lugares e establecementos nos que exista prohibición, responderá a persoa titular do local, centro ou establecemento no que se comenta a infracción, ou, no seu defecto, o/a empregado/a daquel/a que estivera a cargo do establecemento ou centro no momento de cometerse a infracción. Se a persoa titular do local, centro ou establecemento fora unha Administración pública, responderá dita Administración, sen prexuízo de que esta exixa ás súas autoridades e demais persoal ao seu servizo a responsabilidade en que tiveran incorrido.
4. No caso de infraccións en materia de publicidade, será considerado responsable solidario, ademais da empresa publicitaria, o/a beneficiario/a da publicidade, entendendo por tal o titular da marca ou produto anunciado, así como a persoa titular do establecemento, medio de comunicación ou espazo no que se emite o anuncio.
5. Cando o cumprimento dunha obriga establecida por una norma con rango de Lei corresponda a varias persoas conxuntamente, responderán de forma solidaria das infraccións que, no seu caso, se cometan e das sancións que se impoñan. Non obstante, cando a sanción sexa pecuniaria e sexa posible se individualizará na resolución en función do grao de participación de cada responsable.



6. Das infraccións cometidas por menores de idade serán responsables subsidiarios os seus pais e nais, os titores e titoras e os gardadores e gardadoras legais ou de feito, por esta orde, en razón do incumprimento da obrigaón imposta aos mesmos de previr a comisión de infraccións administrativas que se imputasen aos menores de idade. A responsabilidade subsidiaria virá referida a sufragar a contía pecuniaria da multa imposta.

7. Sen prexuízo da responsabilidade civil subsidiaria dos pais ou nais ou titores polas accións dos menores de idade que dependesen deles, aqueles serán tamén responsables directos e solidarios das infraccións cometidas polos menores de idade, sempre que, pola súa banda, constase dolo, culpa ou neglixencia, incluída a simple inobservancia.

8. Así mesmo, e en función das distintas infraccións, tamén serán responsables delas as persoas organizadoras das actividades nas que se cometa a infracción ou, na súa ausencia, o persoal empregado que estea ao seu cargo.




CAPÍTULO II

Das sancións

Artigo 55. *Criterios para a gradación das sancións*

Para a determinación da contía das sancións previstas nesta lei terase en consideración o principio de proporcionalidade, mediante a aplicación dos seguintes criterios de gradación:

- a) A transcendencia da infracción.
- b) O grao de culpabilidade ou a existencia de intencionalidade.
- c) A natureza dos prexuízos causados.
- d) A reincidencia e a continuidade ou persistencia na conduta infractora.
- e) A idade dos responsables.
- f) O volume de negocio e os beneficios obtidos pola conduta.
- g) O grao de difusión da publicidade.





Artigo 56. *Sancións*

1. As infraccións tipificadas nesta lei sancionaranse con multas conforme á seguinte gradación:

a) Infraccións leves:

1º. Grao mínimo: de 200 ata 601,01 euros.

2º. Grao medio: de 601,02 a 1.803,04 euros.

3º. Grao máximo: de 1.803,05 a 3.005,06 euros.

b) Infraccións graves:

1º. Grao mínimo: de 3.005,07 a 6.010,12 euros.

2º. Grao medio: de 6.010,13 a 10.517,71 euros.

3º. Grao máximo: de 10.517,72 a 15.025,30 euros.

c) Infraccións moi graves:

1º. Grao mínimo: mínimo: de 15.025,31 a 120.202,42 euros.

2º. Grao medio: de 120.202,43 a 360.607,26 euros.

3º. Grao máximo: de 360.607,27 a 601.012,11 euros.

Poderán superarse os límites fixados ata acadar o quíntuplo do valor dos produtos ou dos servizos obxecto da infracción.



Artigo 57. *Substitución das sancións*

1. A autoridade competente para impoñer as sancións leves e graves recollidas nesta lei poderá decidir, cando así sexa solicitado pola persoa infractora ou o seu representante legal, a substitución da sanción económica pola inclusión en programas preventivos ou asistenciais ou pola realización de traballos en beneficio da comunidade, preferentemente relacionados coa conduta infractora, de acordo co réxime que se prevexa regulamentariamente e que deberá determinar o criterio de equivalencia que resulte de aplicación e o procedemento para facer efectivos os traballos ou a realización dos programas impostos, así como as condicións para o desenvolvemento destes.

2. A resolución sancionadora que se dite recollerá expresamente a sanción económica que corresponde e a medida acordada en substitución daquela. No caso de que a persoa infractora rexeite estas medidas deberá comunicalo por escrito ao órgano competente para resolver no prazo de 10 días hábiles. Neste caso, imporase a sanción económica prevista para ese tipo de infracción. No caso de non efectuar a dita comunicación ou non facela en prazo, entenderase que acepta expresamente a medida substitutoria imposta.





Artigo 58. *Competencia para o exercicio da potestade sancionadora*

1. Corresponde aos concellos a competencia para incoar, instruír e resolver os expedientes sancionadores pola comisión das infraccións leves tipificadas no artigo 51.


2. Corresponde á Administración autonómica a competencia para incoar, instruír e resolver os expedientes sancionadores polas infraccións graves e moi graves tipificadas nos artigos 52 e 53, respectivamente.

Os órganos autonómicos competentes para o exercicio da potestade sancionadora nos supostos previstos no apartado anterior son:

a) A persoa titular do departamento territorial correspondente da consellería competente en materia de saúde pública, cando se trate de infraccións graves.

b) A persoa titular da consellería competente en materia de saúde pública, cando se trate de infraccións moi graves.

3. Sen prexuízo do establecido no número 1, os departamentos territoriais correspondentes da consellería competente en materia de saúde pública asumirán a incoación, instrución e resolución dos procedementos sancionadores polas infraccións previstas no número 1 no suposto de falta de actuacións dos concellos ante as denuncias presentadas pola cidadanía ou derivadas das actuacións de inspección, unha vez instados a actuar polos órganos competentes da Comunidade Autónoma e transcorrido o prazo concedido, que en ningún caso poderá ser inferior a un mes desde a recepción do requirimento, sen que se produciu a notificación ao órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma da incoación do correspondente procedemento sancionador.





Artigo 59. *Prescripción de infraccións e sancións*

1. As infraccións tipificadas nesta lei como leves prescribirán ao ano, as graves aos tres anos e as moi graves aos cinco anos.

O prazo de prescripción das infraccións comezará a contar desde o día no que a infracción se cometeu. No caso de infraccións continuadas, o prazo comezará a contar desde o momento da finalización da actividade ou do último acto con que a infracción se consuma. No caso de que os feitos ou actividades constitutivos de infracción sexan descoñecidos por carecer de signos externos, o devandito prazo computarase desde que os mesmos se manifestasen.

Interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento da persoa interesada, dun procedemento sancionador, reiniciándose o prazo de prescripción se o expediente sancionador estivese paralizado durante máis dun mes por causa non imputable á persoa presuntamente responsable.

2. As sancións impostas pola comisión de infraccións leves prescribirán ao ano, as impostas por infraccións graves aos tres anos e as impostas por infraccións moi graves aos cinco anos.

O prazo de prescripción das sancións comezará a contar desde o día seguinte a aquel en que sexa executable a resolución pola cal se impón a sanción ou transcorrese o prazo para recorrer contra a mesma.

Interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento da persoa interesada, do procedemento de execución, e volverá transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable á persoa infractora.

No caso de desestimación presunta do recurso de alzada interposto contra a resolución pola que se impón a sanción, o prazo de prescripción da sanción comezará a contar desde o día seguinte a aquel no que finalice o prazo legalmente previsto para a resolución do dito recurso.




CAPÍTULO III

Procedemento sancionador


Artigo 60. Incoación do procedemento sancionador

As infraccións tipificadas na presente lei serán obxecto das sancións administrativas correspondentes, previa instrución do oportuno procedemento conforme os principios establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e a regulación procedementa contida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



Artigo 61. *Medidas provisionais previas á apertura do expediente sancionador*

1. Con anterioridade á iniciación do expediente sancionador que corresponda, o órgano autonómico ou local competente poderá adoptar, de oficio ou a instancia de parte e de forma motivada, por razóns de urxencia inaprazable e para a protección provisional dos intereses implicados, as medidas provisionais previas que resulten necesarias e proporcionadas cando existise risco grave ou perigo inminente para a seguridade ou saúde das persoas.
2. No caso de concorrer algún dos supostos previstos no número anterior, os órganos competentes poderán adoptar algunha ou algunhas das seguintes medidas:
 - a) A suspensión de autorizacións, permisos, licenzas e outros títulos expedidos polas autoridades administrativas, e a suspensión do espectáculo ou actividade de que se trate, no seu caso.
 - b) O desaloxo, clausura e precinto do establecemento aberto ao público.
3. As medidas adoptaranse mediante resolución motivada, respectando sempre o principio de proporcionalidade e logo da audiencia ás persoas interesadas. O trámite de audiencia poderase omitir en casos de extraordinaria urxencia debidamente xustificados na resolución.
4. As medidas provisionais adoptadas deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas no acordo de iniciación do procedemento sancionador, que se deberá efectuar dentro dos quince días seguintes á adopción daquelas.
5. En todo caso, estas medidas quedarán sen efecto se non se inicia o procedemento no citado prazo ou cando o acordo de iniciación non conteña un pronunciamento expreso sobre elas.
6. A Administración competente para adoptar as medidas previstas neste artigo será a mesma que teña atribuída a competencia para a incoación do procedemento sancionador que corresponda.



Nos casos de competencia autonómica, o órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para adoptar as ditas medidas será o que teña atribuída a competencia para incoar o correspondente procedemento sancionador ou o órgano instructor.

7. Tendo en conta a afectación ás competencias autonómicas, a Administración autonómica poderá adoptar as medidas provisionais previas en supostos de competencia dos concellos, de acordo co previsto no número anterior, á custa e en substitución destes, no caso de inhibición da entidade local, logo do requirimento a esta que non sexa atendido no prazo indicado para o efecto, que en ningún caso poderá ser inferior a un mes. A non atención do requirimento por parte da entidade local exixirá a alegación dunha causa xustificada e debidamente motivada.

Tamén poderá adoptar as citadas medidas por razóns de urxencia inaprazable e extraordinaria que así o xustifiquen, e, neste caso, as medidas deberán ser postas en coñecemento inmediato do concello respectivo.

O órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para adoptar as medidas provisionais previas, nos supostos previstos neste punto, será o que teña atribuída a competencia para a incoación de expedientes sancionadores derivados de infraccións graves.






Artigo 62. Medidas provisionais durante o procedemento sancionador

1. Unha vez incoado o procedemento sancionador, o órgano administrativo competente para resolvelo poderá adoptar, de oficio ou por instancia de parte, en calquera momento, mediante resolución motivada e logo da audiencia ás persoas interesadas, as medidas provisionais que considere oportunas para asegurar a eficacia da resolución que se poida ditar, así como para a salvagarda da saúde, de existiren elementos de xuízo suficientes para iso, de acordo cos principios de proporcionalidade, efectividade e menor onerosidade.

O trámite de audiencia previa poderase omitir no caso de urxencia, que deberá estar debidamente motivada na resolución que determine a adopción das medidas provisionais. Nestes casos, efectuarase un trámite de audiencia con posterioridade á adopción da medida.

2. As medidas provisionais deberán ser proporcionadas á natureza e gravidade das infraccións cometidas, e poderán consistir nalgunha das previstas no artigo 65 ou en calquera outra que asegure a eficacia da resolución que se poida ditar. Non se poderán adoptar medidas provisionais que poidan causar prexuízo de difícil ou imposible reparación ás persoas interesadas ou que impliquen violación de dereitos amparados polas leis.

3. As medidas provisionais poderán ser alzadas ou modificadas durante a tramitación do procedemento, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En todo caso, extinguíranse coa eficacia da resolución administrativa que poña fin ao procedemento.



Artigo 63. *Medidas de adopción directa polos axentes das forzas e corpos de seguridade*

1. No caso de incumprimento dalgunha das prohibicións establecidas nesta lei para as bebidas alcohólicas que comporten un risco grave ou perigo inminente para as persoas e os bens ou a convivencia entre a cidadanía, os axentes dos corpos e forzas de seguridade, de oficio ou a petición dos órganos competentes para incoar ou resolver os correspondentes procedementos sancionadores, do persoal pertencente aos corpos de inspección, ou en virtude de denuncia pública, poderán adoptar de forma directa, logo do requirimento ás persoas responsables e no caso de que aquel non sexa atendido, as seguintes medidas:

a) A suspensión inmediata da actividade e o desaloxo e o precinto dos establecementos abertos ao público, así como o depósito, a retención ou a inmovilización das bebidas alcohólicas.

b) Aqueloutras medidas que se consideren necesarias, atendendo ás circunstancias concorrentes en cada caso, para garantir a seguridade das persoas e dos bens e a convivencia entre a cidadanía, e que garden a debida proporción atendendo os bens e os dereitos obxecto de protección.

2. No caso de que os axentes adopten as medidas indicadas no número anterior, deberán comunicalo inmediatamente ao órgano competente para adoptar as medidas provisionais previas pertinentes, que deberá confirmalas, modificalas ou levantalas no prazo de dous días hábiles desde a indicada comunicación. O incumprimento deste prazo comporta automaticamente o levantamento das medidas adoptadas.


3. Se o órgano indicado no número anterior ratifica as medidas adoptadas, o réxime de confirmación, modificación ou levantamento posterior rexerase polo que dispón o artigo 61.

4. O disposto nos números anteriores enténdese sen prexuízo das medidas que poida adoptar a Administración xeral do Estado no exercicio das súas competencias.



Artigo 64. Resolución do procedemento sancionador


1. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución do procedemento sancionador será dun ano desde a data do acordo de incoación. Transcorrido o prazo indicado sen que se tivera notificado a correspondente resolución, producirase a caducidade do procedemento nos termos e cos efectos previstos na lexislación do procedemento administrativo común.
2. Se as condutas sancionadas causasen danos ou prexuízos á administración, a resolución do procedemento poderá impoñer á persoa infractora a reposición ao seu estado orixinario da situación alterada pola infracción, incluíndo a limpeza da vía pública, e a indemnización polos danos e perdas causados.
3. Se a sanción viñera motivada pola falta de adecuación da actividade ou do establecemento aos requisitos establecidos pola normativa vixente, a resolución sancionadora incluírá un requirimento para que a persoa sancionada leve a cabo as actuacións necesarias para regularizar a situación da actividade ou do establecemento do que é titular.






Artigo 65. *Execución forzosa das resolucións sancionadoras*

1. A execución forzosa das resolucións sancionadoras, unha vez que poñan fin á vía administrativa, corresponderá ao órgano competente para a incoación do procedemento.
2. Nos casos nos que a resolución sancionadora inclúa un requirimento para que a persoa sancionada leve a cabo as actuacións necesarias para regularizar a situación da actividade ou do establecemento do que é titular, o órgano competente para a execución poderá impoñer a aquela multas coercitivas dun 10% da contía da sanción máxima fixada para a infracción cometida por cada día que pase desde o vencemento do prazo outorgado para o cumprimento do requirimento sen que se realizasen as actuacións ordenadas.




Disposición adicional primeira. *Actuacións inspectoras*

As funcións inspectoras que a presente lei atribúe aos órganos e ás unidades administrativas da consellería competente en materia de saúde pública corresponderán ao Corpo Facultativo Superior da Xunta de Galicia, Escala de Saúde Pública e Administración sanitaria.



Disposición adicional segunda. *Actualización das contías das sancións*


As contías das sancións establecidas nesta lei poderán ser actualizadas polo Consello da Xunta de Galicia conforme aos criterios establecidos na normativa de desindexación.





Disposición adicional terceira. *Festas de interese turístico*


Queda permitida a publicidade e promoción de bebidas alcohólicas dirixida a persoas maiores de idade cando aquela se realice no marco das festas que contén coa declaración de interese turístico, de acordo co establecido no Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia, e sexa consonte co establecido nos artigos 20 e 22 da presente lei.





Disposición adicional cuarta. *Financiamento*

A constitución e posta en funcionamento da Comisión en materia de prevención das adiccións das persoas menores en Galicia non xerará aumento dos créditos orzamentarios asignados á consellería con competencias en materia de sanidade.





Disposición transitoria única. *Réxime transitorio dos procedementos sancionadores*

1. Os procedementos sancionadores iniciados antes da entrada en vigor da presente lei rexeranse pola normativa vixente no momento da súa iniciación.

2.Os actos e resolucións pendentes de execución que foran ditados no marco de procedementos sancionadores iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta lei pendentes de execución á súa entrada en vigor rexeranse pola normativa vixente no momento no que se ditaron.




Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

1. Quedan derogadas as disposicións que a continuación se citan así como todas aquelas de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto nesta lei.:

- a) O capítulo II do título I da Lei 2/1996, do 8 de maio, sobre drogas.
- b) A Lei 11/2010, de 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.
- c) O Decreto 75/2001, do 22 de marzo, sobre control sanitario da publicidade, promoción, subministración, venda e consumo de produtos do tabaco.

2. Manteñen a súa vixencia, no que non resulte incompatible coa presente lei:

- a) A Lei 2/1996, do 8 de maio, sobre drogas, excepto o capítulo II do título I, de acordo co disposto no número 1.
- a) O Decreto 88/2014, 3 de xullo, polo que se regula o sistema de substitución de sancións impostas por incumprimento da Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade e se establecen os criterios básicos dos programas preventivos que dela se derivan
- b) A Orde do 1 de marzo de 2012 pola que se regula a sinalización das limitacións no consumo, venda e subministración de bebidas alcohólicas en locais comerciais de Galicia.



Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia*

Modifícase a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, nos seguintes termos:

Un. Modifícase o número 15 do artigo 34, que queda coa seguinte redacción:

«15. Establecer prohibicións, limitacións e estratexias de prevención do consumo de bebidas alcohólicas para avanzar na desnormalización do seu consumo polas persoas menores de idade.».

Dous. Suprímese a letra b) do artigo 41.bis, que queda sen contido.

Tres. Modifícase a letra c) do artigo 42.bis, que queda coa seguinte redacción:

«c) A realización das condutas previstas nas alíneas a), e), g), h), i), j), k), l) e m) do artigo 41 bis, cando poidan producir un risco ou un dano grave para a saúde da poboación, sempre que non sexan constitutivas de infracción moi grave.».




Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario*

Habílitase ao Consello da Xunta de Galicia para ditar cantas normas sexan precisas para o desenvolvemento da presente lei.



Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor aos dous meses da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.



Miguel Corgos López-Prado

Conselleiro de Facenda e Administración Pública



Asinado dixitalmente por:


REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/09/2025 11:26:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2025 11:26:13
Nº Rexistro: 33820
Data envío: 12/09/2025 11:26:13.272

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia achégolle o "**Proxecto de lei do clima de Galicia**", aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 8 de setembro de 2025.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co visto e prace do Sr. Presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: VILARQUEZ DOMINGUEZ, SANDRA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 15/09/2025 12:01:23

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





DIEGO CALVO POUSO, CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICA:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día oito de setembro de dous mil vinte e cinco adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

"Aprobar o *Proxecto de lei do clima de Galicia* e a súa remisión ao Parlamento de Galicia".

E para que conste, asina a presente co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela a oito de setembro de dous mil vinte e cinco.

Vº. e Prace:
O PRESIDENTE



Proxecto de lei do clima de Galicia





ÍNDICE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.....	5
TÍTULO PRELIMINAR. DISPOSICIÓN XERAIS	14
Artigo 1. <i>Obxectivos</i>	14
Artigo 2. <i>Principios</i>	16
Artigo 3. <i>Ámbito de aplicación</i>	17
Artigo 4. <i>Definicións</i>	18
Título I.....	20
Gobernanza climática.....	20
CAPÍTULO I	20
Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia.....	20
Artigo 5. <i>Funcións do Consello da Xunta</i>	20
Artigo 6. <i>Funcións da consellería competente en materia de cambio climático</i> 21	
CAPÍTULO II	22
Órganos administrativos de xestión, participación e consultivos.....	22
Artigo 7. <i>Oficina de Cambio Climático de Galicia</i>	22
Artigo 8. <i>Foro de Acción Climática</i>	24
CAPÍTULO III	25
Coordinación e cooperación.....	25
Artigo 9. <i>Natureza, composición e funcionamento da Comisión Interdepartamental</i>	25
Artigo 10. <i>Funcións da Comisión Interdepartamental</i>	27
CAPÍTULO IV	29
Integración da perspectiva climática na xestión administrativa.....	29
Artigo 11. <i>Obrigas da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do sector público autonómico</i>	29
CAPÍTULO V	30
Dimensión social e transparencia	30
Artigo 12. <i>Participación social</i>	30
Artigo 13. <i>Rede Local polo Clima</i>	31
Artigo 14. <i>Alianza Galega polo Clima</i>	32
Artigo 15. <i>Portal de Acción Climática de Galicia</i>	34
Título ii	35
Instrumentos de ordenación e acción climática	35
CAPÍTULO I	35
Instrumentos de acción climática.....	35





Artigo 16. Tipos de instrumentos	35
Artigo 17. Estratexia Galega de Cambio Climático	36
Artigo 18. Plan Rexional Integrado de Acción Climática	37
Artigo 19. Plans de acción local polo clima	38
Artigo 20. Proxeccións climáticas	40
CAPÍTULO II	41
Perspectiva climática na actividade administrativa sectorial	41
Artigo 21. Integración da perspectiva climática na actividade administrativa ...	41
Artigo 22. Perspectiva climática na planificación sectorial autonómica	42
Artigo 23. Avaliación climática estratéxica de plans e programas	43
Artigo 24. Avaliación de impacto de proxectos	44
Titulo III	45
Instrumentos económicos e de fomento	45
CAPÍTULO I	45
Medidas de contratación pública e xestión patrimonial	45
Artigo 25. Integración de criterios climáticos na contratación pública	45
Artigo 26. Catálogos de cláusulas climáticas para contratación pública	46
Artigo 27. Utilización da pegada de carbono na preparación de contratos públicos	48
Artigo 28. Utilización da pegada de carbono na execución de contratos públicos	50
Artigo 29. Compra pública baixa en carbono por razón da proximidade	52
Artigo 30. Integración da perspectiva climática na xestión patrimonial	53
CAPÍTULO II	54
Medidas de fomento de proxectos e iniciativas climáticas	54
Artigo 31. Integración da perspectiva climática nas axudas públicas	54
Artigo 32. Integración da perspectiva climática na fiscalidade	55
Artigo 33. Integración da perspectiva climática nos orzamentos	56
Artigo 34 Fondos para a Transición Climática e Circular de Galicia	57
Artigo 35 Rexistro galego de persoas promotoras da neutralidade climática	58
Artigo 36 Sistema voluntario de créditos de carbono da Xunta de Galicia	59
Artigo 37 Sistema de recoñecemento de iniciativas de excelencia climática	60
TÍTULO IV	61
Instrumentos de sensibilización, educación e investigación	61
CAPÍTULO I	61
Sensibilización dos actores sociais	61
Artigo 38 Campañas de información sobre o cambio climático	61





CAPÍTULO II	62
Educación, investigación e colaboración con actores sociais de xeración de coñecemento climático	62
Artigo 39 <i>Integración da perspectiva climática na educación</i>	<i>62</i>
Artigo 40 <i>Integración da perspectiva climática na Investigación</i>	<i>63</i>
TÍTULO V	64
Meteoroloxía, climatoloxía e calidade do aire	64
Artigo 41 <i>A Rede de Observación Meteorolóxica e Climatolóxica de Galicia</i>	<i>64</i>
1. A Rede de Observación Meteorolóxica e Climatolóxica de Galicia é o conxunto de infraestruturas necesarias para a correcta prestación de servizos meteorolóxicos e climatolóxicos referidos neste título.....	64
Artigo 42 <i>A Rede de Calidade do Aire de Galicia</i>	<i>65</i>
Artigo 43 <i>Os servizos meteorolóxicos, climatolóxicos e de calidade do aire de Galicia</i>	<i>66</i>
Artigo 44 <i>Fins dos servizos meteorolóxicos, climatolóxicos e de calidade do aire de Galicia</i>	<i>69</i>
Disposición adicional primeira. Financiamento do Foro de Acción Climática de Galicia.....	70
Disposición adicional segunda. Correlación dos Instrumentos de Acción Climática	71
A Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, aprobada o 3 de outubro de 2019, e o Plan Rexional Integrado de Enerxía e Clima 2030, aprobado o 20 de xaneiro de 2025, dan cumprimento durante a súa vixencia ao establecido no artigo 16 con respecto aos instrumentos de acción climática.	71
Disposición derogatoria única. Derogación normativa.....	72
Disposición final primeira. Habilitación normativa	73
Disposición final segunda. Entrada en vigor	74



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O cambio climático é un fenómeno amplamente estudado pola comunidade científica en todo o mundo, tendo consecuencias nas esferas ambientais, económicas e sociais.

O resumo do sexto informe de avaliación do IPCC publicado en 2023 destaca que o cambio climático afecta a todo o planeta e se está acelerando e intensificando. Establece, sen ningún xénero de dúbidas, que o cambio climático débese á acumulación na atmosfera de gases de efecto invernadoiro (en diante, GEI), resultado de diferentes actividades humanas.

O informe do IPCC sinala que é urxente tomar medidas máis ambiciosas en todos os sectores e a todas as escalas, posto que aínda é posible garantir un futuro sostible e habitable, posto que se dispón das ferramentas necesarias para reducir, a lo menos á metade, as emisións mundiais antes do ano 2030.

A maior contribución a acadar estes obxectivos proverán da xeración eléctrica a partir de fontes renovables, como a enerxía eólica ou a enerxía solar, e tamén da protección e restauración de bosques e outros ecosistemas.

O informe tamén indica que a transformación necesaria non será posible sen equidade e xustiza social, integrando a acción climática coas políticas que poidan acadar un desenvolvemento sostible con baixas emisión e con medidas de protección social.

Na Conferencia das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático coñecida como a COP21 de París, celebrada en decembro de 2015, adoptouse un acordo histórico para combater o cambio climático, e destacou a importancia da adaptación aos efectos adversos do cambio climático, establecendo o obxectivo de manter o aumento da temperatura media global moi por baixo de 2 °C con respecto aos niveis preindustriais, e proseguir os esforzos para limitar o devandito aumento a 1,5 °C.

Neste contexto de transición, encádranse, por unha parte, as políticas de mitigación, que perseguen reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro e aumentar a capacidade de sumidoiro de dióxido de carbono; e por outra parte, as políticas de adaptación, que perseguen reducir os riscos que orixina o cambio climático para o medio ambiente, a economía e a sociedade no seu conxunto.



En Galicia, a visión actual a longo prazo ten como reto avanzar cara á neutralidade climática cun modelo socioeconómico cada vez máis sostible. Neste sentido, a Estratexia Galega de Cambio Climático estableceu, no ano 2019, unha folla de ruta para lograr a neutralidade climática en Galicia antes do ano 2050. Esta estratexia definiu un marco integral para a mitigación das emisións de gases de efecto invernadoiro e a adaptación aos seus impactos. Este compromiso estratéxico integra os obxectivos de redución de emisións e accións de investigación e gobernanza social, co principal obxectivo de garantir unha transición xusta e inclusiva cara a unha sociedade resiliente e baixa en carbono.

Esta estratexia desenvolveuse nun I Plan Rexional Integrado de Enerxía e Clima 2019-2023 (I PRIEC), que segundo o informe de avaliación aprobado polo Consello da Xunta do 17 de xuño de 2024, reflectiu uns resultados de execución de 139 medidas, máis do 80% do total e máis do 90% do orzamento aprobado neste I PRIEC.

A última actualización deste marco estratéxico sobre o cambio climático concretouse coa aprobación, o 20 de xaneiro de 2025, do II Plan Rexional Integrado de Enerxía e Clima 2030 (II PRIEC) que aborda os retos climáticos con accións concretas e amplos obxectivos. Este II PRIEC baséase nunha planificación detallada que combina a mitigación, adaptación, investigación e sensibilización social, e destaca polo seu enfoque participativo, integrando á Administración Pública, ao sector privado e á cidadanía nun esforzo colectivo.

A Unión Europea actualizou a súa contribución ao Acordo de París, en decembro de 2020, comprometéndose a reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro nun mínimo do 55% para o ano 2030, en comparación cos niveis de 1990. O Regulamento (UE) 2021/1119, tamén coñecido como a "Lei Europea do Clima", establece un marco vinculante para acadar a neutralidade climática na Unión Europea para 2050. Este regulamento inclúe obxectivos específicos como a redución interna neta das emisións de gases de efecto invernadoiro nun mínimo do 55% para 2030, en comparación cos niveis de 1990, en sectores tan diversos como o transporte, a enerxía, a agricultura e a construción. Establece que os Estados membros e a Unión Europea deben aumentar a súa capacidade de adaptación, fortalecer a resiliencia e reducir a vulnerabilidade ao cambio climático.

Neste contexto, preténdese situar o clima como eixo central das políticas públicas en Galicia para acadar a neutralidade climática no horizonte do ano 2040, e reducir as emisións netas de gases de efecto invernadoiro, cando menos, nun 75 % no ano 2030, con respecto aos niveis de 1990, e dar cumprimento aos obxectivos que se definan para o 2040 no marco do Acordo de París.

A planificación e a execución das políticas públicas e o exercicio das competencias que corresponden á comunidade autónoma en múltiples materias, entre as que se poden





mentonar a saúde pública, educación, augas interiores e costeiras, ordenación do territorio, emerxencias e protección civil ou a prevención e extinción dos incendios forestais, están estreitamente relacionados coa meteoroloxía e a climatoloxía, especialmente dende a perspectiva da prevención dos riscos ante unha posible emerxencia.

Neste sentido establécense os fins e os servizos meteorolóxicos e de calidade do aire teñen vinculación directa coa prevención de catástrofes naturais, así como cos efectos derivados dos cambios no clima.

Neste contexto, faise necesario mellorar a coordinación dos órganos e entidades do sector público autonómico de Galicia para os que teñen unha especial relevancia os servizos meteorolóxicos, climatolóxicos e de calidade do aire, así como potenciar e reforzar estes servizos, co fin de que poidan cumprir con eficacia a súa función de subministrar datos e información no eido da meteoroloxía, climatoloxía, calidade do aire e ciencias afíns, tanto ao sector público como á cidadanía e ao tecido empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia.

II

A presente lei estrutúrase nun título preliminar e cinco títulos, dúas disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e dúas disposicións finais.

O Título preliminar recolle as disposicións xerais, referidas aos obxectivos, principios, ámbito de aplicación e definicións. Os obxectivos xerais da lei, contribúen ao cumprimento dos compromisos internacionais sobre redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, facilitar a descarbonización de todos os sectores da economía galega e promover a adaptación aos impactos do cambio climático.

Os obxectivos específicos da lei son, en primeiro lugar, acadar a neutralidade climática en Galicia no horizonte do ano 2040, empregando para iso as actuacións de descarbonización recollidas na presente lei, xunto cos mecanismos de financiamento que soporten ditas actuacións. En segundo lugar, a lei persegue reducir as emisións netas de gases de efecto invernadoiro, cando menos, nun 75 % no ano 2030, con respecto aos niveis de 1990, e dar cumprimento aos obxectivos que se definan para o 2040 no marco do Acordo de París.

Os principios que guían a interpretación e aplicación da presente lei inclúen a "integración da perspectiva climática" nas decisións administrativas, garantindo que todas as políticas sectoriais e actividades das administracións públicas de Galicia consideren o seu impacto no clima. Dáse carta de natureza ao principio de "non regresión ambiental" e ao principio de "non causar danos significativos" aos obxectivos de mitigación e adaptación. A lei integra os principios de "primeiro, eficiencia enerxética" e de eficiencia no uso de recursos como a auga e as materias primas, e de "quen contamina paga", coa finalidade de que os responsables da xeración de riscos e impactos climáticos internalicen os custos ambientais. Como





expresión deste principio no texto da lei, destaca a importancia dada no seu texto aos instrumentos económicos e de fomento, coa finalidade de incentivar as iniciativas públicas e privadas coherentes cos obxectivo de transición climática e circular, de promover o uso racional dos recursos e de impulsar sectores económicos e modelos de negocios coherentes cos obxectivos da presente lei.

O ámbito de aplicación da lei abarca a todas as administracións públicas de Galicia, así como ás persoas físicas e xurídicas que desenvolvan actividades no territorio da Comunidade Autónoma. A integración da perspectiva climática no deseño e aplicación das políticas sectoriais e da xestión administrativa vai a requirir unha administración pública con suficientes recursos e capacidade, profesionalizada e baseada en datos e en coñecemento de calidade, de modo que poida dar resposta áxil, técnica, efectiva e transformadora á realización dos obxectivos de interese público da presente lei.

O Título I, "Gobernanza Climática", aborda a estrutura de gobernanza climática en Galicia, asignando funcións específicas á Xunta de Galicia e á consellería responsable en materia de cambio climático. Establécense órganos administrativos de xestión, participación e consulta, como a Oficina de Cambio Climático de Galicia e o Foro de Acción Climática. Garántese a coordinación interdepartamental e a integración da perspectiva climática na xestión administrativa das áreas estratéxicas, así como o impulso e consolidación da Rede Local polo Clima e a Alianza Galega polo Clima. Como ferramenta de información climática e de transparencia na política e xestión administrativa autonómica en materia de cambio climático, créase o Portal de Acción Climática de Galicia.

O Título II, "Instrumentos de Ordenación e Acción Climática" detalla os instrumentos de acción climática, como a Estratexia Galega de Cambio Climático, os Plans Rexionais Integrados de Acción Climática e os Plans de Acción Local polo Clima.

A Estratexia Galega de Cambio Climático establece o marco integrado e transversal de ordenación e planificación de obxectivos, políticas e accións, mentres que o Plan Rexional Integrado de Acción Climática define as medidas específicas e liñas de acción para acadar os obxectivos establecidos na Estratexia.

Os Plans de Acción Local polo Clima, aprobados polas entidades locais, inclúen inventarios de emisións, avaliacións de riscos e medidas de mitigación e adaptación, e serán desenvolvidos no marco da iniciativa do Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía. Establécese a obriga de aprobación destes plans por parte dos concellos de máis de 20.000 habitantes.

O capítulo II do Título II establece a integración da perspectiva climática na actividade administrativa sectorial. As consellerías con competencias nas áreas estratéxicas da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia deberán incorporar a perspectiva climática na elaboración e aprobación de plans e programas sectoriais, na preparación de contratos públicos e nas convocatorias de subvencións públicas, en coherencia cos obxectivos da lei, a Estratexia Galega de Cambio Climático e os Plans Rexionais Integrados de Acción Climática.



Os plans e programas sectoriais terán en consideración a Estratexia Galega de Cambio Climático e o Plan Rexional Integrado de Acción Climática, integrando, no seu caso, a perspectiva climática mediante a avaliación ambiental estratéxica. Os proxectos sometidos a avaliación de impacto ambiental de proxectos deberán integrar igualmente a perspectiva climática, seguindo as indicacións dos documentos técnicos de referencia para a elaboración dos estudos de impacto ambiental.

O Título III, "Instrumentos Económicos e de Fomento", céntrase nas medidas económicas e de fomento para apoiar a transición climática, incluíndo a integración de criterios climáticos na contratación pública e na xestión patrimonial.

O capítulo I do Título III regula a contratación pública climática e circular e a integración da perspectiva climática na xestión patrimonial.

A contratación pública representa aproximadamente o 14% do PIB en España, polo que é un instrumento tractor de especial relevancia para reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro do sector público e fomentar o desenvolvemento de modelos de negocio circulares e climáticos, impulsando así a competitividade da economía galega.

A lei dispón que os órganos da Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia integrarán de forma progresiva criterios climáticos en toda contratación pública. Coa finalidade de concretar dita obriga na preparación das licitacións de contratos públicos do sector público autonómico, teranse en conta os criterios comúns de compra pública verde aprobados pola Comisión Europea e as fichas dos catálogos de cláusulas ambientais aprobados polo Consello da Xunta.

A lei prevé que a consellería competente en materia de contratación pública, en colaboración coa consellería competente en materia de cambio climático, elaborará un catálogo de cláusulas climáticas, priorizando contratos que fomenten a eficiencia enerxética, a adquisición de produtos ecolóxicos e a organización de eventos sostibles, e promover a eficiencia enerxética na contratación pública, mediante a incorporación das previsións da Directiva (UE) 2023/1791, do 13 de setembro de 2023, relativa á eficiencia enerxética, en materia de contratación pública ecolóxica. A norma fomenta a utilización da pegada de carbono na preparación e execución de contratos públicos, sempre que se dispoña dos datos e metodoloxías que garantan o cumprimento dos principios da contratación pública.

Finalmente, a xestión patrimonial da Administración xeral e das entidades do sector público autonómico deberá integrar criterios climáticos na adquisición e arrendamento de bens inmoables.

O capítulo II do Título III regula as medidas de fomento de proxectos e iniciativas climáticas.

A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades do sector público autonómico convocarán axudas para proxectos de mitigación e adaptación climática, en liña cos obxectivos da presente lei e do Plan Rexional Integrado de





Acción Climática. As axudas da Xunta de Galicia poderán incorporar a perspectiva climática, especialmente para actividades con impacto potencial nos obxectivos de mitigación e adaptación da Estratexia Galega de Cambio Climático. A lei prevé a promoción da modificación dos instrumentos fiscais para incentivar actuacións de apoio aos obxectivos climáticos, tanto a nivel autonómico como local.

A perspectiva climática deberá integrarse nas normas orzamentarias anuais da Comunidade Autónoma de Galicia, dos concellos de máis de 20.000 habitantes e das deputacións provinciais. A lei de Orzamentos Xerais de Galicia incluírá partidas para a adaptación e mitigación do cambio climático, acompañadas dunha memoria que especifique os investimentos e a súa contribución aos obxectivos climáticos.

Para a execución de políticas e accións de mitigación e adaptación ao cambio climático e fomento da economía circular, así como para a inversión en proxectos de investigación e innovación e o desenvolvemento de medidas de sensibilización, información e educación sobre o cambio climático, a lei prevé os Fondos para a transición climática e circular de Galicia. Estes recursos económicos integrarán, a lo menos, os que correspondan do Fondo Social para o Clima Europeo, segundo se establece no Regulamento (UE) 2023/955, de 10 de maio de 2023, así como os dotados orzamentariamente derivados da recadación dos tributos afectados medioambientalmente nesta materia.

A lei crea o Rexistro galego de persoas promotoras da neutralidade climática, que ten como obxectivo que consten publicamente os compromisos asumidos voluntariamente por organizacións, tanto públicas como privadas, con ou sen personalidade xurídica, e calquera iniciativa ou evento que, mediante a compensación da súa pegada de carbono, colaboren na consecución do obxectivo da neutralidade climática na nosa comunidade. Este rexistro actuará como un medio para impulsar os obxectivos do sistema voluntario de créditos de carbono, previsto na Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia. Finalmente, o sistema de recoñecemento de iniciativas de excelencia climática introdúcese na lei como medida de fomento para incentivar o compromiso dos actores sociais cos obxectivos da presente lei.

O Título IV, "Instrumentos de sensibilización, educación e investigación", establece, no seu capítulo I que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá campañas de sensibilización cidadá sobre o cambio climático, colaborando coas entidades locais e outras organizacións para desenvolver ferramentas de divulgación e educación non formal. Ademais, fomentaranse acordos coa industria cultural e deportiva para reducir a pegada de carbono nos seus eventos e realizaranse estudos periódicos sobre a percepción social do cambio climático, creando canles de diálogo entre a cidadanía e as institucións.

O Capítulo II aborda a integración da perspectiva climática na educación e na investigación. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia procurará introducir programas de formación en todos os niveis educativos para avanzar cara á



neutralidade en carbono e a adaptación ao cambio climático. Así mesmo, promoverase a profesionalización e formación continua do persoal do sector público e adoptaranse medidas para aumentar a capacidade de investigación e innovación en materia de cambio climático. Isto inclúe, entre outros, o desenvolvemento de modelos climáticos, o estudo e as proxeccións dos efectos do cambio climático, a promoción da investigación aplicada para promover a adaptación do sector primario e a integración dos resultados da investigación nos instrumentos de acción climática e sectorial de Galicia.

No Título V regúlanse os servizos meteorolóxicos, climatolóxicos e de calidade do aire de Galicia e se recolle a descrición da Rede de Observación Meteorolóxica e Climatolóxica de Galicia e da Rede de Calidade do Aire de Galicia.

A presente lei finaliza cunha disposición adicional, unha derogatoria, e dúas disposicións finais.

A disposición adicional primeira regula que a constitución e posta en funcionamento do Foro de Acción Climática de Galicia non suporá un incremento orzamentario.

A disposición adicional segunda indica que A Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, aprobada o 3 de outubro de 2019, e o Plan Rexional Integrado de Enerxía e Clima 2030, aprobado o 20 de xaneiro de 2025, dan cumprimento durante a súa vixencia ao establecido no artigo 16 con respecto aos instrumentos de acción climática e os plans de acción para o clima e a enerxía sostible (PACES) aprobados darán cumprimento ao establecido no artigo 16 en referencia aos plans de acción local polo clima, durante a súa vixencia.

A disposición derogatoria única declara derogadas as disposicións de igual o inferior rango que se opoñan a esta lei.

A disposición final primeira autoriza ao Consello da Xunta de Galicia para ditar as normas necesarias para o desenvolvemento e execución desta Lei.

A disposición final segunda establece que esta lei entrará en vigor aos vinte días naturais da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

III

A presente lei axústase aos principios de boa regulación previstos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, no que se esixe que en todas as iniciativas normativas xustifícase a adecuación das mesmas aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia.

Desta maneira, o principio de necesidade desta iniciativa legislativa vén determinado por canto as medidas propostas unicamente poden ser introducidas mediante unha





norma con rango de lei, por afectar a materias que están reservadas a este tipo de norma.

Respéctase o principio de proporcionalidade, dado que a lei é útil para os obxectivos de redución das emisións de gases de efecto invernadoiro e deseñáronse os medios menos restritivos para alcanzar dita finalidade, mediante un esforzo de simplificación e integración da normativa vixente.

Préstase especial atención á efectividade do principio de seguridade xurídica, directamente conectado coa integración coherente da nova norma na ordenación xurídica vixente, de maneira que o resultado sexa un marco normativo estable, claro, integrado e de certeza; e ao principio de transparencia, promovendo a máis ampla participación da cidadanía en xeral e, en particular, dos operadores técnicos e xurídicos implicados na materia, tanto na elaboración da propia lei como na fase de planificación, e sen menoscabo dos procedementos de participación que puidesen estar previstos noutras normas; así como ao principio de accesibilidade, garantindo o acceso a toda a información de que dispoña a administración na materia obxecto de regulación.

Finalmente, en virtude dos principios de simplicidade e eficacia, e dentro do obxectivo de simplificación administrativa e da normativa de aplicación, evítanse as cargas administrativas innecesarias ou accesorias, o que supón a racionalización dos recursos públicos asociados á tramitación dos procedementos administrativos relacionados con elas.

O artigo 45 da Constitución Española recoñece o dereito de todas as persoas a desfrutar dun medio ambiente adecuado ao seu desenvolvemento, tendo coma contrapartida o deber de conservalo, impondo ás autoridades públicas o deber de asegurar o uso racional de todos os recursos naturais, a fin de protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva.

Esta lei dítase ao amparo da competencia atribuída á Comunidade autónoma de Galicia no artigo 27.30 do Estatuto de Autonomía en materia de "*normas adicionais sobre protección do medio ambiente e da paisaxe nos termos do artigo 149.1.23ª*". Así mesmo, cómpre indicar que a comunidade autónoma ten recoñecidas competencias en diversas materias cuxo desenvolvemento se atopa intimamente vinculado coa meteoroloxía e o clima. Tal é o caso das competencias que ostenta en materia de obras públicas que non teñan a cualificación de interese xeral do Estado (art. 27.7); de vías férreas e estradas non incorporadas á rede do Estado e o transporte efectuado por estes medios (art. 27.8); os portos, aeroportos e heliportos non cualificados de interese Xeral polo Estado e os portos de refuxio e portos e aeroportos deportivos (art. 27.9); aproveitamentos hidráulicos, canles e regadíos cando as augas discorran integramente dentro do territorio da Comunidade, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.22 da Constitución Española (art. 27.12); instalación de produción, distribución e transporte de enerxía eléctrica cando este transporte non sala do territorio do seu territorio (art.






27.13); a pesca nas rías e demais augas interiores, o marisqueo e a acuicultura (art. 27.15); o fomento da investigación (art. 27.19), e sobre normas adicionais sobre protección do medio ambiente (art. 27.30). Tamén ten competencias, en execución da lexislación do Estado en materia de salvamento marítimo (art. 29.3) e sobre verteduras industriais e contaminantes nas augas territoriais do Estado correspondentes ao litoral galego (art. 29.4); e, por último, tamén lle corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica, en materia de agricultura e gandería (art. 30.1.3).

Na tramitación do anteproxecto de lei observáronse todas as garantías esixidas pola lexislación vixente en materia de participación pública, promovendo unha participación pública real e efectiva ao longo de todo o procedemento de tramitación.

Así mesmo, durante a súa tramitación emitiron informe os principais órganos competentes en materia de orzamentos, función pública, igualdade, avaliación e reforma administrativa, así como a Xunta Consultiva de Contratación e deuse conta ao Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. O proxecto tamén conta co informe da Asesoría Xurídica xeral da Xunta de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-acilMDuWkv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxectivos*

1. Esta lei ten os seguintes obxectivos xerais:

- a) Contribuír ao cumprimento dos compromisos internacionais sobre redución de emisións de gases de efecto invernadoiro e a implantación de medidas de adaptación aos efectos do cambio climático.
- b) Facilitar a descarbonización de todos os sectores da economía galega e a súa transición a un modelo circular, de modo que se garanta o uso racional e solidario dos recursos.
- c) Promover a adaptación aos impactos do cambio climático e a implantación dun modelo de desenvolvemento sostible que xere emprego de calidade e contribúa á redución das desigualdades.
- d) Aumentar a resiliencia do territorio ao cambio climático e aproveitar as oportunidades sociais, empresariais e económicas que ofrece a transición climática.
- e) Impulsar a investigación e a innovación en cambio climático para converter Galicia nunha rexión exportadora de solucións fronte ao cambio climático.
- f) Mellorar a preparación, xestión, coordinación e resposta ante fenómenos meteorolóxicos extremos.
- g) Impulsar ferramentas de protección para a cidadanía coa identificación de illas de calor e deseño de refuxios climáticos.
- h) Contribuír á mellora da calidade do aire ata alcanzar niveis que non se consideren nocivos para saúde humana, os ecosistemas naturais e a biodiversidade.
- i) Conservar, restaurar e usar de forma sostible os ecosistemas, de maneira que manteñan os servizos ambientais que proporcionan.
- j) Integrar a perspectiva climática na organización e desenvolvemento das políticas sectoriais e da actividade e dos servizos das administracións públicas de Galicia.
- k) Profesionalizar e reforzar o coñecemento e as capacidades técnicas da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, para afrontar, de forma transversal, os obxectivos xerais e específicos definidos neste artigo.


2. Esta lei ten os seguintes obxectivos específicos:

- a) Acadar a neutralidade climática en Galicia no horizonte do ano 2040, empregando para iso todas as actuacións de descarbonización recollidas na presente lei, xunto cos mecanismos de financiamento que soporten ditas actuacións.





- b) Reducir as emisións netas de gases de efecto invernadoiro, cando menos, nun 75% no ano 2030, con respecto aos niveles de 1990, e dar cumprimento aos obxectivos que se definan para o 2040 no marco do Acordo de París.
3. Os obxectivos climáticos do apartado 2 serán revisados, no marco da actualización da Estratexia Galega de Cambio Climático para dar cumprimento á evolución dos compromisos asumidos internacionalmente e definidos pola Unión Europea.



Artigo 2. *Principios*

Os principios que deben de guiar a aplicación e interpretación da presente lei para acadar un alto nivel de protección do medio ambiente son os seguintes:

- a) De integración da perspectiva climática na actividade administrativa, coa finalidade de dar cumprimento ao obxectivo da UE dun desenvolvemento económico climaticamente neutro e circular.
- b) De non regresión ambiental, de modo que se garanta o mantemento dos estándares de protección establecidos pola lexislación da Unión Europea, a lexislación básica do Estado e as leis sectoriais ambientais da Comunidade Autónoma.
- c) De prevención e cautela dos danos ao medio ambiente e á saúde das persoas derivados do cambio climático.
- d) De non causar danos significativos aos obxectivos ambientais de mitigación e adaptación climática, e de contribuír substancialmente a estes obxectivos mediante o fomento de investimentos ambientalmente sostibles.
- e) De "primeiro, a eficiencia enerxética", e de uso eficiente da auga, as materias primas e outros recursos indispensables para o desenvolvemento das actividades sociais e económicas.
- f) De corrección dos danos ao medio ambiente na súa orixe e de autosuficiencia e proximidade na xestión de residuos.
- g) De quen contamina paga, mediante a internalización dos custos ambientais polos responsables da xeración dos riscos e impactos climáticos.





Artigo 3. *Ámbito de aplicación*

1. Esta lei é de aplicación ás Administracións públicas de Galicia, no ámbito das súas respectivas competencias, e ás persoas físicas e xurídicas de natureza privada, con relación ás actividades que desenvolven no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A efectos desta lei, entenderase por Administracións públicas de Galicia:

a) A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o resto de entidades do sector público autonómico, de acordo con a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia , así como, as corporacións de dereito público.

b) No ámbito das súas respectivas competencias, as entidades locais de Galicia, de acordo coa Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

c) As universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia, incluíndo as súas entidades vinculadas ou dependentes.






Artigo 4. *Definicións*

A efectos do disposto nesta lei entenderase por:

- a) Adaptación: en sistemas humanos é o proceso de axuste ao clima actual ou esperado e os seus efectos, para reducir danos e aproveitar oportunidades beneficiosas. En sistemas naturais é o proceso de axuste ao clima actual ou esperado. A intervención humana pode facilitar este axuste.
- b) Áreas estratéxicas: teñen esta consideración as seguintes funcións desenvolvidas polas administracións públicas en Galicia, no seu marco competencial: medio ambiente; enerxía; mobilidade e transporte; sectores industriais; sector servizos e turismo; ordenación do territorio e urbanismo; vivenda; augas; litoral; sanidade; protección civil e emerxencias; saúde; xestión de residuos; forestal; agricultura e gandería; pesca, marisqueo e acuicultura; medio natural; observación e investigación e desenvolvemento; educación. Terán esta consideración as que de xeito complementario determine como tal o Plan Rexional Integrado de Acción Climática en vigor.
- c) Compensación de emisións: en relación cun servizo, proceso ou produto cuxa prestación ou elaboración dea lugar a unha emisión limpa de gases de efecto invernadoiro (GEI) durante o seu ciclo de vida, a compensación baséase noutro proceso ou mecanismo, alleo a este ciclo de vida, que dea lugar a unha absorción de carbono, que sexa posible avaliar e certificar, en cantidade equivalente ás emisións de GEI producidas polo primeiro.
- d) Escenarios de emisións: son unha descrición verosímil do tipo de desenvolvemento futuro, baseada nun conxunto coherente e internamente consistente de hipóteses, sobre a evolución demográfica, económica, tecnolóxica, social e ambiental que dan lugar a posibles vías de desenvolvemento futuro das emisións humanas de gases de efecto invernadoiro e aerosois que á súa vez, afectan ao balance de radiación global da terra.
- e) Eventos: espectáculos públicos e actividades recreativas no sentido da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- f) Gases de efecto invernadoiro (GEI): compoñentes gasosos da atmosfera, tanto de orixe natural como xerados a partir de actividades humanas, que provocan o efecto invernadoiro ao absorber e remitir radiación infravermella. Os recoñecidos pola Convención das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático como contribuíntes ao cambio climático son, nestes momentos: dióxido de carbono (CO₂), gas metano (CH₄), óxido nitroso (N₂O), hexafluoruro de xofre (SF₆), trifluoruro de nitróxeno (NF₃) perfluorocarbonos (PFC) e hidrofluorocarbonos (HFC).
- g) Mitigación: diminución da cantidade de emisións á atmosfera e a redución da concentración actual de Gases de Efecto Invernadoiro mediante a mellora dos sumidoiros.





- h) Orzamentos climáticos: proceso orzamentario no que as contribucións aos obxectivos de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro das partidas orzamentarias clasifícanse e avalíanse segundo uns indicadores de rendemento específicos, co obxectivo de adaptar mellor as políticas orzamentarias aos obxectivos climático da presente lei.
- i) Pegada de carbono: a totalidade das emisións de gases de efecto invernadoiro asociada a unha organización, evento ou actividade ou ao ciclo de vida dun produto ou servizo cuantificada para avaliar a súa contribución ao cambio climático. Exprésase en toneladas equivalentes de CO₂.
- j) Perspectiva climática: a consideración do impacto directo e indirecto de plans, programas, proxectos sobre as emisións de gases de efecto invernadoiro ou a vulnerabilidade ao cambio climático e as posibles medidas de adaptación.
- k) Plans e programas sectoriais: o conxunto de estratexias, directrices e propostas das administracións públicas de Galicia previstas na lexislación sectorial destinadas a satisfacer necesidades sociais, que teñan un impacto na xeración de emisións de gases de efecto invernadoiro e aquelas que recollan accións de adaptación ao cambio climático.
- l) Proxeccións climáticas: resposta simulada, mediante modelos matemáticos, do sistema climático a diversos escenarios de emisións de gases de efecto invernadoiro.
- m) Rendemento climático: impacto dunha oferta no marco dunha licitación pública referido exclusivamente á xeración de emisións de gases de efecto invernadoiro na execución do concreto contrato.
- n) Vulnerabilidade: O grao de susceptibilidade ou de incapacidade dun sistema para afrontar os efectos adversos do cambio climático e, en particular, a variabilidade do clima e dos fenómenos extremos.





TÍTULO I

Gobernanza climática


CAPÍTULO I

Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia

Artigo 5. *Funcións do Consello da Xunta*

Corresponde ao Consello da Xunta de Galicia o exercicio das seguintes funcións:

- a) Aprobar os instrumentos de acción climática previstos na presente lei.
- b) Aprobar a revisión e a actualización dos instrumentos de acción climática en atención ao informe bianual de seguimento da execución dos obxectivos e medidas do Plan Rexional Integrado de Acción Climática, aprobados pola Comisión Interdepartamental para o Impulso e Coordinación da Estratexia Galega de Cambio Climático.



Artigo 6. Funcións da consellería competente en materia de cambio climático

As funcións que corresponden á consellería competente en materia de cambio climático da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia son:

- a) Propoñer a revisión e actualización da Estratexia Galega de Cambio Climático e realizar o seu seguimento, a través da Oficina de Cambio Climático de Galicia.
- b) Elaborar os proxectos de regulamentos da presente lei.
- c) Propoñer a aprobación e supervisar a execución do Plan Rexional Integrado de Acción Climática, de acordo co coñecemento científico e os compromisos internacionais, mediante a labor da Oficina de Cambio Climático de Galicia.
- d) Impulsar o desenvolvemento e aplicación dos instrumentos económicos, de fomento, de sensibilización, de educación e investigación, no marco das súas competencias propias ou en colaboración con outras consellerías e entes instrumentais competentes en áreas estratéxicas, no marco da Comisión Interdepartamental, e reguladas no artigo 9 da presente lei.
- e) Outorgar as autorizacións de emisión de gases de efecto invernadoiro ás actividades suxeitas á normativa sobre comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, valorar os informes verificados correspondentes a estas emisións e exercer a potestade sancionadora nas materias da súa competencia.





CAPÍTULO II

Órganos administrativos de xestión, participación e consultivos

Artigo 7. *Oficina de Cambio Climático de Galicia*

1. A Oficina de Cambio Climático de Galicia é o órgano técnico, con natureza de unidade administrativa, para a xestión e o fomento das políticas de mitigación, adaptación e comunicación en materia de cambio climático, e está adscrita á consellería competente en materia de cambio climático.

2. A Oficina de Cambio Climático de Galicia poderá contar no desenvolvemento das súas funcións coa asistencia doutros órganos con coñecemento técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades do sector público con funcións en materias vinculadas a áreas estratéxicas definidas na presente lei, mediante, no seu caso, as vías da autoprovisión do artigo 8 e 9 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

3. A Oficina de Cambio Climático de Galicia terá as seguintes funcións:

a) O seguimento da Estratexia Galega de Cambio Climático, e a colaboración e apoio na implementación das estratexias internacionais e nacionais fronte ao cambio climático.

b) A xestión administrativa do réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro e a elaboración e o seguimento dos seus inventarios.

c) A participación en proxectos e iniciativas nacionais e internacionais en materia de cambio climático.

d) As funcións vinculadas as accións de mitigación e adaptación dos efectos do cambio climático, previstas na Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia.

e) Apoio e asesoramento técnico ás consellerías con competencias en áreas estratéxicas, indicadas no artigo 9.c), no que respecta á integración da perspectiva climática na elaboración dos plans ou programas sectoriais sometidos a avaliación ambiental estratéxica, para o cal terase que dotar de medios e recursos suficientes para levar a cabo a súas funcións transversais.

f) Elaboración dos informes da perspectiva climática nas fases de consultas ás administracións afectadas para a elaboración do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico e sobre a versión inicial dun plan o programa, acompañado do estudo ambiental estratéxico, sometido a avaliación ambiental estratéxica.



g) A elaboración da proposta de revisión da Estratexia Galega de Cambio Climático e de aprobación e revisión dos Plans Rexionais Integrados de Acción Climática, que serán elevadas á Comisión Interdepartamental para o Impulso e Coordinación da Estratexia Galega de Cambio Climático.

h) A elaboración da proposta de informes bianuais de seguimento da execución dos obxectivos e medidas do Plan Rexional Integrado de Acción Climática, que serán aprobados pola Comisión Interdepartamental para o Impulso e Coordinación da Estratexia Galega de Cambio Climático.

i) Impulso e apoio técnico e administrativo á Comisión Interdepartamental para o Impulso e Coordinación da Estratexia Galega de Cambio Climático.

j) Informe sobre a elaboración dos documentos técnicos de referencia para a integración da perspectiva climática no proceso de elaboración dos plans e programas autonómicos sectoriais sometidos a avaliación ambiental estratéxica, e na fase de deseño de proxectos sometidos a avaliación de impacto ambiental de proxectos, tendo en conta, no seu caso, as orientacións técnicas da Unión Europea nesta materia.

k) Definición da proposta de indicadores cuantitativos e cualitativos de mitigación e adaptación ao cambio climático, gobernanza e impacto na economía e establecer o seu seguimento, sobre a base dos procedementos e as metodoloxías adoptadas internacionalmente.

l) Promoción de medidas de formación, sensibilización, concienciación, divulgación e capacitación da cidadanía en materia de cambio climático, no marco dos obxectivos e medidas da Estratexia Galega de Cambio Climático e do Plan Rexional Integrado de Acción Climática.

m) Facilitamento da relación entre as políticas de cambio climático e as políticas de investigación e innovación en xeral e, en particular, co Plan Galego de Investigación e Innovación.

n) Apoio administrativo, organizativo e asesoramento aos actores da Alianza Galega polo Clima para promover iniciativas de mellora nas prácticas de resiliencia e minimización do impacto climático.

ñ) Asesoramento aos concellos galegos, a través da Rede Local polo Clima, sobre accións específicas que axuden a elaborar e implementar as medidas contempladas nos Plans de Acción Local polo Clima e o cumprimento dos compromisos establecidos nos mesmos.

o) Xestión do Portal de Acción Climática de Galicia.

p) Calquera outra función que se lle poda encomendar para dar cumprimento aos obxectivos da lei.



Artigo 8. *Foro de Acción Climática*

1. Créase o Foro de Acción climática de Galicia como o órgano colexiado de participación, asesoramento e consulta en materia de cambio climático, co obxectivo de:


- a) Impulsar e coordinar accións de mitigación e adaptación ao cambio climático en Galicia.
- b) Favorecer a colaboración entre administracións, universidades, organismos científicos, organizacións ambientais e demais axentes sociais e económicos implicados.
- c) Calquera outro que lle sexa atribuído regulamentariamente.

2. O Foro de Acción Climática estará adscrito á consellería competente en materia de cambio climático e actuará con total independencia no desenvolvemento das súas funcións.

3. As súas funcións, composición, criterios de designación das persoas integrantes, organización e réxime de funcionamento determinaranse regulamentariamente.

4. O Foro adecuará o seu funcionamento ao previsto nesta lei, ao regulamento polo que se determina a súa composición e réxime de funcionamento, ao establecido para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, así como, de ser o caso, ao seu regulamento interno.

5. A Oficina de Cambio climático de Galicia facilitará os medios necesarios para desenvolver as súas funcións e actuará como secretaría técnica e administrativa.



CAPÍTULO III

Coordinación e cooperación

Artigo 9. *Natureza, composición e funcionamento da Comisión Interdepartamental*

1. A Comisión Interdepartamental para o Impulso e Coordinación da Estratexia Galega de Cambio Climático, creada e regulada polo Decreto 130/2019, do 3 de outubro, é un órgano colexiado, adscrito á consellería competente en materia de cambio climático, para garantir a necesaria coordinación nas accións administrativas e de goberno, derivada da necesidade de dar cumprimento aos compromisos adquiridos na devandita Estratexia e co fin de impulsar a execución das políticas climáticas por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do sector público autonómico.

2. A súa composición e funcionamento ten en conta os seguintes criterios:

a) A presidencia da Comisión Interdepartamental recaerá na persoa titular da consellería que teña atribuídas as competencias en materia de cambio climático ou persoa en quen delegue.

b) A vicepresidencia recaerá na persoa titular da dirección xeral que teña atribuídas as competencias en materia de cambio climático ou persoa en quen delegue.

c) Estarán representadas as persoas con rango de secretario/a xeral, director/a xeral ou equivalente, designadas por resolución da persoa titular da consellería competente nas áreas estratéxicas que se indican a continuación, ou pola Secretaría Xeral da Presidencia cando as referidas materias sexan competencia dos órganos superiores e de dirección no ámbito da Presidencia: cambio climático; calidade ambiental; medio natural; auga; agricultura; gandería; ordenación forestal; industria forestal; administración local; ordenación do territorio; economía; facenda; industria; enerxía; saúde pública; vivenda; infraestruturas; mobilidade; protección civil; xestión de emerxencias; turismo; educación; litoral; pesca; marisqueo; acuicultura; portos; I+D; comunicación; patrimonio cultural.

Estará presente, en todo caso, con voz pero sen voto, a persoa que ocupe a unidade administrativa da Oficina de Cambio Climático de Galicia.


d) Deberá garantirse a presenza e representación equilibrada de mulleres e homes.

3. Para impulsar o funcionamento da Comisión Interdepartamental creárase un Grupo de traballo de carácter permanente integrado por representantes das entidades e centros directivos que forman parte da mesma, coa categoría de subdirector/a ou equivalente. Este grupo técnico será o encargado de realizar o estudo das iniciativas, propostas e proxectos concretos en materia de cambio climático, que, posteriormente, serán sometidos ao pleno da Comisión Interdepartamental.

O Grupo de traballo de carácter permanente poderá constituír Grupos Técnicos Especializados coa finalidade de desenvolver propostas que requiran un elevado nivel



de especialización. En todo caso, os integrantes destes grupos deberán ter perfil técnico que reflexe o mellor coñecemento científico-técnico dispoñible nos departamentos e entidades do sector público implicadas para a realización do concreto obxectivo do grupo.






Artigo 10. *Funcións da Comisión Interdepartamental*

Son funcións da Comisión Interdepartamental:

1. Impulsar e coordinar a posta en marcha das medidas de mitigación e adaptación que correspondan aos distintos ámbitos sectoriais.
2. Analizar as medidas derivadas das estratexias de cambio climático establecidas a nivel europeo e nacional que afecten á Comunidade Autónoma de Galicia, así como a súa posta en marcha e cumprimento.
3. Estudar, coordinar e programar as propostas interdepartamentais en relación coa mitigación das emisións de gases de efecto invernadoiro e a adaptación ao cambio climático.
4. Informar o Consello da Xunta de Galicia, a petición deste ou a iniciativa propia, en todos os asuntos relacionados co cambio climático na Comunidade de Galicia, co fin de que sexan tidos en consideración nas diferentes políticas e programas sectoriais.
5. Coordinar a execución interdepartamental da Estratexia Galega de Cambio Climático e dos Plans Rexionais Integrados de Acción Climática.
6. Integrar sistematicamente os obxectivos da presente lei no deseño e aplicación das convocatorias de axudas públicas e na preparación dos contratos públicos, das consellerías con competencia nas áreas estratéxicas definidas na presente lei.
7. Elaborar un programa de contratación pública verde, que planifique o desenvolvemento do proceso de elaboración e actualización do catálogo de cláusulas climáticas e circulares, e defina os medios de asesoramento e apoio técnico aos órganos de contratación do sector público autonómico.
8. Velar pola coordinación entre as actuacións en materia de investigación, desenvolvemento e innovación e as restantes actuacións do sector público autonómico na acción fronte ao cambio climático e a transición enerxética.
9. Establecer as prioridades de actuación dos Fondos para a Transición Climática e Circular de Galicia, atendendo ao cumprimento dos obxectivos da presente lei, e do resto da regulamentación sectorial autonómica vinculada ao cumprimento de obxectivos climáticos, e de acordo cos criterios que se establezan regulamentariamente.
10. Aprobar, cada dous anos e a proposta da Oficina de Cambio Climático de Galicia, un informe de seguimento sobre o cumprimento dos obxectivos e medidas do Plan Rexional Integrado de Acción Climática.
11. Facilitar o intercambio harmonizado de datos e información relevante para a xestión e seguimento da Estratexia Galega de Cambio Climático.
12. Fomentar a investigación e o estudo en materia de mitigación e adaptación ao cambio climático.



13. Coordinar a política de sensibilización e comunicación sobre o cambio climático da Xunta de Galicia.





CAPÍTULO IV

Integración da perspectiva climática na xestión administrativa

Artigo 11. *Obrigas da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do sector público autonómico*

As consellerías con competencias en áreas estratéxicas deben integrar os obxectivos climáticos da presente lei e dos seus instrumentos de acción climática no desenvolvemento das súas funcións, particularmente mediante as seguintes medidas:

- a) Integrar a perspectiva climática no proceso de elaboración e aprobación dos plans e programas sectoriais, de acordo co previsto no capítulo II do Título II.
- b) Integrar a perspectiva climática no proceso de elaboración e aprobación das bases reguladoras das axudas públicas con impacto na descarbonización e outras medidas de fomento, e no proceso de preparación dos contratos públicos, de acordo co previsto no Título III.






CAPÍTULO V

Dimensión social e transparencia

Artigo 12. *Participación social*

As administracións públicas de Galicia fomentarán, no ámbito das súas competencias, a participación efectiva das persoas en condicións de igualdade, sen discriminacións por razón de sexo, renda, cualificación profesional ou doutra natureza, e, especialmente da mocidade, no eido da información, formación e sensibilización das accións polo clima.





Artigo 13. *Rede Local polo Clima*

1. A Rede Local polo Clima é unha iniciativa da consellería con competencias en materia de cambio climático para fortalecer a colaboración e acción climática a nivel local, que busca coordinar os esforzos dos concellos cos obxectivos de loita contra o cambio climático da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. A Rede Local polo Clima, promoverá a adhesión de todos os concellos de Galicia ao Pacto das Alcaldías para o Clima e Enerxía e actuará como oficina de coordinación, de intercambio de coñecementos e boas prácticas e de apoio técnico e económico ás entidades locais para a elaboración e aplicación de Plans de Acción Local polo Clima.
3. Forman parte da Rede Local polo Clima aqueles concellos que teñan aprobado o instrumento de acción climática regulado no artigo 16.





Artigo 14. *Alianza Galega polo Clima*

1. A Alianza Galega polo Clima constitúe o instrumento de fomento e colaboración constituído por axentes sociais e económicos implicados na loita contra o cambio climático e o impulso dunha economía circular e sostible.

2. Son obxectivos da Alianza Galega polo Clima:

a) Fomentar o compromiso medioambiental das diferentes organizacións que a integran.

b) Dar visibilidade ao compromiso das organizacións galegas cos obxectivos de mitigación e adaptación da presente lei.

c) Buscar a sinerxía e colaboración entre as organizacións da sociedade civil en materia de cambio climático.

d) Impulsar iniciativas de mellora do rendemento ambiental das organizacións e para compartir boas prácticas climáticas.

e) Outorgar premios e recoñecementos públicos por proxectos innovadores e de referencia en materia de mitigación e adaptación climática, de acordo co previsto no artigo 37.

f) Identificar os factores, brechas de coñecemento e de xestión que obstaculizan que as organizacións asuman compromisos en materia de mitigación e adaptación climática.

g) Ofrecer ferramentas a pequenas e medianas empresas para a súa incorporación activa á Alianza para eliminar ou, no seu caso, reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro dos seus procesos, ou para planificar as necesidades de adaptación ao cambio climático.

3. Poderán formar parte da Alianza:

a) Empresas e asociacións profesionais ou empresariais.

b) Organizacións sindicais.

c) Organizacións non gobernamentais ambientais (ONGs) e outras organizacións da sociedade civil.

d) Organizacións científicas e académicas.

e) Administracións públicas e entes do sector público con competencias en materia ambiental.


f) Colexios profesionais.

g) Calquera outra organización que estea disposta a asumir un compromiso para avanzar na loita contra o cambio climático e a mellora do medio ambiente.

A pertencía á Alianza formalizarse mediante a sinatura dun memorando de entendemento.




4. A Oficina de Cambio Climático de Galicia prestará apoio organizativo ao desenvolvemento das iniciativas e encontros da Alianza Galega polo Clima.



Artigo 15. *Portal de Acción Climática de Galicia*

1. A consellería con competencia en materia de cambio climático porá en marcha, e actualizará permanentemente, o Portal de Acción Climática de Galicia que permitirá á cidadanía participar de xeito informado nas accións climáticas de Galicia.
2. O Portal de Acción Climática de Galicia incluírá, información acerca de:
 - a) As emisións de gases de efecto invernadoiro en Galicia sectorizadas.
 - b) Os progresos das medidas establecidas para a redución das devanditas emisións.
 - c) O estado de execución dos instrumentos de acción e os seus resultados.
 - d) As metas e compromisos internacionais a que Galicia está vinculada.
 - e) Os estudos e proxectos de investigación e desenvolvemento elaborados no ámbito do cambio climático desenvolvidos en Galicia.
 - f) As vías de participación e os proxectos abertos á mesma.
 - g) Os proxectos de cooperación internacional en materia de cambio climático nos que estea a participar a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - h) As accións e proxectos de formación e sensibilización sobre cambio climático desenvolvidas en Galicia.
 - i) As novas tecnoloxías de acción climática.
 - j) As versións vixentes e actualizadas da Estratexia Galega de Cambio Climático e dos Plans Rexionais Integrados de Acción Climática.
 - k) O seguimento da execución dos obxectivos e medidas do Plan Rexional Integrado de Acción Climática.
 - m) As iniciativas e eventos desenvolvidos no marco da Alianza Galega polo Clima.
 - n) Os documentos de referencia para a integración da perspectiva climática na planificación sectorial.
 - ñ) Calquera outra que se considere relevante para a toma de decisións informadas en materia de cambio climático.





TÍTULO II

Instrumentos de ordenación e acción climática

CAPÍTULO I

Instrumentos de acción climática


Artigo 16. *Tipos de instrumentos*

1. Os instrumentos de acción climática son os seguintes:

- a) A Estratexia Galega de Cambio Climático.
- b) Plan Rexional Integrado de Acción Climática.
- c) Plan de Acción Local polo clima.

2. Os instrumentos de acción climática de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia publicaranse no Portal de Acción Climática de Galicia, no prazo dun mes desde a súa aprobación.

3. A consellería con competencias en materia de cambio climático elaborará un informe sobre os resultados agregados dos Plans de Acción Local polo Clima que se publicará actualizado no Portal de Acción Climática de Galicia.





Artigo 17. *Estratexia Galega de Cambio Climático*

1. A Estratexia Galega de Cambio Climático constitúe o instrumento xeral de planificación da Comunidade Autónoma de Galicia fronte ao cambio climático, e é o marco integrado e transversal de ordenación e planificación de obxectivos, políticas e accións que permiten cumprir cos obxectivos da presente lei.
2. A Estratexia Galega de Cambio Climático será revisada con motivo da aprobación periódica do Plan Rexional Integrado de Acción Climática, coa finalidade de avaliar os seus resultados e, no seu caso, de redefinir os obxectivos en atención ao avance do coñecemento científico e tecnolóxico e regulamentarios nesta materia.





Artigo 18. *Plan Rexional Integrado de Acción Climática*

1. O Consello da Xunta de Galicia aprobará o Plan Rexional Integrado de Acción Climática, que establecerá as medidas específicas que permitan desenvolver as liñas de actuación establecidas para acadar os obxectivos da Estratexia Galega de Cambio Climático.
2. O Plan Rexional Integrado revisarase e actualizarase cada cinco anos e disporá dun sistema de indicadores para a súa avaliación e seguimento.
3. O contido do Plan Rexional Integrado recollerá as medidas en materia de mitigación, de adaptación, de investigación e de carácter social, de gobernanza e de sensibilización de acordo cos obxectivos da Estratexia Galega de Cambio Climático.
4. O Plan Rexional Integrado poderá establecer obxectivos de emisión por áreas estratéxicas e sectores económicos, en coordinación con outros plans estratéxicos sectoriais. A estes efectos, deberá terse en conta, entre outros factores, o coñecemento científico, o impacto sobre os diferentes sectores e o potencial de redución de cada un, as circunstancias económicas e sociais, a competitividade, a política enerxética, os escenarios de emisións e a evolución da política regulamentaria da UE.





Artigo 19. *Plans de acción local polo clima*

1. As entidades locais poderán aprobar, no marco das súas competencias, un Plan de Acción local polo Clima, de conformidade coa Estratexia Galega de Cambio Climático e co Plan Rexional Integrado e no marco da iniciativa do Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía.

2. Os concellos de máis de 20.000 habitantes estarán obrigados, en todo caso, á aprobación do indicado Plan de Acción polo Clima.

3. Os Plans de Acción polo Clima deben ter o contido recollido nas guías de referencia previstas no marco da iniciativa do Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía, e como mínimo:

- a) Definición dos obxectivos estratéxicos a longo prazo e os específicos en materia de mitigación e adaptación ao cambio climático.
- b) Un inventario de referencia de emisións.
- c) Unha avaliación de riscos e vulnerabilidades medioambientais, sociais e económicos, referida aos principais riscos climáticos.
- d) Medidas e accións previstas nos ámbitos da mitigación, adaptación e pobreza enerxética.

4. As entidades locais poderán elaborar estes programas individualmente ou agrupadas mediante a presentación dun plan conxunto. Neste último caso, a agrupación terá como finalidade principal facilitar o mellor cumprimento dos obxectivos desta lei.

No caso de entidades locais supramunicipais e agrupacións de entidade locais, o inventario de emisións deberá ser elaborado por cada un dos concellos participantes. A avaliación de riscos e a vulnerabilidades ante o cambio climático deberán ser realizadas para o conxunto dos concellos.

5. Os Plans de Acción Local polo Clima aprobaranse mediante ordenanza. Unha vez aprobados serán comunicados polas entidades locais á consellería con competencias en materia de cambio climático da Xunta de Galicia, de acordo cos medios que se determinen, e serán rexistrados no marco da iniciativa do Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía.

6. Os Plans de Acción Local polo Clima terán unha duración inicial de dous anos. Cada dous anos, as entidades locais deberán elaborar e aprobar un informe de seguimento sobre o grado de cumprimento do seu plan no marco da iniciativa do Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía, e remitilo á consellería con competencia en materia de cambio climático. No caso de entidades locais supramunicipais e agrupacións de entidades locais, o informe irá acompañado por unha declaración responsable de cada un dos concellos participantes.

7. As Deputacións Provinciais, no seu marco de competencias, poderán prestar apoio aos concellos para a aprobación e aplicación dos Plans de Acción Local polo Clima.



8. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades do sector público autonómico poderán establecer liñas específicas de fomento para o apoio das actuacións das entidades locais dirixidas ao cumprimento dos compromisos que conlevan os Plans de Acción Local polo Clima.

Nas convocatorias de subvencións en réxime de concorrência competitiva realizadas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou por calquera entidade do sector público autonómico dirixidas ás entidades locais galegas e destinadas a investimentos e gastos previstos polos Plans de Acción Local polo Clima poderá contemplarse nas bases da convocatoria un criterio de valoración específico que no baremo de puntuación supoña, polo menos, o 10% do total a favor das actuacións realizadas por concellos que dispoñan dun Plan de Acción polo Clima rexistrado.

9. A elaboración e aplicación dos Plans de Acción Local polo Clima poderá financiarse cos fondos para a transición climática e circular de Galicia recollidos no artigo 34 da presente lei se os concellos aplican medidas fiscais ou outras regulacións ao seu alcance que incentiven as boas prácticas, favorecendo a mitigación e diminuindo a vulnerabilidade.

10. A consellería con competencias en materia de cambio climático establecerá regulamentariamente os prazos e forma para a comunicación dos Plans de Acción Local polo Clima por parte das entidades locais.

Sen prexuízo do previsto no presente artigo, as entidades locais seguirán as guías de referencia para a elaboración do seu plan así como os procedementos de seguimento previstos no marco da iniciativa do Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía.






Artigo 20. *Proxeccións climáticas*

1. O órgano con competencia en materia de cambio climático da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia elaborará e revisará as proxeccións climáticas de Galicia. Estas proxeccións son a base de coñecemento para a revisión e actualización da Estratexia Galega de Cambio Climático e do Plan Rexional Integrado de Acción Climática.

2. Estas proxeccións climáticas proporcionarán información sistematizada, elaborada especificamente para Galicia e facilmente comprensible, para a integración da perspectiva climática na actividade administrativa; en especial, nos plans e programas sectoriais autonómicos.





CAPÍTULO II

Perspectiva climática na actividade administrativa sectorial

Artigo 21. *Integración da perspectiva climática na actividade administrativa*

As consellerías competentes nas áreas estratéxicas da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia terán en conta a perspectiva climática na elaboración e aprobación de plans e programas sectoriais, no proceso de preparación de contratos públicos, cando o seu obxecto e natureza o permita, e nas convocatorias de subvencións públicas con impacto nos obxectivos de neutralidade climática, en coherencia cos obxectivos previstos na presente lei, na Estratexia Galega de Cambio Climático e nos Plans Rexionais Integrados de Acción Climática.





Artigo 22. *Perspectiva climática na planificación sectorial autonómica*

1. Os plans e programas sectoriais autonómicos, e as súas modificacións, terán en consideración a Estratexia Galega de Cambio Climático e o Plan Rexional Integrado de Acción Climática en vigor, e darán cumprimento aos obxectivos e medidas destes instrumentos de acción climática que afecten ao seu ámbito de aplicación.
2. A planificación sectorial autonómica específica con especial incidencia no territorio terá en conta as proxeccións climáticas reguladas no artigo 20 coa finalidade de mellorar a capacidade de adaptación, fortalecer a resiliencia e reducir a vulnerabilidade.





Artigo 23. *Avaliación climática estratéxica de plans e programas*

1. Os plans e programas con impacto na xeración de emisións de gases de efecto invernadoiro e aqueles que recollan accións de adaptación ao cambio climático, e as súas modificacións, que adopten ou aproben a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades locais, e que estean sometidos a avaliación ambiental estratéxica, deberán integrar a perspectiva climática, que incorporará, cando menos, unha análise do seu impacto sobre as emisións de gases de efecto invernadoiro directas e indirectas, medidas destinadas a minimizalas ou compensalas no caso de que non se poidan evitar.
2. A consellería con competencia en materia de cambio climático deberá elaborar un documento técnico de referencia para a integración da perspectiva climática na elaboración dos plans e programas autonómicos, e facilitar así o cumprimento do establecido no número anterior.
3. O documento técnico de referencia, indicado no número anterior, será tomado en consideración necesariamente na elaboración do estudo ambiental estratéxico, que deberá integrar un apartado xustificativo neste sentido, no caso dos plans e programas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.
4. No caso de plans e programas das entidades locais, na elaboración do estudo ambiental estratéxico, con perspectiva climática, poderán tomarse en consideración os documentos técnicos de referencia ou outras orientacións aprobados pola Comisión Europea, pola Administración xeral do Estado ou definidas por normas técnicas de referencia.





Artigo 24. *Avaliación de impacto de proxectos*

1. O proxectos, e as súas modificacións, de competencia autonómica, e que estean sometidos a avaliación de impacto ambiental ordinaria de proxectos, deberán integrar a perspectiva climática na súa avaliación.

2. A integración da perspectiva climática realizarase a través do procedemento de avaliación de impacto ambiental, de acordo co que establece a lexislación básica do estado en materia de avaliación ambiental e na lexislación autonómica vixente na materia.

Nos informes que emita a consellería con competencias en materia de cambio climático neste procedemento avaliarase o potencial impacto directo e inducido das emisións de gases de efecto invernadoiro e á normativa vixente en materia de cambio climático.

3. Os documentos técnicos de referencia que se poñan a disposición para a elaboración de estudos de impacto ambiental, establecerán indicacións sobre como incorporar a perspectiva climática na elaboración dos estudos de impacto ambiental de proxectos, para dar cumprimento aos obxectivos da presente lei.





TITULO III

Instrumentos económicos e de fomento

CAPÍTULO I

Medidas de contratación pública e xestión patrimonial

Artigo 25. *Integración de criterios climáticos na contratación pública*

1. Os órganos da Administración xeral e as entidades do sector público autonómico da Galicia integrarán de forma progresiva criterios climáticos na contratación pública. Para iso incluírán, naqueles contratos para os que exista unha ficha no catálogo de cláusulas climáticas ao que se refire o artigo seguinte, algúns dos criterios ou cláusulas de redución das emisións de gases de efecto invernadoiro que se recollan na devandita ficha, sempre que teñan relación co obxecto do contrato.


2. A integración da perspectiva climática na preparación dos contratos públicos poderá levarse a cabo mediante a incorporación de criterios ou cláusulas nos pregos de prescricións técnicas particulares e/ou de criterios de solvencia técnico-profesional, criterios de adxudicación ou condicións especiais de execución do contrato nos pregos de cláusulas administrativas particulares.

A incorporación de criterios climáticos debe gardar relación co obxecto do contrato. A estes efectos, os criterios climáticos terán que producir unha mellora no rendemento climático da prestación efectivamente contratada, xerando beneficios á sociedade, mediante a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro ou o apoio ao resto dos obxectivos de mitigación e adaptación climática da presente lei.

3. Para dar cumprimento ao apartado primeiro deste artigo, na preparación das licitacións de contratos públicos do sector público autonómico teranse en conta, ademais das fichas do catálogo de cláusulas climáticas, os criterios comúns e obxectivos de compra pública verde aprobados pola Comisión Europea.

Os documentos actualizados dos criterios comúns da Comisión Europea de compra pública verde e os catálogos de cláusulas climáticas deberán publicarse de modo que sexan clara e facilmente accesibles para o persoal dos órganos de contratación.

4. Os órganos da Administración xeral e do sector público autonómico da Galicia garantirán que, cando se celebren contratos sometidos a regulación harmonizada cuxo obxecto teña repercusión no ámbito do cambio climático, se aplique o principio "primeiro, a eficiencia enerxética" e se adquieran produtos, servizos, edificios e obras que teñan un alto rendemento enerxético, de conformidade coa Directiva (UE) 2023/1791, do 13 de setembro de 2023, relativa á eficiencia enerxética e a normativa estatal de transposición.



Artigo 26. Catálogos de cláusulas climáticas para contratación pública

1. A Comisión Interdepartamental para o Impulso e Coordinación da Estratexia Galega de Cambio Climático elaborará, no prazo dun ano desde a entrada en vigor da presente lei, un programa de contratación pública verde, que planifique o desenvolvemento progresivo da integración de criterios climáticos na contratación pública, e defina os medios de asesoramento e apoio técnico aos órganos de contratación do sector público autonómico, así como o programa formativo correspondente. O programa será revisado cada catro anos.

2. En virtude do que se estableza no dito programa de contratación pública verde a, consellería competente en materia de coordinación da contratación pública, a proposta da consellería competente en materia de cambio climático, elaborará un catálogo de cláusulas climáticas, que incluírán instrucións para a súa adecuada incorporación nos pregos contractuais, como guía e apoio ao órgano de contratación.

3. O catálogo de cláusulas de contratación pública climática e circular constará dunha listaxe de fichas que estarán referidas aos tipos de prestación cualificadas como prioritarias de acordo co previsto no apartado seguinte. As fichas por tipoloxía contractual integrarán propostas motivadas de utilización clara de criterios e cláusulas ambientais dentro do proceso de preparación contractual, ben sexa como prescricións técnicas, como criterios de adxudicación, como criterio de solvencia técnico-profesional ou como condicións especiais de execución do contrato. As fichas incluírán os medios de verificación e control dos respectivos criterios e cláusulas ambientais e, no seu caso, metodoloxías de coste do ciclo da vida.

4. Para a elaboración de fichas do catálogo de cláusulas climáticas terán a consideración de prioritarios os seguintes contratos:

a) Contratos de servizos para a redacción de proxectos de obras, contratos de obras e concesións de obras, coa finalidade de fomentar a eficiencia enerxética das obras e edificacións e as enerxías renovables, de promover o uso de produtos de construción procedentes da economía circular ou sostibles, particularmente a madeira, e os sistemas de certificación da sostibilidade das edificacións.

b) Contratos de servizos ou subministros que teñan por obxecto prestacións ligadas á adquisición de produtos alimenticios, coa finalidade de favorecer a adquisición de produtos ecolóxicos, frescos e de tempada e a compra de produtos de cadeas cortas de distribución; o emprego de envases con baixa pegada de carbono (emprego de madeira e produtos derivados da mesma así como os seus reciclados); e o cumprimento do resto de obxectivos da Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, da calidade alimentaria de Galicia.

c) Contratos de servizos vinculados á organización de eventos e espectáculos públicos.





d) Os contratos identificadas como prioritarios pola Comisión Interdepartamental para o Impulso e Coordinación da Estratexia Galega de Cambio Climático, a proposta da Oficina de Cambio Climático de Galicia ou de calquera consellería representada na súa composición.

5. As fichas do catálogo serán revisadas por períodos sucesivos cada catro anos, ou o período alternativo que estableza o programa de contratación pública verde, para actualizar o contido dos criterios e cláusulas de acordo coa evolución regulamentaria, do mercado, dos costes das prestacións e dos avances técnicos.

6. A consellería con competencias en materia de cambio climático, coa colaboración da consellería competente en materia de coordinación da contratación pública, poderá promover un espazo de boas prácticas de contratación pública verde, no que se recollan experiencias das entidades do sector público autonómico e das entidades locais de Galicia, en especial, aquelas de máis de 20.000 habitantes.





Artigo 27. Utilización da pegada de carbono na preparación de contratos públicos

1. A pegada de carbono da prestación pode ser utilizada para definir especificacións técnicas, criterios de adxudicación e condicións especiais de execución do contrato, sempre que se dispoña de datos de referencia e metodoloxías de aplicación, accesibles a todos os licitadores, para garantir o cumprimento cos principios da contratación pública.

A pegada de carbono da organización, especialmente as certificacións vinculadas a rexistros oficiais, so poderán utilizarse como medio non exclusivo de acreditación da solvencia técnica e profesional para a xestión das emisións de gases de efecto invernadoiro na execución contractual.

2. Os pregos de cláusulas administrativas poderán establecer criterios de adxudicación de avaliación automática para a identificación das ofertas con mellor rendemento climático co seguinte contido:

a) Que permitan a comparación da pegada de carbono asociada de maneira estimada ás ofertas presentadas, sempre que, en atención á concreta prestación, se dispoña de datos e metodoloxías que permitan unha comparación obxectiva das ofertas, o cal deberá xustificarse adecuadamente no expediente. Deberán determinarse na configuración do propio criterio o alcance, os datos de referencia e as metodoloxías de aplicación para o cálculo da pegada de carbono, de modo que todos os licitadores utilicen as mesmas referencias técnicas para o cálculo, e os medios de acreditación por parte do licitador. O criterio poderá referirse a parte do ciclo de vida da oferta, como, por exemplo, as emisións asociadas ao transporte de produtos nos contratos de subministro, de servizos ou de obras.

b) Que impliquen a asunción do compromiso durante a execución contractual de medir a pegada de carbono e, no seu caso, de reducir e/ou compensar as emisións de gases de efecto invernadoiro. Deberán determinarse na configuración do propio criterio os datos e metodoloxías de aplicación para o cálculo da pegada de carbono, e os medios de acreditación por parte do contratista na execución contractual.

3. Nos contratos de servizo para a elaboración de proxectos de obra, de obras ou de concesión de obras, fomentarase a integración de especificacións técnicas referidas á utilización de produtos procedentes da economía circular ou sostibles, como a madeira, preferentemente de orixe local ou que cumpran os estándares de sistemas de etiquetado ecolóxico, ou á eficiencia ou ao aforro enerxético. Nos contratos de servizo para a elaboración de proxectos de obra, poderá establecerse a obriga de cálculo e/ou análise da pegada de carbono, coa finalidade de elixir as alternativas de deseño de obras e edificacións de maior rendemento enerxético e climático e de menor coste de ciclo de vida.

4. A consellería competente en materia de cambio climático, en colaboración coa consellería con competencias en materia de coordinación da contratación pública,



elaborará unha guía metodolóxica para o uso da pegada de carbono na contratación pública, coherente co marco normativo e as orientacións técnicas da Unión Europea e respectando os principios da contratación pública. Esta guía será actualizada periodicamente para integrar os avances en materia de dispoñibilidade de datos e metodoloxías de aplicación. Estas metodoloxías estarán aliñadas coa normativa e recomendacións da Unión Europea que se estableza nesta materia.





Artigo 28. Utilización da pegada de carbono na execución de contratos públicos

1. Nas licitacións nas que se contemplen criterios de adxudicación previstos no apartado 2 do artigo anterior, os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán recoller, como condición especial de execución, a obriga do contratista de medir a pegada de carbono na execución contractual, para dispoñer de datos sobre o nivel de emisións na execución contractual, para verificar o cumprimento dos compromisos asumidos polo licitador e, no seu caso, para determinar o alcance das medidas de compensación das emisións verificadas. Deberán determinarse os datos e metodoloxías de aplicación para o cálculo da pegada de carbono.

2. As ditas condicións especiais de execución poderán establecer obrigas de compensación de emisións de gases de efecto invernadoiro xerados na execución da obra ou servizo obxecto do contrato. Poderá esixirse que o cumprimento de medidas de compensación se estableza mediante o investimento en proxectos de absorción de carbono ou redución da emisión de gases de efecto invernadoiro, ligados ao sistema voluntario de créditos de carbono, de acordo coas previsión da Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

3. No caso previsto no apartado 1 deste artigo, a persoa contratista deberá presentar informe que indique o cálculo da pegada de carbono, coa periodicidade que indique o prego de cláusulas administrativas particulares, e, en todo caso, ao finalizar o contrato, co fin de comprobar o efectivo cumprimento do compromiso asumido pola persoa contratista. Nos contratos do sector público de valor estimado igual ou superior a dous millóns de euros, o informe de verificación deberá ser emitido por un verificador independente.

O órgano de contratación poderá realizar con medios propios ou licitar, como un lote do contrato, unha auditoría sobre a pegada de carbono na execución do contrato. Neste último caso, limitarase a participación de empresas licitadoras na prestación principal para garantir a independencia da adxudicación da auditoría. Nos contratos de obras, o director facultativo da obra asumirá entre as súas funcións a dirección da auditoría.

4. Para garantir que na fase de execución se cumpran os compromisos ofertados pola persoa licitadora e as condicións de execución do contrato ligadas a pegada de carbono, o prego de cláusulas administrativas particulares deberá prever as correspondentes penalidades por incumprimento, que deberán ser proporcionadas ao peso do criterio na valoración das ofertas.

5. Naqueles contratos de servizos que teñan por obxecto a satisfacción de necesidades de tracto sucesivo, poderá incentivarse, mediante un sistema de primas, a redución da pegada de carbono durante os anos de execución do contrato. So será posible a aplicación deste pago por rendemento cando sexa posible determinar datos



de referencia e metodoloxías de aplicación obxectiva para o cálculo da pegada de carbono.

6. Os órganos de contratación poderán esixir aos contratistas, como condición especial de execución que faciliten información sobre a pegada de carbono, o uso de materiais con baixas emisións de carbono e a circularidade dos materiais utilizados nos edificios novos e os que teñan que ser obxecto de renovación. Os órganos de contratación poderán poñer esta información a disposición do público para os contratos, en particular no caso dos edificios novos con una superficie superior a 2.000 m².



Artigo 29. Compra pública baixa en carbono por razón da proximidade

1. Os órganos de contratación do sector público autonómico e das entidades locais promoverán a adquisición de prestacións que xeren unha menor pegada de carbono na súa provisión por razón da proximidade dos produtos ou servizos utilizados na súa execución, coa finalidade de reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro.
2. Para facilitar o disposto no parágrafo anterior, o catálogo de cláusulas climáticas establecerá cláusulas e criterios, vinculados ao obxecto do contrato, que cumpran os requirimentos do apartado primeiro e que sexan respectuosos cos principios da contratación pública. Estas cláusulas darán preferencia ás condicións de execución do contrato e aos criterios de adxudicación que deban cumprirse na fase de execución do contrato, e que non supoñan en consecuencia un límite ao acceso á licitación.





Artigo 30. *Integración da perspectiva climática na xestión patrimonial*

1. Sempre que sexa posible, nos procedementos de adquisición con concorrencia e publicidade de bens inmobles a título oneroso por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as súas entidades do sector público autonómico, utilizaranse criterios de adxudicación que fagan referencia á redución de gases de efecto invernadoiro das propostas ou proxectos.
2. O establecido no paragrafo anterior tamén será aplicable aos procedementos de arrendamento de bens inmobles con concorrencia e publicidade que precisen os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou as entidades do sector público autonómico.



CAPÍTULO II

Medidas de fomento de proxectos e iniciativas climáticas

Artigo 31. Integración da perspectiva climática nas axudas públicas

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades do sector público autonómico convocarán axudas destinadas a fomentar proxectos e accións de mitigación e adaptación climática, para dar cumprimento aos obxectivos da presente lei e de acordo coas liñas de actuación e medidas do Plan Rexional Integrado de Acción Climática.
2. As convocatorias de axudas da Xunta de Galicia poderán incorporar a perspectiva climática cando se prevea fomentar actividades ou proxectos con impacto potencial nos obxectivos da presente lei, para apoiar os obxectivos de mitigación e adaptación da Estratexia Galega de Cambio Climático e do Plan Rexional Integrado de Acción Climática.
3. As convocatorias de axudas para a financiación de investimentos, financiadas total ou parcialmente con fondos europeos ou que executan medidas do Plan Rexional Integrado de Acción Climática ou medidas de integración da perspectiva climática nos plans e programas sectoriais, deberán cumprir o principio de non causar prexuízo significativo aos obxectivos medioambientais, de acordo co establecido no artigo 9 e 17 do Regulamento (UE) 2020/852, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles, coas orientacións técnicas da Comisión Europea para aplicación do indicado principio e, no seu caso, co que estableza a normativa da Unión Europea reguladora dos respectivos fondos de aplicación.
4. O Consello da Xunta poderá adoptar directrices para a incorporación obrigatoria de criterios e cláusulas específicas nas convocatorias de axudas do sector público autonómico.



Artigo 32. Integración da perspectiva climática na fiscalidade

O Consello da Xunta, no ámbito das súas competencias, promoverá a modificación dos instrumentos fiscais para incentivar no sector privado actuacións de apoio aos obxectivos de mitigación e adaptación climática da Estratexia Galega de Cambio Climático e as liñas de actuación do Plan Rexional Integrado de Acción Climática e da presente lei. Así mesmo, fomentará que os entes locais tamén adapten os seus instrumentos fiscais na mesma liña.



Artigo 33. Integración da perspectiva climática nos orzamentos

1. Os obxectivos da presente lei deberán incorporarse nas normas orzamentarias anuais coa finalidade de dispoñer de orzamentos climáticos. Dita obriga afectará aos orzamentos das seguintes entidades:

- a) Da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do sector público autonómico
- b) Dos concellos de máis de 20.000 habitantes
- c) Das deputacións provinciais

2. A lei de Orzamentos Xerais de Galicia introducirá, cada ano, partidas conducentes á adaptación e mitigación do cambio climático en Galicia.

3. Para dar cumprimento a dita obriga, os proxectos de lei de orzamentos deberán acompañarse dunha memoria que especifique as inversións que executen medidas do Plan Rexional Integrado de Acción Climática ou que supoñan a integración da perspectiva climática noutros plans sectoriais, e determine a contribución das inversións aos obxectivos climáticos.





Artigo 34 *Fondos para a Transición Climática e Circular de Galicia*

Os proxectos e actuacións, que sexan coherentes cos obxectivos e medidas da Estratexia Galega de Cambio Climático e dos Plans Rexionais Integrados de Acción Climática, poderán financiarse, entre outros, cos seguintes recursos:


- a) Os recursos económicos que, no seu caso, se deriven do Fondo Social para el Clima europeo, que se destinarán aos obxectivos e inversións establecidos no Regulamento (UE) 2023/955, do 10 de maio de 2023, polo que se establece un Fondo Social para el Clima, ou norma que o substitúa, e as medidas previstas no correspondente Plan Social polo Clima de España.
- b) Os recursos económicos derivados da recadación dos tributos afectados medioambientalmente nesta materia dotados orzamentariamente.
- c) Calquera outra fonte de recursos económicos que se considere adecuada para o financiamento dos ditos proxectos e actuacións.





Artigo 35 Rexistro galego de persoas promotoras da neutralidade climática

1. O Rexistro galego de persoas promotoras da neutralidade climática, adscrito á consellería con competencias en materia de cambio climático, ten como obxectivo que consten publicamente os compromisos asumidos voluntariamente por organizacións, tanto públicas como privadas, con ou sen personalidade xurídica, e calquera iniciativa ou evento que, mediante a compensación da súa pegada de carbono, colaboren na consecución do obxectivo da neutralidade climática na nosa comunidade.
2. A inscrición no rexistro será voluntaria e gratuíta. O ámbito de aplicación, funcionamento, contido e condicións para a inscrición, así como a posibilidade de obter beneficios administrativos por parte das entidades rexistradas desenvolveranse regulamentariamente.
3. O rexistro será público nos termos que establece a normativa que regula os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente, sen prexuízo do que establece a lexislación sobre protección de datos de carácter persoal.
4. De acordo co artigo 25.2 da Lei 6/2024, do 27 de decembro, de estatística de Galicia, o Instituto Galego de Estatística terá dereito a solicitar e obter os datos contidos no rexistro para executar a planificación estatística.





Artigo 36 *Sistema voluntario de créditos de carbono da Xunta de Galicia*

1. A Xunta de Galicia fomentará o desenvolvemento de proxectos e actividades dirixidos a incrementar a absorción de carbono e a redución da emisión de gases de efecto invernadoiro, mediante o sistema voluntario de créditos de carbono, previsto na Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.
2. Nas bases reguladoras e convocatorias de axudas e subvencións que realice a administración autonómica para o desenvolvemento de proxectos ou actividades que sexan susceptibles de absorber carbono ou eliminar a emisión de gases de efecto invernadoiro, poderán establecer criterios que teñan en conta os créditos de carbono xerados mediante ditas actuacións e recoñecidos no marco do sistema voluntario de créditos de carbono.





Artigo 37 *Sistema de recoñecemento de iniciativas de excelencia climática*

1. Regulamentariamente establecerase un sistema de recoñecemento de iniciativas de excelencia climática baseado en selos, distintivos ou premios autonómicos para recompensar o compromiso da cidadanía, das empresas e das entidades públicas e privadas coa mitigación do cambio climático, así como outras medidas e iniciativas climáticas.
2. Regulamentariamente poderán establecerse e regularse os distintivos e as cualificacións que recoñecen a aqueles municipios que conseguisen obxectivos de reducións de emisións, de adaptación climática e fomento da produción e consumo de proximidade.



TÍTULO IV

Instrumentos de sensibilización, educación e investigación

CAPÍTULO I

Sensibilización dos actores sociais

Artigo 38 *Campañas de información sobre o cambio climático*

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o resto de entidades do sector público autonómico promoverán campañas de sensibilización cidadá sobre o cambio climático e as medidas de mitigación e adaptación que se poidan aplicar desde os ámbitos públicos e privados. A tal efecto, promoverá, en colaboración coas entidades locais e outras entidades, accións de educación non formal para sensibilizar á poboación en xeral, con especial fincapé na mocidade.
2. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, en colaboración coas entidades locais, desenvolverá ferramentas de coñecemento e divulgación destinadas a museos, centros de ciencia, biblioteca e outros medios de comunicación e divulgación.
3. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, en colaboración cos órganos competentes da comunidade autónoma en materia de cultura e deporte, promoverá campañas de sensibilización e de divulgación de boas prácticas. Neste senso promoveranse acordos de colaboración coa industria cultural e as organizacións deportivas para acadar unha redución da pegada de carbono nos seus eventos, así como nas instalacións onde se celebren as competicións e eventos deportivos, e desenvolver eventos e iniciativas deportivas y artísticas de sensibilización.
4. As entidades locais poderán realizar campañas de sensibilización no marco do plano municipal de cambio climático.
5. A Consellería competente en materia de cambio climático levará a cabo estudos periódicos sobre o coñecemento e percepción social con relación ao cambio climático e creará, en colaboración coas entidades locais, canles de diálogo entre a cidadanía e as institucións, como base para deseñar políticas públicas e estratexias de sensibilización e comunicación máis efectivas.




CAPÍTULO II

Educación, investigación e colaboración con actores sociais de xeración de coñecemento climático

Artigo 39 *Integración da perspectiva climática na educación*


1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia procurará introducir en todos os niveis do sistema educativo e universitario de Galicia programas de formación dirixidos a proporcionar coñecementos, aptitudes e comportamentos que permitan o avance cara a neutralidade en carbono e a adaptación ao cambio climático, así como unha sociedade resiliente.
2. A consellería competente en materia de educación, en colaboración cos órganos competentes en materia de emprego e cambio climático, revisará o tratamento do cambio climático nos diversos itinerarios formativos da educación formal e informal, para que fomente a capacitación para avanzar en materia de cambio climático, impulsando a formación do profesorado. Neste proceso de revisión e adaptación dos itinerarios formativos, terase necesariamente en consideración a perspectiva e as necesidades de coñecemento técnico dos actores económicos e sociais.
3. As administracións públicas de Galicia promoverán a profesionalización e a formación continuada do persoal do Sector Público Autonómico implicado na xestión directa ou indirecta dos obxectivos e medidas da presente lei.
4. No caso de segmentos da poboación concretos, para garantir unha transición xusta, poranse en marcha accións para fomentar a actualización e o desenvolvemento das capacidades e coñecementos das persoas.



Artigo 40 *Integración da perspectiva climática na Investigación*

A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o resto de entidades do sector público autonómico adoptarán medidas para aumentar a capacidade de Galicia en investigación e innovación en materia de cambio climático e fomentar unha transferencia de coñecemento activa e eficaz, mediante a consecución dos seguintes obxectivos:

- a) Reforzar o sistema de vixilancia e seguimento dos efectos do cambio climático.
- b) Desenvolver modelos climáticos e oceanográficos como ferramenta de apoio á planificación e á toma de decisións.
- c) Reforzar o coñecemento e as capacidades de I+D en cambio climático e dos seus impactos en Galicia, con particular atención á xestión de recursos hídricos, á biodiversidade, ás enerxías renovables, á agricultura sostible, á protección dos ecosistemas e á resiliencia das infraestruturas, así como na mellora dos recursos forestais e a súa transformación industrial.
- d) Impulsar o estudo e as proxeccións dos efectos do cambio climático nos ecosistemas terrestres, mariños e costeiros, nos recursos hídricos, no sector primario (agrario, forestal, marisqueiro e pesqueiro), no medio urbano e rural e na saúde.
- e) Desenvolver instrumentos e estratexias para impulsar a acción climática na xestión do patrimonio natural de Galicia.
- f) Promover a investigación aplicada para adaptación climática do sector primario galego (agrario, forestal, marisqueiro e pesqueiro) ante as proxeccións a curto e medio prazo do cambio climático.
- g) Incorporar a perspectiva do cambio climático nos plans de apoio á investigación e innovación de Galicia.
- h) Poñer en marcha liñas de financiamento e de apoio de proxectos de interese de xestión do coñecemento e de I+D, para impulsar a transferencia de resultados de investigación cara a aplicacións industriais e a participación en programas europeos.
- i) Integrar os resultados e avances da investigación na planificación sectorial e xeral de Galicia fronte ao cambio climático.
- j) Impulsar a Compra Pública Innovadora para desenvolver novas solucións fronte ao cambio climático.




TÍTULO V

Meteoroloxía, climatoloxía e calidade do aire

Artigo 41 *A Rede de Observación Meteorolóxica e Climatolóxica de Galicia*

1. A Rede de Observación Meteorolóxica e Climatolóxica de Galicia é o conxunto de infraestruturas necesarias para a correcta prestación de servizos meteorolóxicos e climatolóxicos referidos neste título.
2. A dita Rede debe estar conformada, cando menos, polas seguintes infraestruturas:
 - a) Radares meteorolóxicos.
 - b) Estacións meteorolóxicas automáticas que cubran todo o territorio da Comunidade.
 - c) Boias mariñas.
 - d) Detectores de raios.
 - e) Cámaras web.
 - f) Un equipo de radiosondaxe.
 - g) Un sistema de recepción de imaxes e produtos de satélites meteorolóxicos.



Artigo 42 A Rede de Calidade do Aire de Galicia

A Rede de Calidade do Aire de Galicia está integrada por todas as estacións de calidade do aire fixas e móbiles situadas tanto en aglomeracións urbanas como en zonas rurais nas que exista unha obriga de control da calidade do aire segundo o establecido na lexislación vixente.

Para efectos funcionais, está constituída por todas as estacións de medición, equipadas con analizadores automáticos e manuais, de titularidade pública ou privada existentes no territorio da Comunidade Autónoma e que sempre deben cumprir cos criterios de implantación, mantemento e calidade previstos regulamentariamente.

A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia definirá os criterios que deben seguirse en canto ao número e a localización das estacións de calidade do aire conforme á normativa vixente, e estas pasarán a formar parte da Rede de Calidade do Aire de Galicia.



Artigo 43 Os servizos meteorolóxicos, climatolóxicos e de calidade do aire de Galicia

1. Os servizos meteorolóxicos, climatolóxicos e de calidade do aire de Galicia, subministrarán datos e información no eido da meteoroloxía, climatoloxía, calidade do aire e ciencias afíns, tanto ao sector público como á cidadanía e ao tecido empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia, con especial atención á información relativa ao ámbito das emerxencias, desenvolvendo, entre outras, as seguintes actividades:

- a) A elaboración, a subministración e a difusión das informacións meteorolóxicas e predicións de interese xeral para a cidadanía no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, incluíndo previsións no ámbito terrestre e no mariño e previsións específicas para diferentes situacións ou actividades como poden ser as previsións para os Camiños de Santiago, portos e confrarías, praias ou índice ultravioleta.
- b) Prognóstico de situacións meteorolóxicas de risco, realizando os correspondentes partes de aviso que serán difundidos á poboación e ás diferentes Administracións, especialmente ás institucións competentes en materia de protección civil. Realizar o seguimento deses fenómenos de risco e prestar asesoramento nesas situación de risco a calquera departamento da Administración que o requira e en especial ás autoridades de Protección Civil.
- c) Desenvolvemento e mantemento operativo de modelos meteorolóxicos tanto deterministas como por conxuntos, modelos hidrodinámicos, modelos de ondas e modelos de calidade do aire.
- d) Apoio na procura de solucións específicas para as persoas usuarias finais: loita contra incendios forestais, prevención de asolagamentos ou secas, apoio aos plans de xestión de contaminación mariña, episodios de calor ou frío, prognósticos do índice UV, previsións agrometeorolóxicas, navegación, turismo costeiro, pesca, enerxías renovables, afección á atmosfera de accidentes industriais e calquera outra que sexa necesaria.
- e) Mellora continua das diferentes operativas de predición mediante as mellores técnicas dispoñibles en cada momento, nomeadamente aquelas relacionadas cos modelos de datos baseados en intelixencia artificial.
- f) Elaboración de informes e estudos de carácter meteorolóxico e climatolóxico baixo demanda tanto de particulares como das diferentes administracións públicas.
- g) Elaboración e actualización das proxeccións de cambio climático.
- h) Mantemento e xestión da rede de observación meteorolóxica.
- i) Verificación, validación, almacenamento e distribución dos datos remitidos pola rede de observación meteorolóxica.





- j) Almacenamento e distribución dos datos remitidos pola rede de aforos de Augas de Galicia.
- k) Xestión da información meteorolóxica provinte de outras redes de observación.
- l) Depuración de series e a elaboración e distribución da información climatolóxica derivada da rede de observación.
- m) Xeración de produtos e servizos meteorolóxicos e climatolóxicos relacionados, entre outros, coa hidroloxía, cos incendios forestais, co sector agrícola e da saúde.
- n) Formación e sensibilización en temas meteorolóxicos, climáticos e de calidade do aire.
- o) Xestión de proxectos nacionais e internacionais sobre meteoroloxía e clima nos que participa a consellería competente en materia de medio ambiente e cambio climático.
- p) Elaboración de propostas de participación, xestión e posta en marcha de iniciativas innovadoras en materia de meteoroloxía, calidade do aire, clima e cambio climático que se poidan implantar ou desenvolver en Galicia.
- q) Apoio na dinamización de iniciativas innovadoras en materia de meteoroloxía, calidade do aire e clima que se implanten ou desenvolvan en Galicia, incluíndo a organización de eventos, xornadas e congresos.
- r) Deseño, implantación e xestión da Rede de Calidade do Aire de Galicia segundo a lexislación vixente.
- s) Mantemento das estacións de calidade do aire de titularidade a Xunta de Galicia.
- t) Verificación, validación, control de calidade e xestión dos datos remitidos en tempo real polas estacións da Rede de Calidade do Aire de Galicia.
- u) Comunicación dos datos a tempo real aos organismos establecidos segundo a lexislación vixente.
- v) Establecemento e revisión da zonificación e avaliación da calidade do aire de Galicia segundo a lexislación aplicable.
- w) Mantemento e control do sistema de comunicacións da Rede de Calidade do Aire de Galicia.
- x) Realización de campañas de medición indicativa coas unidades móbiles da Xunta de Galicia.
- y) Xestión, supervisión e avaliación das campañas de medición indicativa de contaminantes non maioritarios.
- z) Control e seguimento da aplicación dos requisitos esixidos pola normativa aplicable.
- aa) Elaboración dos informes de calidade do aire dentro dos procedementos de avaliación ambiental, de informes estatísticos e de cumprimento dos valores






límite, de información sobre a calidade do aire e do Informe anual de avaliación da calidade do aire de Galicia.

- bb) Colaboración na elaboración e seguimento de Plans de mellora da calidade do aire, Follas de ruta e Plans de Acción a Curto Prazo nas situacións previstas na lexislación vixente.
- cc) Atención ante alarmas xeradas polo sistema de xestión de datos das estacións de calidade e soporte na análise dos datos asociados ás alertas recibidas segundo o procedemento establecido.
- dd) Seguimento e análise de episodios de contaminación atmosférica segundo o Procedemento establecido.
- ee) Verificación do modelo de predición de calidade do aire, contrastando datos reais e datos da predición.
- ff) Atención ás solicitudes de información sobre o estado e datos da calidade do aire de Galicia.
- gg) Subministro de información de calidade do aire á cidadanía e colaboración con outros departamentos e administracións.


2. Estes servizos realizaranse sen prexuízo dos que lle corresponden ao Estado no ámbito das súas competencias.



Artigo 44 Fins dos servizos meteorolóxicos, climatolóxicos e de calidade do aire de Galicia

Os servizos meteorolóxicos, climatolóxicos e de calidade do aire de Galicia perseguirán os seguintes fins xerais:


- a) Elaborar predicións a diferentes prazos (moi corto, corto e medio prazo) para Galicia.
- b) Elaborar avisos por fenómenos meteorolóxicos adversos.
- c) Manter e xestionar os modelos operacionais de predición meteorolóxica, oceanográfica e de calidade do aire.
- d) Manter e xestionar unha rede de observación meteorolóxica e de calidade do aire.
- e) Tratar, explotar e divulgar os datos procedentes da devandita rede e dos modelos de predición operacionais.
- f) Promover actividades de formación, sensibilización e investigación en materia meteorolóxica, climatolóxica e de calidade do aire.
- g) Asistir e asesorar á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ás entidades instrumentais do sector público autonómico en materia meteorolóxica, climatolóxica e de calidade do aire.
- h) Prestar servizos de valor engadido e realizar as actividades de consultaría meteorolóxica e climatolóxica que demanden outras entidades públicas ou privadas.



DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Disposición adicional primeira. *Financiamento do Foro de Acción Climática de Galicia*

A constitución e posta en funcionamento do Foro de Acción Climática de Galicia non xerará aumento das consignacións orzamentarias da consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático






Disposición adicional segunda. *Correlación dos Instrumentos de Acción Climática*

A Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, aprobada o 3 de outubro de 2019, e o Plan Rexional Integrado de Enerxía e Clima 2030, aprobado o 20 de xaneiro de 2025, dan cumprimento durante a súa vixencia ao establecido no artigo 16 con respecto aos instrumentos de acción climática.

Os plans de acción para o clima e a enerxía sostible (PACES) aprobados darán cumprimento ao establecido no artigo 16 en referencia aos plans de acción local polo clima, durante a súa vixencia.



DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

Quedan derogadas cantas outras disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto nesta lei.



DISPOSICIÓN FINAIS

Disposición final primeira. *Habilitación normativa*

Autorízase ao Consello da Xunta de Galicia para que dite cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento desta lei.






XUNTA
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2025 12:29:39
Nº Rexistro: 33923
Data envío: 15/09/2025 12:29:39.137

Disposición final segunda. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Diario Oficial de Galicia».



CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA
XUSTIZA E DEPORTES

Diego Calvo Pouso

Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/09/2025 12:29:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2025 12:29:39
Nº Rexistro: 33923
Data envío: 15/09/2025 12:29:39.137

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 10 de setembro, sobre o impacto na biodiversidade e nos espazos naturais protexidos provocado polos lumes forestais acontecidos en Galicia en agosto de 2025 (**doc. núm 31887, [12/INT-001158]**).

Moción

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Desistir da utilización da marca, slogan ou campaña “Galicia refuxio climático”, por supoñer un uso incorrecto deste concepto e unha banalización e mercantilización dun proceso -o incremento das temperaturas- que causa sufrimento, destrución e morte. O concepto “refuxio climático” deberá ser empregado en exclusiva para referirse a unha zona natural ou urbana que ofrece unhas condicións ambientais favorábeis para protexer a poboación e a biodiversidade fronte a condicións climáticas adversas como ondas de calor, seca, escaseza de auga, etc.

2. Actuar coa máxima transparencia e informar sobre a superficie de Rede Natura 2000 afectada pola recente vaga de lumes, indicando a superficie queimada en cada un dos espazos e avaliando tamén a afección dos lumes nos hábitats de interese e nas especies protexidas.

3. Desenvolver un plan de protección, rexeneración e recuperación dos espazos naturais afectados polos lumes, directamente nas zonas de titularidade





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

pública e en colaboración cos demais axentes nas zonas de titularidade privada. Neste sentido, a consellaría de medio ambiente desenvolverá programas específicos de apoio e cooperación con entidades de conservación da natureza e de custodia do territorio. Pola súa relevancia e simbolismo, a Xunta colaborará especificamente na recuperación do proxecto comunitario de Ridimoas, un bosque de máis de 400 hectáreas situado nos concellos de Beade, Leiro e Carballeda de Avia.

4. Atender o mandato da Comisión Europea e aprobar de maneira urxente a ampliación da Rede Natura 2000, incluíndo aqueles hábitats de especial interese (nomeadamente queirogais, turbeiras,...) sobre os que existen estudos do ámbito académico encargados polo goberno galego. Aprobar no ano 2026 os plans de xestión de cada un dos espazos da Rede Natura 2000, cumprindo o requirimento neste sentido da Comisión Europea. E desistir da campaña populista que establece unha relación de causalidade entre a protección ambiental e os lumes.

5. En concordancia cos plans de ordenación dos recursos forestais e cos plans de prevención de incendios de distrito, elaborar plans de prevención específicos para os espazos, hábitats e especies protexidas. Previamente deberase levar a cabo a avaliación e revisión -incluíndo a análise das eivas e dos erros- das políticas de prevención e protección dos espazos naturais protexidos,

6. Desenvolver a Estratexia da Infraestrutura Verde e para a conectividade e a restauración ecolóxica mediante un plan de acción que inclúa obxectivos, liñas de actuación, orzamento e programa de seguimento e avaliación, que deberá estar aprobado no presente ano 2025. Neste plan de acción daráselle prioridade ás zonas gravemente afectadas polos lumes.

7. Encargar ao sistema universitario galego un estudo dos riscos derivados da crise ambiental e do cambio climático, e a planificación das actuacións necesarias de mitigación e adaptación nos espazos naturais protexidos.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

8. Desenvolver a lexislación e a normativa en materia de acción fronte á emerxencia ambiental e ao cambio climático, tendo en conta a súa incidencia territorial, nas actividades económicas, nos recursos hidrolóxicos, no patrimonio natural e na biodiversidade.

9. Diseñar e executar un programa de voluntariado ambiental (en coordinación con concellos e entidades de conservación da natureza) para a colaboración nos traballos de recuperación dos espazos naturais afectados polos lumes.

10. Apoiar as iniciativas de recuperación e dinamización das zonas afectadas polos lumes incentivando a educación ambiental, o turismo activo e da natureza e o turismo cultural.

Asemade, como consecuencia das graves eivas constatadas nas políticas de ordenación do monte, no desenvolvemento do rural e na protección dos espazos naturais e a diversidade, así como na prevención e extinción da devastadora vaga de incendios do pasado mes de agosto, o Parlamento acorda como resolución reprobar a actuación do goberno galego, do presidente da Xunta e da dirección política da Consellaría de Medio Ambiente e Cambio Climático.”

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Portavoz s. do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 12/09/2025 21:17:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 33874
Data envío: 12/09/2025 21:18:55,105

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/09/2025 21:18:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 33874
Data envío: 12/09/2025 21:18:55,105

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 10 de setembro, sobre a actuación da Xunta de Galiza respecto dos lumes forestais de agosto de 2025, tanto no referido ao aspecto preventivo como ao labor de extinción (**doc. núm 31883, [12/INT-001157]**).

Moción

“O Parlamento insta a Xunta a, logo dos efectos devastadores da vaga de lumes de agosto de 2025 e as graves eivas constatadas no ámbito da prevención e extinción, aprobar as seguintes medidas:

1. No ámbito da ordenación e desenvolvemento sustentábel do territorio, do rural e do monte.

- Incardinar toda a política de prevención e extinción no desenvolvemento autocentrado e multifuncional do monte e do medio rural, así como da ordenación integral do territorio.
- Desenvolvemento dun plan de reactivación económica, mobilización e posta en uso de terra agraria abandonada, dotación de equipamentos e servizos, vivenda pública, emprego e apoio financeiro aos concellos rurais, prestando especial atención a aqueles de maior risco.
- Aplicar de forma efectiva o principio de desenvolvemento multifuncional do monte na que teña un papel central o desenvolvemento de sistemas de pastoreo e gandería extensiva, a plantación e xestión de madeiras de calidade, os cultivos

Asinado o día 12/09/2025 ás
21:18
Por Ana Pontón Mondelo

Asinado o día 12/09/2025 ás
21:17
Por Montserrat Valcárcel Armesto





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

máis resilientes ao lume e outros usos axeitados ás novas circunstancias climáticas.

- Tendo en conta a condición do eucalipto como especie colonizadora e de alta combustibilidade, e os riscos derivados da súa presenza excesiva no territorio, aprobar unha moratoria indefinida para esta especie. Ao mesmo tempo, desenvolverase un programa anual de eliminación de plantacións ilegais de así como a redución da súa presenza en zonas da interface urbano forestal.
- Recuperar como principio de ordenación e xestión do monte a silvicultura preventiva e a ordenación en mosaico, incluíndo na nova lexislación os artigos derogados da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- Aprobar no período 2025-2026 os Plans de ordenación dos recursos forestais (PORF) de distrito, dándolle prioridade ás zonas de maior impacto dos lumes, xerando un amplo proceso de participación social e establecendo os seguintes criterios: implantar a obriga de acometer a estrutura forestal en mosaico, alternando especies de distinta combustibilidade, devasas e pasteiros co obxecto de promover a biodiversidade do noso monte e como medida de seguridade, de maneira que sirva de freo á propagación do lume e facilite a súa extinción.
- Colaborar de maneira activa coas comunidades de montes en mancomún na extensión da ordenación e xestión multifuncional e converter as máis de 250.000 hectáreas de montes de xestión pública no escaparate principal da boa xestión e da multifuncionalidade do monte.
- Duplicar o investimento en prevención no prazo de dous anos.

2. No ámbito da defensa do monte fronte aos incendios.

Atendendo ás características de alta vulnerabilidade do territorio galego e especialmente á experiencia catastrófica da última vaga de lumes, o modelo de prevención e extinción, así como o propio SPIF, deben basearse na seguridade dos





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

núcleos rurais, na rapidez de resposta e na efectiva coordinación de todo o sistema de emerxencias. Para iso, este modelo debería modificarse e adaptarse para atender aos seguintes requisitos que na súa maioría aparecen recollidos no informe do grupo de expertos do ano 2019 e que non se aplicaron:

- Desenvolvemento dun plan efectivo de vixilancia e detección dos focos incendiarios, ademais dun plan de devasas cun seguimento da Consellaría, como mínimo, dende marzo ata final da época de alto risco.
- Facer cumprir a normativa de xestión de biomasa, nas zonas de dominio público, aos titulares das estradas, FFCC e de diferentes vías de comunicación, ademais doutras instalacións, como postes de tendido eléctrico, telefónico e instalacións de risco.
- Ampliar a franxa secundaria de 50 a 100 metros. Nos primeiros 50 m. control da biomasa e prohibición de especies de alta combustibilidade e nos outros restantes labores de silvicultura preventiva (podas, clareos, rareos, devasa da mato, etc.).
- Nas zonas de alto risco ou de incendios recorrentes que afecten potencialmente aos núcleos rurais deben articularse medidas de perímetros especiais con devasas de seguridade e protección de máis amplitude nas zonas forestais ou nas agrícolas abandonadas da interface urbano-forestal -na dirección dos ventos dominantes-, de acordo con criterios técnicos de seguridade.
- Implicar na vixilancia preventiva a colectivos veciñais, comunidades de montes, propietarios forestais e cooperativas agrícolas.
- Mellorar a integración e coordinación entre os servizos de emerxencias (bombeiros urbanos e comarcais, GES) e o servizo de extinción de incendios forestais; comarcalización dos parques das cidades; re-definición das brigadas municipais para que asuman prioritariamente labores preventivas; reforzo da cobertura territorial dos servizos de extinción nas zonas de maior risco; creación de unidades de reforzo e apoio para o ataque a grandes incendios dotadas con





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoal e medios especiais; creación de 70 brigadas móbiles de vixilancia nas zonas de alto risco; renovación e dotación de equipos e material.

- Mellorar o mantemento dos puntos de auga en todo o territorio, especialmente nas zonas de alto risco. Como alternativa, nos períodos de seca, debería preverse un servizo de camións alxibes para repoñer os puntos de auga e deixalos operativos, así como facer obras de mellora das captacións de moitos deles.

Asemade, como consecuencia das graves eivas constatadas nas políticas de ordenación do monte e desenvolvemento do rural, así como na prevención e extinción da devastadora vaga de incendios do pasado mes de agosto, o Parlamento acorda como resolución reprobar a actuación do goberno galego, do presidente da Xunta e da dirección política da Consellaría do Medio Rural.”

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2025

Asdo.: **Montserrat Valcárcel Armesto**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 12/09/2025 21:17:52

Ana Pontón Mondelo na data 12/09/2025 21:18:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 33875
Data envío: 12/09/2025 21:19:20.887

CSV: BOPGDSPG-acilMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/09/2025 21:19:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 33875
Data envío: 12/09/2025 21:19:20.887

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 33876
Data envío: 13/09/2025 09:43:40,483

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, **María Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **Moción** para substantivar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 9 de setembro de 2025, sobre o desenvolvemento das actividades previstas no Pladiga e a garantía de recursos humanos nos servizos de prevención e extinción de incendios forestais (doc. núm. 20453).

MOCIÓN

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Constituír, de maneira inmediata, nun prazo máximo de 30 días, unha comisión de seguimento, do ditame aprobado polo Parlamento de Galicia en 2018 a raíz da vaga de lumes de 2017.
2. Presentar no Parlamento de Galicia, de maneira inmediata, o informe xa elaborado polo Goberno galego, como indicou o presidente Rueda en sede parlamentaria, sobre cada unha das medidas do ditame e o seu nivel de cumprimento.
3. Presentar, no prazo de un mes, un cronograma de actuacións para aquelas medidas que aínda non foron cumpridas, establecendo prazos, orzamento e responsables para a súa plena implementación.
4. Elaborar e presentar un informe por cada distrito forestal que recolla as medidas preventivas previstas no Pladiga realizadas nos últimos dezasete anos, co fin de avaliar o seu impacto real e detectar déficits de actuación. Co

Asinado o día 13/09/2025 ás
09:42
Por José Ramón Gómez Besteiro

Asinado o día 13/09/2025 ás
09:42
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

116394

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 33876
Data envío: 13/09/2025 09:43:40,483

detalle de investimentos, execución real, impacto e déficits detectados, así como o plan corrector correspondente.

5. Aprobar un plan urxente de cobertura de vacantes e estabilización do persoal de prevención e extinción: concurso de traslados pendentes, OPES, relación pública de vacantes, cobertura inmediata delas, operativo activo 12 meses, formación homologada, plans de saúde laboral, renovación de EPI e vehículos.

6. Cumprir coa lexislación vixente, presentando o Pladiga de cada ano no prazo establecido na normativa aplicable.

7. A aprobación dun plan de desenvolvemento de ciclos forestais completos en Galicia que xere valor engadido, cunha industria transformadora local que cree emprego de calidade e riqueza no territorio

8. A que o presidente da Xunta de Galicia asuma as súas responsabilidades políticas ante a vaga de lumes producida no verán e que presente de inmediato a súa dimisión.

Santiago de Compostela, 13 de setembro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

116395

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-acilMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/09/2025 9:42:46

José Ramón Gómez Besteiro na data 13/09/2025 9:42:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 33876
Data envío: 13/09/2025 09:43:40,483

CSV: BOPGDSPG-acilMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/09/2025 9:43:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2025 10:00:00
Nº Rexistro: 33876
Data envío: 13/09/2025 09:43:40,483

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 11:51:30
Nº Rexistro: 33310
Data envío: 05/09/2025 11:51:30.817

Asinado o día 05/09/2025 ás 11:49
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

Este verán os incendios asolaron Galicia. Trala vaga de lumes, o presidente da Xunta de Galicia convocou unha reunión cos alcaldes e alcaidesas dos concellos afectados. Porén, o encontro quedou reducido a unha exposición unilateral por parte do Goberno galego, sen dar espazo a un diálogo político real, e coa sorprendente afirmación do presidente de que “non era unha reunión para falar de política”.

Asinado o día 05/09/2025 ás 11:48
Por Lara Méndez López

O Grupo Parlamentario Socialista considera esta postura profundamente equivocada. Os incendios forestais non son un accidente illado nin unha cuestión meramente técnica: son un problema estrutural que require decisións políticas de planificación, prevención, coordinación interinstitucional e apoio integral ás zonas afectadas. Negar o debate político equivale a renunciar a afrontar as causas de fondo dos lumes: o abandono do rural, a ausencia dun plan serio de prevención, a falta de recursos suficientes e a inexistencia dunha estratexia clara para a recuperación do territorio queimado.

As axudas anunciadas polo Goberno galego, aínda que necesarias, son consideradas insuficientes, carecen de concreción en prazos e procedementos e preséntanse sen un plan integral que permita reconstruír o territorio de maneira ordenada e sostible. Ademais, as cantidades destinadas aos concellos (entre 20.000 e 40.000 euros) resultan claramente insuficientes para cubrir os danos ocasionados en infraestruturas públicas, camiños, áreas recreativas e

Asinado o día 05/09/2025 ás 11:48
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

116398

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 11:51:30
Nº Rexistro: 33310
Data envío: 05/09/2025 11:51:30.817

edificacións municipais, e o feito de seren de concorrencia competitiva introduce incerteza e desigualdade entre concellos igualmente afectados.

Por todo isto, é necesario abrir un proceso real de diálogo coas entidades locais, articulado a través de mesas de traballo e decisións consensuadas, e garantir un proxecto estratéxico de recuperación que vaia máis alá dos parches e das comparecencias futuras.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Abrir de maneira inmediata un proceso de diálogo real cos concellos afectados polos incendios forestais, a través de mesas de traballo e coordinación interinstitucional.
2. Deseñar e poñer en marcha un plan integral de recuperación das zonas afectadas polos lumes.
3. Incrementar as contías das axudas destinadas aos concellos, asegurando que estas sexan suficientes para cubrir os danos ocasionados e que se distribúan de maneira equitativa, sen exclusión derivada de procedementos de concorrencia competitiva.

Parlamento de Galicia, 5 de setembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

116399

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 05/09/2025 11:48:46

Lara Méndez López na data 05/09/2025 11:48:54

José Ramón Gómez Besteiro na data 05/09/2025 11:49:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 11:51:30
Nº Rexistro: 33310
Data envío: 05/09/2025 11:51:30.817



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2025 11:51:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 11:51:30
Nº Rexistro: 33310
Data envío: 05/09/2025 11:51:30.817

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario do Partido Popular, través do seu portavoz, e a iniciativa dos deputados e deputadas **Víctor Baladrón Lamas, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández e Gonzalo Trenor López** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de Lei para o seu debate en pleno**.

Exposición de motivos:

O pasado 2 de agosto tivo lugar en A Gudiña unha multitudinaria manifestación convocada pola plataforma Dereito ao Tren, coa participación de milleiros de persoas das comarcas de Monterrei, A Limia, Valdeorras, Trives, Conso-Frieiras, da veciña Sanabria e mesmo do norte de Portugal. Todas elas reclamaron a rectificación inmediata da decisión de RENFE de suprimir, dende o 9 de xuño, as paradas dos trens de alta velocidade na estación A Gudiña–Porta de Galicia.

Esta medida supón un grave prexuízo para o sur de Ourense, pois unha infraestrutura concibida como porta de entrada a Galicia permanece hoxe infrautilizada, con horarios irracionais e discriminatorios para quen vive no medio rural.

Cómpre lembrar, ademais, que poucos días despois desa mobilización unha vaga de incendios devastadores arrasou a provincia de Ourense, con especial incidencia nas comarcas de A Gudiña, Monterrei, Valdeorras, Trives e Conso-Frieiras. Agora, máis ca nunca, estas comarcas precisan servizos públicos de transporte que favorezan a súa recuperación económica e social.

Por todo o exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do goberno de España o restablecemento inmediato das paradas suprimidas dende o 9 de xuño dos trens de alta velocidade na estación A Gudiña–Porta de Galicia, con horarios útiles e adaptados ás necesidades da poboación”.

Santiago de Compostela, 5 de setembro 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

Asinado o día 05/09/2025 ás
12:13
Por Alberto Pazos Couñago





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 12:24:07
Nº Rexistro: 33317
Data envío: 05/09/2025 12:24:07.880

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-acilMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 05/09/2025 12:13:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 12:24:07
Nº Rexistro: 33317
Data envío: 05/09/2025 12:24:07,880

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2025 12:24:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 12:24:07
Nº Rexistro: 33317
Data envío: 05/09/2025 12:24:07.880

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luís Bará Torres**, **Paulo Ríos Santomé** e das deputadas **Alexandra Fernández Gómez**, **Montserrat Valcárcel Armesto** e **Sonia Vidal Lamas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a paralización cautelar dos proxectos eólicos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 1 de agosto de 2025 o TXUE emitiu unha resolución que resolve a cuestión prexudicial proposta polo TSXG a respecto da diferenza de criterio con Tribunal Supremo a respecto da necesidade ou non de que os informes sectoriais sobre os proxectos eólicos teñan que estar incluídos na documentación sometida a información pública. Na citada resolución, o TXUE avala o criterio da Xunta, referendado polo Tribunal Supremo, no sentido de que nin a lexislación europea nin a estatal sobre tramitación ambiental obrigan a que os informes sectoriais se sometan ao procedemento de información pública.

Mais alá destes feitos, a Xunta e a patronal eólica fixeron unha interpretación torticeira e manipuladora da resolución do TSXU. Esta refírese única e exclusivamente á citada cuestión prexudicial e non a todos os proxectos eólicos que foron paralizados cautelarmente polo TSXG por motivos concretos, a maior parte deles por eivas na avaliación ambiental e por provocar danos irreparábeis no medio natural, na biodiversidade e noutros valores do territorio. Polo tanto, en contra do que di o goberno galego do PP, a maior parte dos proxectos paralizados polo TSXG non se ven afectados pola resolución do TSXG.



Resulta absolutamente rexeitábel a campaña de acoso e descrédito que a Xunta e a patronal eólica levan a cabo, de maneira coordinada, contra o máximo tribunal de xustiza galego. Unha campaña de presión que ten como obxectivo amedrentar, disuadir e chantaxear a todas aquelas organización e instancias que están poñendo freo a un desenvolvemento eólico extractivista e depredador, e que ademais crea inseguridade xurídica pola falta de garantías de respecto á normativa ambiental.

Esta inseguridade xurídica trae relación coa falta de ordenación e protección ambiental, os continuos cambios normativos feitos a medida dos intereses da patronal eólica, e a vulneración dos dereitos da veciñanza afectada.

Temos pois un goberno que en lugar de defender os intereses do país e un desenvolvemento ordenado e racional das renovábeis, ponlle a alfombra vermella ás grandes empresas extractivas e pasa por riba dos dereitos da veciñanza das zonas rurais do noso país, que está sufrindo un auténtico asedio de macroproxectos tramitados simultaneamente, ubicados en zonas sensíbeis, avaliados sen considerar os efectos sinérxicos e acumulativos e con unha normativa aprobada pola Xunta e o goberno central que toma partido a favor dos poderosos.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galega presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Respetar as decisións do TSXG en relación coa tramitación dos proxectos eólicos, e a cesar na campaña de acoso e derrubo contra este tribunal.
2. Deixar de terxiversar e manipular o alcance das resolucións xudiciais do TXUE e do TSXG.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Promover un desenvolvemento das enerxías renovábeis ordenado, garantista e que responda aos intereses do país e da maioría social”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 05/09/2025 13:54:43

Paulo Ríos Santomé na data 05/09/2025 13:55:00

Alexandra Fernández Gómez na data 05/09/2025 13:55:08

Montserrat Valcárcel Armesto na data 05/09/2025 13:55:14

Sonia Vidal Lamas na data 05/09/2025 13:55:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 13:56:58
Nº Rexistro: 33329
Data envío: 05/09/2025 13:56:58,081



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 13:56:58
Nº Rexistro: 33329
Data envío: 05/09/2025 13:56:58,081

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2025 13:56:58

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Secundino Fernández Fernández** e da deputada **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno** sobre a tramitación do Polígono Agroforestal de San Miguel (Valga).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) está a desenvolver o Polígono Agroforestal de San Miguel de Valga, con data de acordo de inicio o 20.7.2023 (DOG do 10 de agosto de 2023). No mes de outubro de 2023 publicouse a declaración de utilidade pública e interese social, por medio do Decreto 132/2023 do 14 de setembro (DOG do 3 de outubro de 2023). Este proxecto ten unha superficie de 29,57 ha divididas en 377 parcelas e segundo informacións difundidas polo concello de Valga estaría destinado a viñado.

Na comisión informativa que tivo lugar no parlamento o 13 de xuño de 2025 a directora da AGADER afirmou que se presentaron un total de 36 alegacións por parte de propietarios de parcelas afectadas polo Polígono Agroforestal. Mais esta afirmación é incorrecta xa que en realidade presentáronse máis de 300 sinaturas, das cales 68 pertencen a propietarios de parcelas incluídas no perímetro do Polígono.

Tendo en conta que o número total de propietarios afectados é de 107, isto supón que un 63,5% das persoas titulares manifestaron a súa oposición ao proxecto, o que resulta relevante aos efectos do previsto no punto 1 do artigo 68 da lei 11/2021



de recuperación da terra agraria, que establece que “será necesario contar co acordo das persoas titulares da superficie que represente, como mínimo, o 70% das terras incluídas no perímetro proposto para o Polígono Agroforestal”.

A tramitación deste proxecto fíxose con total ocultación e falta de transparencia, xa que a primeira noticia que tivo a veciñanza foi nun acto informativo que tivo lugar o 10 de novembro de 2023, meses despois de publicarse o acordo de inicio.

A directora de AGADER afirmou na citada comisión que se celebraron reunións coa veciñanza os días 8 de abril de 2022 e 28 de novembro de 2022. Nesas xuntanzas participaron representantes da Xunta, representantes do Concello de Valga, o presidente da comunidade de montes e tres veciños. Non houbo por tanto unha información directa á veciñanza: non se informou publicamente da súa realización e non se deu conta dos temas tratados.

En relación coa reunión do 10 de novembro de 2023, esta foi convocada polo Concello de Valga e nela non se deu información clara sobre este tipo de polígonos. Pola contra, deuse unha información confusa xa que se asimilou o polígono a unha concentración parcelaria cando son figuras moi diferentes.

En canto á afirmación da directora da AGADER de que 43 veciños e veciñas manifestaron estar dacordo co proxecto, esta información é tamén incorrecta. En ningún momento se realizou unha votación formal polo que é imposible que se acredite cal foi o parecer das persoas asistentes á xuntanza.

A realidade é que na parroquia de San Miguel de Valga existe unha grande preocupación por un proxecto que non responde ás necesidades reais da poboación local e non se adapta ao contexto socioeconómico e agrario da parroquia.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a desistir da tramitación do Polígono Agroforestal de San Miguel de Valga, por non responder ás necesidades reais da poboación local, non adaptarse ao contexto socioeconómico e agrario da parroquia e non contar co acordo do 70% das persoas titulares dos terreos.”

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 05/09/2025 16:52:31

Montserrat Valcárcel Armesto na data 05/09/2025 16:52:48

Secundino Fernández Fernández na data 05/09/2025 16:53:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 16:56:07
Nº Rexistro: 33336
Data envío: 05/09/2025 16:56:07,088

CSV: BOPGDSPG-acilMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2025 16:56:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 16:56:07
Nº Rexistro: 33336
Data envío: 05/09/2025 16:56:07,088

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 09:34:09
Nº Rexistro: 33387
Data envío: 08/09/2025 09:34:09.026

Asinado o día 08/09/2025
09:32
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Oscar Insua Lema** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a necesidade de incorporar na rede de transporte público novas rutas directas e máis rápidas de Muxía á Santiago de Compostela e á Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De todos é sabido que o único transporte público para mobilizar un alto número persoas na Costa da Morte é o autobús. É o único medio que ten a maioría dos veciños e veciñas que non teñen vehículo particular para desprazarse entre as distintas localidades da comarca e entre estas e as cidades máis próximas, A Coruña e Santiago de Compostela. Seguimos a espera de que os gobernos de Galiza e do Estado español comecen a realizar os estudos pertinentes para implantar o ferrocarril como transporte público na Costa da Morte.

Non hai moito que a Xunta de Galiza reformulou as rutas e horarios do servizo de transporte público de autobuses, co fin de optimizar e mellorar este servizo, mais non foi o caso de Muxía, quedando relegada a ter un peor servizo de conexións coas cidades da provincia. As distancias de Muxía a Santiago e á Coruña son de 73 e 94 quilómetros, respectivamente, e o tempo destes percorridos nun vehículo particular son de 1 hora a Santiago de Compostela e de 1 hora e 10 minutos á Coruña. Sen embargo, as rutas e horarios publicadas polas empresas adxudicatarias e encargada de levar a cabo estas rutas de transporte de viaxeiros están moi lonxe do que os veciños e veciñas da comarca demandan, que non é outra cousa que aló menos a existencia de rutas diarias e máis directas a estas cidades.

Asinado o día 08/09/2025 ás
09:32
Por Paulo Ríos Santomé

Asinado o día 08/09/2025 ás
09:32
Por Oscar Insua Lema





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O traxecto entre Muxía e A Coruña foi adxudicado á empresa Arriva e só ofrece unha viaxe de 32 paradas de luns a venres ás 6 da mañá e outra de volta ás 15.00 horas con máis de 30 paradas que duran entre 2 horas e 2 horas e media, viaxe que percorre Camariñas, Laxe, Ponteceso e chega ata Buño. O sábado este único traxecto que existe chega a ir ata Malpica, ten 47 paradas e dura 3 horas a viaxe, converténdose nun auténtico tour turístico. No caso dos domingos, só ofrecen 2 viaxes de ida e dúas de volta, pero cos mesmos itinerarios e paradas que o sábado.

A conexión entre Muxía e Santiago foi adxudicado á empresa Monbus, e ofrece 3 viaxes de luns a domingo, dúas delas duran 1 hora e 45 minutos con máis de 30 paradas, e a outra 3 horas, dado que antes de levarche a Santiago, lévanche a Fisterra, non fora a ser que un se esquecera de coñecer a fin da terra.

De todos é coñecido, que especialmente nos meses de verán, coa chegada masiva de peregrinos tanto a Fisterra como a Muxía, a demanda se incrementa, reducíndose o número de prazas dispoñibles para a veciñanza, ao que se lle suma o ter que soportar os tempos excesivos de viaxe anteriormente descritos. Hai tempo que en Muxía se vén demandando o establecemento de rutas máis directas coa capital galega, polo que é preciso que alo menos exista un traxecto diario de ida e volta máis directo, con menos paradas e cunha duración máis curta. É necesario mellorar estas conexións, en tempo e distancia, pois non é posible que unha persoa que queira ir ao aeroporto, precise case catro horas no peor dos casos, si opta por unha das rutas do autobús dende Muxía.

O novo mapa de rutas e os seus horarios dende logo que impiden o asentamento permanente de poboación en Muxía, e na costa da morte en xeral, pois é difícil que unha persoa que teña o seu traballo en Coruña ou en Santiago de Compostela poida empadronarse e vivir en Muxía e chegar a tempo ao seu traballo se escollese o autobús como transporte público, que por desgraza é o único que temos. Un mapa de rutas, o de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Muxía, que non serve para impulsar a súa demografía, por razóns coma a anterior, e iso que o artigo 81 da lei 5/2021 de impulso demográfico de Galiza, establece que “A Administración autonómica articulará unha rede de transportes e comunicacións que garanta a mobilidade e a conexión, preferentemente diaria, da poboación e permita o pleno desenvolvemento da vida persoal, familiar e profesional en todo o territorio galego. Neste sentido, procurarase o establecemento de liñas de transporte regular ou á demanda entre o medio rural e costeiro non urbano e o urbano, así como o aumento do número e das posibilidades de solicitude e acceso de transportes adaptados”.

É evidente que calquera veciño ou veciña que queira acudir a unha cita médica á Coruña ás 9 da mañá non pode utilizar o transporte público, e por desgraza son moitas as veces que isto ocorre, ao ter que ir á citas médicas con especialistas que só atenden consultas no hospital da Coruña, e non no de Cee. Tamén existen moitos estudantes universitarios de Muxía que utilizan este único transporte público para ir tanto a Coruña como a Santiago, e non se lles está a ofrecer uns horarios acordes aos seus, polo que sería adecuado establecer horarios de volta os venres á última hora do día, e os domingos viaxes de ida tamén á última hora da tarde coas menos paradas posibles.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O parlamento galego insta a Xunta de Galiza a incorporar na rede de transporte público unha ruta diaria de ida e volta directa entre Muxía con Santiago de Compostela e con Coruña, cunha duración do traxecto non superior á hora e media”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 08/09/2025 9:32:05

Paulo Ríos Santomé na data 08/09/2025 9:32:14

Ana Pontón Mondelo na data 08/09/2025 9:32:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 09:34:09
Nº Rexistro: 33387
Data envío: 08/09/2025 09:34:09.026

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/09/2025 9:34:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 09:34:09
Nº Rexistro: 33387
Data envío: 08/09/2025 09:34:09.026

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, María Deza Martínez, Jesús Fernández Rosende, Miguel Fidalgo Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A frota do cerco galega leva semanas denunciando a contradición entre a abundancia de sardiña e bocarte nas augas de Galicia e a imposibilidade de pescarlos por mor da distribución de cotas establecida polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. Desde o 18 de agosto, o bocarte está prohibido para os cerqueiros galegos, asturianos e cántabros ao sur de Fisterra, pese a que a súa presenza é elevada e as capturas serían sustentables segundo os informes científicos.

Esta situación provoca graves perdas económicas, ineficiencias na xestión dos recursos e unha sensación de discriminación respecto doutras frots que si poden acceder a estas pesqueiras mediante intercambios de cota. Ademais, Galicia representa a principal frota do cerco do Estado e debería contar cunha maior capacidade de decisión sobre a xestión destes recursos estratéxicos para o sector, os portos e as industrias transformadoras.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

Asinado o día 09/09/2025 ás
11:20
Por Alberto Pazos Couñago





- 1.- Reclamar diante do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a reapertura inmediata da pesqueira de bocarte desde Fisterra ao Miño para a frota galega do cerco.





- 2.- Solicitar a revisión urxente do sistema de reparto e intercambio de cotas de sardiña e bocarte, de maneira que se adapte á realidade biolóxica e pesqueira das augas galegas e garanta igualdade de trato para a frota galega.
- 3.- Demandar unha maior implicación da Xunta nos foros estatais e europeos para defender o interese específico da frota do cerco galego e evitar situacións de infrautilización dos recursos dispoñibles”.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 09/09/2025 11:20:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 11:20:36
Nº Rexistro: 33538
Data envío: 09/09/2025 11:20:36.032

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 11:20:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 11:20:36
Nº Rexistro: 33538
Data envío: 09/09/2025 11:20:36.032

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, María Deza Martínez, Jesús Fernández Rosende, Miguel Fidalgo Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A frota galega de arrastre que faena no caladoiro das Malvinas está a sufrir as consecuencias dunha menor dispoñibilidade de calamar loligo, recurso clave para a súa actividade e tamén para o equilibrio ecolóxico da zona.

Segundo os investigadores do Instituto de Investigacións Mariñas (IIM-CSIC), esta escaseza pode estar directamente relacionada coa sobrepesca en augas internacionais próximas, onde operan milleiros de buques de países terceiros, especialmente asiáticos, que capturan pota sen ningún tipo de control nin mecanismos de xestión internacional efectivos.

Esta actividade non regulada prexudica á frota galega, á economía vinculada ao porto de Vigo e tamén á sustentabilidade dun ecosistema mariño de enorme valor estratéxico. Galicia non pode permanecer allea a esta realidade, que require unha posición firme da Xunta e unha presión constante diante do Estado e das institucións comunitarias para esixir acordos internacionais de xestión pesqueira.





Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

- 1.- Impulsar nos foros internacionais mecanismos de control e xestión da pesca en augas internacionais do Atlántico Sur, para evitar a sobreexplotación do calamar loligo e outros recursos.
- 2.- Solicitar á Comisión Europea que inclúa esta cuestión na súa axenda diplomática e pesqueira, negociando con países terceiros e organismos rexionais de pesca para acadar acordos efectivos de sustentabilidade.
- 3.- Defender, en coordinación co sector, a necesidade de reforzar os mecanismos de seguimento científico e de apoio á frota galega que faena nas Malvinas, asegurando a viabilidade socioeconómica do porto de Vigo e do emprego asociado”.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 09/09/2025 11:37:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 11:37:51
Nº Rexistro: 33542
Data envío: 09/09/2025 11:37:51.492

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 11:37:51
Nº Rexistro: 33542
Data envío: 09/09/2025 11:37:51.492

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 11:37:52

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, María Deza Martínez, Jesús Fernández Rosende, Miguel Fidalgo Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O réxime especial do mar contempla coeficientes redutores da idade de xubilación en recoñecemento á penosidade e perigosidade do traballo mariñeiro. Sen embargo, a actual interpretación que fai o Instituto Social da Mariña (ISM) e a Secretaría Xeral de Pesca establece diferenzas inxustificadas entre buques conxeladores que operan en condicións semellantes, provocando que centos de mariñeiros galegos vexan atrasada a súa xubilación.

Segundo as organizacións do sector, isto supón unha clara discriminación, xa que non existen diferenzas reais nas condicións laborais a bordo destes barcos. Ademais, afecta a máis de 1.500 traballadores en Galicia, especialmente de arrasteiros e palangreiros conxeladores, que desenvolven a súa actividade en augas internacionais e en condicións extremas.

É urxente que a Xunta de Galicia defenda os intereses destes profesionais e inste ao Goberno do Estado a revisar e modificar a normativa, eliminando interpretacións arbitrarias que penalizan a uns mariñeiros fronte a outros.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

Asinado o día 09/09/2025 ás
12:09
Por Alberto Pazos Couñago





- 1.- Reclamar a modificación urxente da normativa sobre coeficientes redutores, garantindo igualdade de trato para todos os mariñeiros que traballan en barcos conxeladores, independentemente da súa tipoloxía.
- 2.- Solicitar a eliminación de interpretacións administrativas arbitrarias por parte do ISM que atrasan a idade de xubilación de centos de traballadores galegos.
- 3.- Defender no Consello Galego de Pesca e nos foros de diálogo social unha posición unitaria do sector e da Xunta para que esta reivindicación sexa atendida polo Estado”.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 09/09/2025 12:09:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 12:10:03
Nº Rexistro: 33546
Data envío: 09/09/2025 12:10:03.163

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 12:10:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 12:10:03
Nº Rexistro: 33546
Data envío: 09/09/2025 12:10:03.163

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Julio García Comesaña, Miguel Fidalgo Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Vigo e Redondela constitúen unha unidade funcional dentro da área metropolitana, con máis de 20.000 desprazamentos diarios entre ambos municipios. Sen embargo, o custo do transporte, tanto por estrada como por ferrocarril, é dos máis elevados de Galicia.

A recente decisión de Audasa de redondear ao alza os peaxes da AP-9 no tramo de Rande supón pagar 1,20 € por quilómetro, mentres que os abonos de tren de Renfe superan os 35 € mensuais, máis do dobre do prezo medio do Eixo Atlántico.

Isto significa que os cidadáns de Vigo e Redondela pagan ata un 80 % máis polo mesmo servizo de mobilidade que noutros territorios galegos, o que constitúe unha clara discriminación territorial e social.

É preciso que a Xunta de Galicia esixa medidas correctoras para garantir unha mobilidade accesible, xusta e acorde coa realidade dunha das áreas urbanas máis dinámicas do país.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:





- 1.- Solicitar unha rebaixa dos abonos de tren entre Vigo e Redondela, equiparándoos ao prezo medio por quilómetro do Eixo Atlántico.
- 2.- Estudar fórmulas de compensación ou bonificación específica para os desprazamentos recorrentes entre Vigo e Redondela, como área metropolitana de feito, garantido así o dereito á mobilidade en condicións de igualdade”.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 09/09/2025 12:28:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 12:28:35
Nº Rexistro: 33550
Data envío: 09/09/2025 12:28:35.806

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 12:28:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 12:28:35
Nº Rexistro: 33550
Data envío: 09/09/2025 12:28:35.806

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, María Deza Martínez, Jesús Fernández Rosende, Miguel Fidalgo Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A recente decisión da ONU de aprobar a ampliación da plataforma continental ao oeste de Galicia, engadindo case 40.000 km² á soberanía española, constitúe un fito histórico para o noso país e, de maneira especial, para Galicia.

Esta ampliación abre novas posibilidades para a exploración e aproveitamento de recursos mariños e minerais, para o desenvolvemento científico e tecnolóxico e para a consolidación de Galicia como potencia mariña europea. Vigo, cunha das maiores frotas pesqueiras do mundo e con centros de investigación de referencia, debe situarse no epicentro desta nova etapa.

É fundamental que a Xunta de Galicia asuma un papel activo, defendendo que esta ampliación repercuta directamente en beneficio da comunidade galega, tanto a nivel económico como ambiental, garantindo unha explotación sostible dos recursos.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Reclamar do Goberno de España a participación directa da Xunta de Galicia na planificación e xestión dos novos 40.000 km² de plataforma continental recoñecida pola ONU.





- 2.- Promover un plan estratéxico galego para o aproveitamento científico, tecnolóxico e económico destes recursos, en colaboración coas universidades, centros de investigación e o sector mariño-industrial.
- 3.- Garantir que calquera aproveitamento de recursos naturais se realice baixo criterios de sostibilidade e respecto ambiental.
- 4.- Defender que Galicia, como comunidade directamente afectada e beneficiaria, reciba unha parte proporcional dos retornos económicos e dos investimentos derivados desta ampliación de soberanía”.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 09/09/2025 12:52:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 12:52:56
Nº Rexistro: 33556
Data envío: 09/09/2025 12:52:56.474

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 12:52:56
Nº Rexistro: 33556
Data envío: 09/09/2025 12:52:56.474

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 12:52:57

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, María Deza Martínez, Jesús Fernández Rosende, Miguel Fidalgo Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Galicia é líder mundial na produción de conservas de túnidos, representando o 70 % da produción española e xerando milleiros de empregos directos e indirectos. A reputación internacional deste sector baséase na calidade, seguridade alimentaria e cumprimento estrito das normas europeas.

A recente decisión de varias autoridades locais en Francia de prohibir o consumo de atún en conserva en comedores escolares, baixo o argumento de supostos niveis excesivos de mercurio, carece de fundamento científico e prexudica gravemente á imaxe e á competitividade da conserva galega.

As autoridades europeas competentes (como a EFSA) teñen avalado reiteradamente que o consumo de atún en conserva é seguro, e mesmo estudos científicos confirman que o mercurio que poida estar presente se neutraliza de forma natural polo selenio, sen risco para a saúde.

Asinado o día 09/09/2025 ás
13:02
Por Alberto Pazos Couñago





É imprescindible que a Xunta de Galicia defenda con firmeza a veracidade científica e a calidade da conserva galega nos foros nacionais e europeos, evitando campañas infundadas que ameacen a imaxe do sector.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

- 1.- Reclamar á Comisión Europea que actúe fronte a medidas unilaterais e infundadas como a prohibición do atún en conserva en colexios franceses, defendendo os informes científicos oficiais sobre a súa seguridade.
- 2.- Pór en marcha, en coordinación co sector conserveiro galego, unha campaña de información e divulgación que poña en valor a seguridade e calidade nutricional do atún en conserva producido en Galicia.
- 3.- Defender nos foros europeos a necesidade de que calquera medida alimentaria se basee en criterios científicos sólidos e non en presións de grupos de interese.
- 4.- Establecer mecanismos de apoio á internacionalización das empresas conserveiras galegas para minimizar o impacto destas decisións arbitrarias no seu prestixio e nos mercados exteriores”.





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 13:03:01
Nº Rexistro: 33560
Data envío: 09/09/2025 13:03:01.841

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-acilMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 09/09/2025 13:02:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 13:03:01
Nº Rexistro: 33560
Data envío: 09/09/2025 13:03:01.841

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 13:03:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 13:03:01
Nº Rexistro: 33560
Data envío: 09/09/2025 13:03:01.841

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, María Deza Martínez, Jesús Fernández Rosende, Miguel Fidalgo Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A decisión da Comisión Europea de prohibir a pesca de fondo en 87 zonas mariñas tivo un forte impacto na frota galega de litoral, especialmente nos palangreiros e artes menores. Agora, a revisión destas vedas abre a posibilidade de amplialas a 104 ou mesmo 115 zonas, o que suporía un novo golpe para a viabilidade socioeconómica de centos de embarcacións galegas.

As organizacións de produtores, como o Porto de Burela, advertiron que estas medidas carecen de proporcionalidade e non teñen en conta o impacto socioeconómico sobre comunidades costeiras que dependen da pesca.

É necesario que a Xunta defenda con firmeza os intereses da frota galega ante o Goberno do Estado e a Comisión Europea, esixindo que calquera medida de protección ambiental sexa equilibrada, baseada en evidencias científicas actualizadas e compatible coa sustentabilidade social e económica.

Asinado o día 09/09/2025 ás
13:12
Por Alberto Pazos Couñago





Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

- 1.- Reclamar unha posición firme en Bruxelas contra a ampliación das vedas de 87 a 104 ou 115 zonas que afectan directamente á frota galega de litoral.
- 2.- Solicitar á Comisión Europea que incorpore criterios socioeconómicos, ademais dos ambientais, na delimitación das áreas de veda e que incorpore o mellor coñecemento científico que avale a diferenciación entre artes de fondo.

Asemade o Goberno galego deberá:

- 1.- Apoiar ás confrarías e organizacións de produtores afectados, ofrecendo asistencia técnica e xurídica para defender os seus intereses.
- 2.- Impulsar ante a UE mecanismos de xestión máis flexibles que compatibilicen a conservación ambiental co mantemento da actividade pesqueira”.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2025





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 13:12:25
Nº Rexistro: 33564
Data envío: 09/09/2025 13:12:25.054

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-acilMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 09/09/2025 13:12:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 13:12:25
Nº Rexistro: 33564
Data envío: 09/09/2025 13:12:25.054

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 13:12:25
Nº Rexistro: 33564
Data envío: 09/09/2025 13:12:25.054

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 13:12:25

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Nicole Grueira Fernández, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Nas últimas semanas, meses incluso, estase a observar un incremento significativo de pintadas e colocación de carteis en espazos públicos e privados que non cumpren coas normativas, en diferentes vilas e cidades de Galicia. Concretamente vemos como determinados colectivos e organizacións políticas, fundamentalmente do entorno do nacionalismo galego e da esquerda, empapelan e pintan espazos públicos danando paredes e mobiliario urbano, afectando negativamente ao patrimonio cultural e histórico de Galicia.

Recentemente vímolo coas pintadas contra Altri promovidas pola organización xuvenil do BNG en Arzúa ou co empapelado da cidade de Santiago de Compostela, a instancias desta mesma organización xuvenil, contra a princesa Leonor, cando recibía a Medalla de Galicia. Estes feitos non constitúen unha forma lexítima de expresión política, senón actos que vulneran a legalidade, a neutralidade ideolóxica dos espazos públicos e o respecto pola convivencia cidadá.

Estas actitudes non son só incívicas, senón que representan formas de vandalismo e un claro desprezo polas normas comúns que regulan a vida en sociedade e unha falta de respecto á veciñanza. Proxectan, ademais, unha mensaxe negativa á sociedade, especialmente á xuventude, a que se debe educar na participación política libre, respectuosa e construtiva, afastada da imposición e do pensamento único, e sempre dentro do marco democrático e legal.

Asinado o día 09/09/2025 ás
13:40
Por Alberto Pazos Couñago



Cómpre subliñar tamén o custe económico que supón para as administracións competentes a limpeza e reposición destes espazos públicos danados, a eliminación das pintadas ou a retirada dos carteis inmobiliario urbano, paredes ou muros, que en moitas ocasións quedan deteriorados dun xeito irreversible.

Xa hai tempo que a proliferación de estreleiras, a bandeira independentista e comunista galega, en espazos públicos, en lugares sen consentimento, supón unha ocupación do espazo que fai que moitos cidadáns se sintan excluídos polo ondear dunha insignia que é de separación e non de unión.

Hai quen non se resiste a impoñer uns símbolos, consignas e identidades que só representan a unha parte da poboación, monopolizar a rúa e as contornas urbanas con lemas partidistas que non comparten a maioría de galegos e todo iso son respectar bens públicos e privados, pasando por alto a normativa vixente. Esta presenza de símbolos, pintadas e consignas de contido ideolóxico en elementos de dominio público (rúas, mobiliario urbano, parques etc.) non cumpre as regras de diverso contido que buscan garantir que a rúa sexa un espazo de compartido.

Todas as organizacións políticas, como os poderes públicos deben respectar o principio de neutralidad ideolóxica propio dunha sociedade pluralista, e iso é incompatible con estas actitudes impropias dunha sociedade libre, aberta, democrática e tolerante. Os usos dos espazos públicos non son ilimitados precisamente para preservar a seguridade e a convivencia.

Analizando esta cuestión, institucións como o Defensor do Pobo e incluso diversas resolucións xudiciais expresaron a súa preocupación pola deterioración de convivencia que representan estas actitudes vandálicas e instaron aos poderes públicos e organizacións políticas a respetalas.

É lexítimo expresar discrepancias e mesmo protestar, pero non se pode xustificar nin tolerar o vandalismo ideolóxico nin o desprezo polos bens comúns. A apropiación ilexítima do espazo público con fins partidistas non é liberdade de expresión, senón un ataque ao pluralismo e á convivencia democrática, e por tanto, debe ser rexeitada con claridade e firmeza.





Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia acorda como resolución rexeitar actitudes que buscan a apropiación dos espazos públicos mediante pintadas ou empapelados con símbolos e consignas de contido ideolóxico e partidista que non cumpren coas normativas, xa que representan actos vandálicos que atentan contra a neutralidade dos espazos compartidos, un principio esencial para garantir unha sociedade plural, libre, aberta, democrática e tolerante.

Asemade, insta a todas as forzas políticas a non incorrer neste tipo de comportamentos e a condenalos publicamente cando se produzan, asumindo a responsabilidade compartida na defensa do respecto institucional e do uso responsable dos espazos públicos”.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 09/09/2025 13:40:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 13:41:09
Nº Rexistro: 33572
Data envío: 09/09/2025 13:41:09.479

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 13:41:09
Nº Rexistro: 33572
Data envío: 09/09/2025 13:41:09.479

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 13:41:10

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, advertido un erro no documento con número de **rexistro 33572** solicita a súa corrección no seguinte senso:

Onde di:

“...Asemade, insta a todas as forzas políticas a non incorrer neste tipo de comportamentos e a condenalos publicamente cando se produzan, asumindo a responsabilidade compartida na defensa do respecto institucional e do uso responsable dos espazos públicos”

Debe de dicir:

“...Asemade, o Parlamento de Galicia manifesta a súa vontade de que as distintas forzas políticas non incorran neste tipo de comportamentos e os condenen publicamente cando se produzan, asumindo a responsabilidade compartida na defensa do respecto institucional e do uso responsable dos espazos públicos.”

Santiago de Compostela, 15 de setembro 2025.

Asinado o día 15/09/2025 ás
13:52
Por Alberto Pazos Couñago



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 15/09/2025 13:52:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2025 13:52:49
Nº Rexistro: 33952
Data envío: 15/09/2025 13:52:49.568

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/09/2025 13:52:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2025 13:52:49
Nº Rexistro: 33952
Data envío: 15/09/2025 13:52:49.568

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 09/09/2025 ás 14:22
Por José Manuel Golpe

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonso**, **Brais Ruanova Vilas-Boas** e **Xosé Manuel Golpe Acuña** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre sinistralidade laboral.

Asinado o día 09/09/2025 ás 14:21
Por Brais Ruanova Vilas-Boas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vimos de coñecer os datos oficiais de sinistralidade laboral que ofrece o Ministerio de traballo do primeiro semestre do ano 2025, e novamente o número de mortes no traballo na Galiza é estarrecedor.

32 persoas morreron mentres traballaban neste período no noso país, 2 persoas máis que o ano anterior, un ano que rematou como sempre nos últimos anos con Galiza entre as comunidades autónomas con máis mortes no traballo do estado español.

Estes feitos amosan que esta inaceptábel situación non é unha cuestión excepcional senón estrutural, do mesmo xeito que a pasividade e a autocompracencia da Xunta que vimos denunciando reiteradamente.

Ademais a comparativa co estado español é moi preocupante xa que o índice de incidencia, é dicir, o número de mortes no traballo por cada 100.000 persoas traballadoras é moi superior á media estatal, o que ven sendo unha constante desde hai anos.

Asinado o día 09/09/2025 ás 14:21
Por Ramón Fernández Alfonso





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As causas dos accidentes tamén se repiten dun xeito absolutamente intolerábel, as caídas, esmagamentos, atrapamentos, deflagracións.... igual que se repiten as valoracións e as manifestacións das centrais sindicais, falla a prevención nos seus aspectos máis básicos, na coordinación de actividades, na presenza dos recursos preventivos, ou en certos casos ausencia total de medidas preventivas.

Estamos diante dun escenario que só é posíbel pola tremenda tolerancia social e política cos incumprimentos en materia de prevención de riscos laborais. Unha tolerancia que constatamos continuamente nos discursos parlamentarios do Partido Popular a este respecto, e que é preciso mudar urxentemente, porque nunca haberá cultura preventiva mentres o goberno se negue a condenar explicitamente as mortes no traballo.

Unha tolerancia que tamén se concreta en dous aspectos da máxima importancia. A negativa a reclamar a competencia relativa á Inspección de Traballo e Seguridade Social malia o acordo maioritario neste sentido que o propio Partido Popular impulsou no Senado onde ten maioría. Un acordo que sen a correspondente reclamación desde o goberno galego revélase como un mero acto de propaganda, así como a falta de orzamento do ISSGA para desenvolver campañas de sensibilización, control e inspección con verdadeiro alcance social e impacto real no tecido produtivo.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Realizar unha condena pública sempre que se produza unha morte no traballo, a través do presidente da Xunta ou no seu defecto do Conselleiro con competencias en materia de emprego.
2. Reclamar a transferencia das competencias relativas á Inspección de Traballo e Seguridade Social.
3. Duplicar o orzamento do Instituto de Seguridade e Saúde de Galiza”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 09/09/2025 14:21:34

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 09/09/2025 14:21:52

José Manuel Golpe Acuña na data 09/09/2025 14:22:02

Ana Pontón Mondelo na data 09/09/2025 14:22:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33623
Data envío: 09/09/2025 14:26:10.108



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 14:26:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33623
Data envío: 09/09/2025 14:26:10.108

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, María Deza Martínez, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno**.

Exposición de Motivos

O consumo de peixe no conxunto de España mantén unha tendencia descendente nos últimos anos, situándose moi por baixo das recomendacións nutricionais. En noticias recentes manifestaban que de seguir esta tendencia estímase que, ao redor de 5.000 peixarías tradicionais, poderían verse forzadas ao peche, o que supón a perda de miles de empregos, o enfraquecemento do comercio de proximidade e a redución da oferta dun alimento esencial para unha dieta equilibrada e saudable.

Este fenómeno afecta non só á saúde alimentaria da poboación, senón tamén á supervivencia do comercio de proximidade, ao emprego no sector e ao mantemento dunha cultura gastronómica e nutricional propia.

Recentemente, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación anunciou a firma de convenios con sete organizacións do sector pesqueiro para a promoción do consumo de peixe, conservas e marisco, por un importe superior a 410.000 euros. Aínda que se valora positivamente a iniciativa, a magnitude do problema esixe medidas máis ambiciosas e estruturais.

Resulta imprescindible complementar estas campañas con actuacións de maior calado, que inclúan a educación alimentaria en colexios, o impulso do consumo en comedores escolares e hospitais, o apoio ás peixarías tradicionais como puntos de venda esenciais, e a consideración de medidas fiscais como a redución do IVE do peixe.

Ao mesmo tempo, faise necesario establecer mecanismos de seguimento e avaliación das campañas financiadas polo Ministerio, para garantir que os recursos investidos xeran un impacto real e medible na recuperación do consumo.

Asinado o día 09/09/2025 ás
16:35
Por Alberto Pazos Couñago





Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e trasladarlle as seguintes demandas:

1º.- Reforzar as campañas de promoción do consumo de peixe, marisco e conservas cun plan estatal de alcance plurianual, dotado de financiamento suficiente, que combine accións de comunicación, educación alimentaria en colexios e comedores, e apoio ao comercio retalista de proximidade.

2º.- Impulsar a redución do IVE aplicable ao peixe e marisco, en liña con outros produtos básicos da dieta, para facilitar o seu acceso a todas as familias.

3º.- Apoiar de forma específica ás peixarías tradicionais, como puntos de venda esenciais para o mantemento do consumo e para a cohesión de barrios e pobos.

4º.-Presentar un informe anual diante das Cortes Xerais e dar traslado do mesmo ás comunidades autónomas sobre a execución, alcance e resultados das campañas de promoción financiadas polo Ministerio, detallando o seu impacto real no consumo de peixe e na rede de distribución retalista.”

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 09/09/2025 16:35:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 16:37:25
Nº Rexistro: 33632
Data envío: 09/09/2025 16:37:25.048

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 16:37:25
Nº Rexistro: 33632
Data envío: 09/09/2025 16:37:25.048

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 16:37:25

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ao agravamento dos incumprimentos do Hotel Monumento do Mosteiro de San Clodio en Leiro cuxa concesión prorrogou sen consenso e transparencia a Xunta de Galiza.

Exposición de motivos

Nos meses de verán de 2025 o Hotel Monumento Mosteiro de San Clodio volveu rexistrar incumprimentos respecto dos días e horarios de apertura pese a que precisamente ese foi o argumento expresado polos responsables da Xunta de Galiza para xustificar a prórroga, sen consenso social ou institucional, da concesión.

É preciso lembrar que a historia do Hotel Monumento Mosteiro de San Clodio en Leiro é a historia da impunidade da empresa xestora, Hotusa, que de forma constante e sistemática, tal e como está rexistrado en reclamacións, na hemeroteca, polo Concello de Leiro, por usuarios e usuarias e medios de comunicación, incumpre as condicións de apertura e o acceso ao complexo, catalogado como Ben de Interese Cultural e cunhas obrigas asociadas.

Este conxunto foi declarado xa monumento histórico-artístico por Real Decreto do 8 de maio de 1981 e concretouse posteriormente a delimitación da súa contorna de protección a través do Decreto 24/2001, do 25 de xaneiro, publicado no Diario Oficial de Galiza do 06 de febreiro de 2001, sendo Ben de Interese Cultural.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A finais dos anos 90 a Comunidade Benedictina de Samos acordou a cesión do dereito real de uso, a título gratuito e por tempo indefinido, á Xunta de Galiza para albergar, presuntamente, instalacións e servizos desta. Finalmente a Xunta de Fraga impulsou distintos concursos para financiar as instalacións dun Hotel, cuestión que se prolongou nos anos e gobernos posteriores até a época máis recente, cando a Xunta financiou un Spa do Viño complementario e tamén fracasado.

Ante o fracaso da xestións, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego solicitou reiteradamente transparencia e a non renovación do período de concesión, xa que en marzo de 2025 remataba por fin a concesión impulsada por Fraga, que tiña unha previsión de vinte e cinco anos e que era prorrogable, por períodos de 5 anos, ata cincuenta anos.

O goberno do Partido Popular, despois de opoñerse á constitución dunha mesa de traballo inter institucional e despois de opoñerse a transparentar e solucionar a situación convocando un novo proceso de concesión, prorrogou inxustificablemente a concesión negando á comarca do Ribeiro cinco anos máis a oportunidade de aproveitar estas instalacións doutra maneira e negando a oportunidade a outras empresas do sector de se presentar.

Así as cousas, inmediatamente despois desta prórroga os problemas non só permanecen, senón que aumentan. É necesario, polo tanto, fiscalizar a actuación da Xunta de Galiza e esixir que cese a súa conivencia cos incumprimentos empresariais e que defenda os intereses da sociedade galega e o seu patrimonio.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Remitir ao Parlamento Galego a documentación asociada á prórroga de 2025 da concesión do Hotel Monumento de San Clodio en Leiro.

2. Impulsar sancións contra a empresa concesionaria polos seus recorrentes incumprimentos poñendo en marcha os mecanismos previstos na lexislación sen exercer favoritismos e velando polos intereses da sociedade galega.

3. Revisar as posibilidades legais dunha reversión da concesión e remitir á Cámara Galega e ao Concello de Leiro un informe ao respecto.”

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 09/09/2025 16:42:57

Mercedes Queixas Zas na data 09/09/2025 16:43:07

Ana Pontón Mondelo na data 09/09/2025 16:43:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 16:45:39
Nº Rexistro: 33638
Data envío: 09/09/2025 16:45:39.165

CSV: BOPGDSPG-acilMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 16:45:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 16:45:39
Nº Rexistro: 33638
Data envío: 09/09/2025 16:45:39.165

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 09/09/2025 ás 17:16
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da do deputados **Secundino Fernández Fernández** e da deputada **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as axudas da Consellería do Medio Rural aos afectados pola vaga de lumes.

Asinado o día 09/09/2025 ás 17:16
Por Montserrat Valcárcel Armesto

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste verán, sobre todo no mes de agosto prodúcese unha vaga de incendios forestais que provocan os incendios mais grandes da historia deste país. A situación orixinada por esta vaga de lumes mostrou perfectamente o grado de indiferenza, ineptitude e de inutilidade dos dirixentes do PP na Xunta de Galiza. Unha desidia de proporcións nunca vistas no noso país.

A gravidade veu provocada polos grandes lumes que queimaron máis de 150.000 has, segundo os datos de Copernicus, arrasando ao seu paso monte arborado, mato, pastos, viñas, soutos, explotacións agrogandeiras incluso animais e forraxes, explotacións apícolas, infraestruturas públicas, industrias e o que é máis grave aldeas e vivendas e deixando tamén persoas feridas.

Para facer fronte a estes graves danos provocados por este incendios do mes de agosto, a Xunta de Galiza sacou un decreto de axudas, e a consellería do medio rural a orde axudas. Concretamente: DECRETO 76/2025, do 29 de agosto de 2025, de medidas urxentes de axuda para a reparación dos danos causados polos incendios forestais que afectan a Galicia durante o verán de 2025 e a ORDE do 29 de agosto de 2025 pola que

Asinado o día 09/09/2025 ás 17:16
Por Secundino Fernández Fernández





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

se establecen as bases reguladoras das axudas por danos nas explotacións forestais, agrícolas ou gandeiras para a reparación dos danos causados polos incendios forestais que afectan a Galicia durante o verán de 2025, e se convocan para o ano 2025 (códigos de procedemento MR616A e MR616C). Ambos publicados no DOG do 30 de agosto do 2025.

Estas axudas publicábanse, segundo o presidente da Xunta, para dar resposta aos cuantiosos danos provocados por estes xigantescos incendios nas comarcas afectadas. Unha vez que saíron no DOG, hai un prazo dun mes para solicitálas e que as mulleres e homes damnificados, igual que as sociedades, puideran telas canto antes á súa disposición. Mais agora, é cando se poden comezar a ver as grandes eivas destas axudas. Por poñer só uns exemplos temos:

Prazo: un mes é moi pouco tempo para que a grande cantidade de persoas afectadas podan achegarse as oficinas administrativas, informarse e facer as súas solicitudes.

Tramitación: Moi burocrática. As solicitudes necesitan na grande maioría dos casos unha tramitación moi complexa, moi complicada e difícil. Na maioría dos casos é obrigatorio a tramitación telemática. Necesitarase un asesoramento externo. Estes “gastos” de xestión non son obxecto de subvención o que levará a que moitas explotacións agroforestais non percibirán axudas.

Lucro cesante na explotacións agrogandeiras e forestais. Non se contempla. De que van vivir os produtores agrogandeiros até que as súas explotacións volvan a estar en marcha.

En **resumo** son axudas insuficientes e “cara a galería” que non van poder ser cobradas por un gran número de afectadas e afectados, sobre todo as pequenas





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

explotacións familiares e as que son de actividade complementaria. Non van resolver os problemas creados ao sector agrogandeiro e forestal esta catástrofe que se puido evitar si a Xunta do PP actuara en beneficio do noso rural, tanto con prevención como con extinción.

O enfoque é puramente asistencialista, sen conexión cunha estratexia para estruturar e de recuperación nin cunha aposta polo rural. Isto perpetúa o abandono, a precariedade e a marxinación dos sectores máis fráxiles da Galiza interior.

Dende o BNG consideramos que estas axudas teñen que servir para que o sector agrogandeiro e forestal siga no noso rural e non sufran as consecuencias destes graves incendios dunha forma definitiva que os leven a abandonar as zonas queimadas.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a modificar a orde de axudas aos afectados pola vaga de lumes, de xeito que:

1. Se amplíe o prazo de solicitudes de axudas de xeito que todos podan recibir axudas.
2. Se elimine a excesiva burocracia para solicitar de xeito que cunha simple declaración previa e vinculante sirva para a solicitude e que todos os damnificados podan facer a solicitude de forma presencial.
3. Se contemple o lucro cesante para todas as explotacións.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Se incrementen as axudas de forma que non haxa topes para que todos os solicitantes podan recibir unha axuda que compense as súas perdas en todo tipo producións e de explotacións agrogandeiras e forestais

5. Se elimine o límite orzamentario de xeito que todos os solicitantes podan recibir a axuda polos danos causados pola vaga de incendios de agosto do 2025”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 09/09/2025 17:16:13

Montserrat Valcárcel Armesto na data 09/09/2025 17:16:20

Ana Pontón Mondelo na data 09/09/2025 17:16:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 17:21:41
Nº Rexistro: 33644
Data envío: 09/09/2025 17:21:41.321

CSV: BOPGDSPG-acilMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 17:21:41
Nº Rexistro: 33644
Data envío: 09/09/2025 17:21:41.321

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 17:21:42

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 10/09/2025 ás 10:41
Por Rosana Pérez Fe

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego**, **Mercedes Queixas Zas** e **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o estado das negociacións entre a Xunta de Galiza e o goberno do estado en relación coas axudas ao sector marisqueiro a consecuencia da parada derivada das obras de dragaxe da Ría do Burgo.

Asinado o día 10/09/2025 ás 10:41
Por Mercedes Queixas Zas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A finais de abril de 2024 déronse por concluídas as obras de dragaxe da Ría do Burgo. Entre outros problemas para o futuro da actividade marisqueira nesta ría, o propio proxecto da obra de dragaxe establecía un período no que non sería posíbel mariscar, de entre 18 e 24 meses a partir da recepción da obra (que se produciu en abril de 2024). Desde entón, os mariscadores e mariscadoras non están a percibir ningún tipo de axuda, a pesar de que deben manterse en activo nesta actividade económica para poderen estar en condicións de percibir estas axudas.

O 17 de xuño de 2025 aprobouse no Parlamento Galego unha iniciativa do Partido Popular instando a Xunta de Galiza a negociar co goberno do Estado para que o colectivo de mariscadores da Ría do Burgo poida percibir as axudas que todas as institucións concordan que deben recibir debido á parada produtiva derivada do proceso de dragaxe da ría, co seguinte texto:

Asinado o día 10/09/2025 ás 10:41
Por Iria Taibo Corsanego

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para exixir que cumpra coas compensacións económicas correspondentes ao parón da actividade extractiva dos mariscadores da ría do Burgo, ata que os bivalvos





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

acaden a talla comercial, tal e como establece o propio proxecto, unha vez finalizado a dragaxe da ría do Burgo”.

Desde entón, descoñecemos se o goberno galego fixo algunha xestión dirixida a dar cumprimento deste acordo parlamentario, cales son os pasos que ten previsto dar a Xunta de Galiza neste sentido e en que punto se atopan estas negociacións.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a cumprir o acordo parlamentario do 17 de xuño de 2024, dirixíndose ao goberno do Estado para exixir que cumpra coas compensacións económicas correspondentes á parada da actividade extractiva dos mariscadores da ría do Burgo, ata que os bivalvos acaden o talle comercial, tal e como establece o propio proxecto, unha vez finalizada a dragaxe da ría do Burgo”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 10/09/2025 10:41:28

Mercedes Queixas Zas na data 10/09/2025 10:41:34

Rosana Pérez Fernández na data 10/09/2025 10:41:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2025 10:43:20
Nº Rexistro: 33676
Data envío: 10/09/2025 10:43:20.555

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2025 10:43:20
Nº Rexistro: 33676
Data envío: 10/09/2025 10:43:20.555

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/09/2025 10:43:21

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2025 12:32:24
Nº Rexistro: 33685
Data envío: 10/09/2025 12:32:24.523

Asinado o día 10/09/2025 ás 12:30
Por Iria Carreira Pazo

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputada **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Oscar Insua Lema e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a mellora do Instituto de Medicina Legal de Galiza.

Asinado o día 10/09/2025 ás 12:30
Por Oscar Insua Lema

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Instituto de Medicina Legal de Galiza (IMELGA) constitúe unha peza esencial na administración da xustiza, na investigación penal, na protección das vítimas e na garantía dos dereitos fundamentais. O seu labor abrangue desde as autopsias e informes médico-forenses ata as peritaxes psicosociais ou de antropoloxía, sendo unha ferramenta imprescindible para asegurar a calidade, a imparcialidade e a axilidade da xustiza galega.

Os datos da memoria anual do IMELGA do ano 2024 amosan unha actividade crecente, con milleiros de informes médico-forenses, psicolóxicos e sociais emitidos, un incremento constante das solicitudes e unha sobrecarga de traballo en determinadas áreas e sedes. Esta realidade pon de manifesto a necesidade de reforzar recursos humanos e materiais, así como de garantir unha planificación adecuada e unha xestión transparente.

A Xunta de Galiza está a elaborar un proxecto de decreto para reformar o IMELGA no marco da normativa estatal aprobada hai uns anos, debendo aproveitarse a experiencia acumulada nestes últimos anos para mellorar a eficiencia, a equidade territorial, a calidade do servizo e mesmo os dereitos dos profesionais forenses. O proxecto normativo presentado, que poderá ser unha oportunidade perdida, foi obxecto de achegas críticas por parte da comunidade profesional orientadas a mellorar o

Asinado o día 10/09/2025 ás 12:30
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro



funcionamento dun servizo importante para a Administración de Xustiza para o que é inescusable preservar o seu carácter público.

Como ben expresan os/as traballadoras do Instituto o proxecto normativo debería ser corrixido para garantir e/ou contemplar:

- Unha distribución territorial eficiente, evitando o traslado de partidos xudiciais a subdireccións que suporían peores tempos de resposta.
- A creación dun servizo de documentación e arquivo, que garanta a custodia e conservación dos informes e materiais, hoxe dispersos e en risco de perda.
- A determinación precisa das funcións dos equipos psicosociais e dos técnicos en patoloxía forense, co fin de dar seguridade xurídica e recoñecemento profesional.
- A democratización do funcionamento do IMELGA, abrindo a participación dos profesionais nos órganos de decisión e facendo máis transparente a súa gobernanza.

Cómpre lembrar que o IMELGA é unha institución pública, financiada con fondos públicos e ao servizo da cidadanía. O seu reforzo non pode pasar por externalizacións nin privatizacións encubertas, senón polo fortalecemento do seu carácter público, garantindo a independencia técnica e profesional das e dos forenses, a mellora da organización e estrutura, das condicións laborais das traballadoras e da suficiencia de medios.

Xa que logo a mellora integral do IMELGA pasa inescusablemente por preservar o seu carácter público, respondendo ás necesidades reais do sistema de xustiza galego e dea atendendo ás demandas das e dos profesionais que o integran.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Reforzar o Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA) en recursos humanos, materiais e organizativos, para garantir unha resposta áxil e eficaz ás demandas crecentes da administración de xustiza.
2. Preservar e consolidar o carácter público do IMELGA, evitando calquera forma de privatización ou externalización das súas funcións.
3. Mellorar a planificación e a organización interna do IMELGA, atendendo ás achegas profesionais e garantindo a participación e transparencia na súa gobernanza”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 10/09/2025 12:30:17

Óscar Insua Lema na data 10/09/2025 12:30:27

Iria Carreira Pazos na data 10/09/2025 12:30:40

Ana Pontón Mondelo na data 10/09/2025 12:30:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2025 12:32:24
Nº Rexistro: 33685
Data envío: 10/09/2025 12:32:24.523



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2025 12:32:24
Nº Rexistro: 33685
Data envío: 10/09/2025 12:32:24.523

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/09/2025 12:32:25

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2025 13:14:16
Nº Rexistro: 33691
Data envío: 10/09/2025 13:14:16.937

Asinado o día 10/09/2025 ás 13:11
Por Ramón Fernández

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á situación das redes de distribución eléctrica na Galiza, e a súa incidencia no proceso de transición enerxética

Asinado o día 10/09/2025 ás 13:11
Por Brais Ruanova Vilas-Boas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado martes 9 de setembro seguindo a metodoloxía ditada pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia, as empresas distribuidoras de electricidade publicaban os mapas de capacidade de acceso á rede de distribución.

Nestes mapas figura a información sobre cada nodo de conexión eléctrica, cunha tensión superior a 1 quilovoltio. Inclúe cantas capacidade está libre, cantas está ocupada e a potencia que se está procesando para a conexión.

Nestes mapas de capacidade queda de manifesto que apenas queda espazo para dar cabida a consumidores máis grandes, como novas industrias, centros de datos ou plantas de almacenamento de electricidade.

Segundo os datos publicados, o 49 % da capacidade está esgotada, e segundo os seus estados financeiros. Hai aproximadamente 4.200 MW ocupados, case 200 aprobados, aínda en revisión, e a capacidade dispoñible é próxima aos 900 MW, distribuída entre Naturgy (259 MW), Endesa (46 MW), Iberdrola (107 MW) e Begasa (484 MW).

Asinado o día 10/09/2025 ás 13:11
Por Xosé Manuel Golpe Acuña





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

“Esta saturación reflicte o aumento das solicitudes de acceso e conexión debido á demanda derivada do desenvolvemento e aparición de novos actores, xunto coa regulación da rede de distribución, que nos últimos anos seguiu un ritmo de investimento e uns criterios diferentes aos esixidos polo crecemento da demanda, moito máis intenso e concentrado en certos puntos”. Esta afirmación entrecomillada correspóndelle a declaracións feitas pola patronal Aeec (Iberdrola, Endesa e EDP) e Naturgy nun comunicado conxunto.

Neste mesmo comunicado afirman confiar en que a publicación dos mapas "contribuirá a axilizar o proceso de identificación da capacidade dispoñible por parte dos solicitantes, evitando solicitudes duplicadas, axilizando a tramitación e, en definitiva, facilitando a planificación do investimento, clave para avanzar na transición enerxética". As distribuidoras rexeitaron dúas de cada tres solicitudes de acceso ás súas redes en 2024, deixando fóra proxectos que suman 40.000 MW. Falan dun "reto" na integración da nova demanda, para o que consideran "imprescindible" o reforzo e a dixitalización das redes cun "marco regulatorio e un modelo de remuneración que permita os investimentos". Debe ser "coherente e estable". "As propostas regulatorias que a CNMC presentou a finais de xullo non van precisamente nesta dirección", lamentan, advertindo de que "sen estas condicións non será posible conectar a industria, a vivenda, o almacenamento nin a mobilidade eléctrica, desperdiciando o potencial das enerxías renovables e limitando o crecemento económico e a competitividade que a electrificación pode achegar ao estado español”.

A propia CNMC puxo en marcha unha consulta pública sobre a retribución das redes nos próximos seis anos e fixou unha taxa do 6,46 %. Está por riba do 5,58 % actual, pero moi por debaixo do 7,5 % que piden as empresas. Unha diferenza de 2.800 millóns de euros.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

No BNG apostamos por esa empresa enerxética pública e galega, con competencias directas na rede de distribución. Pero tamén apostamos por desenrolar un gran centro de investigación en materia de almacenamento enerxético e redes eléctricas que deseñe un novo modelo de rede que dea resposta a unha alta penetración de enerxía renovable, ofrecendo seguridade para os consumidores. Que exerza accións directas na calidade do subministro eléctrico é o conxunto de características, técnicas e atención e relación cos consumidores e, se é o caso, produtores, requiridas para a subministración de enerxía eléctrica das empresas que desenvolvan actividades destinadas á subministración de enerxía eléctrica.

Sendo, como é, un ben básico indispensable, a calidade do subministro eléctrico debería ser obxecto de estandarización e de vixilancia, tanto para garantir un subministro de calidade como para xestionar unha capacidade suficiente de acceso, como para que as redes contén cun deseño que minimize os impactos adversos no medio ambiente e na sociedade.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta a iniciar un estudo do estado actual da rede de distribución eléctrica, a fin de crear un plan de desenrolo e xestión da mesma, apoiado na participación pública directa, que permita garantir un servizo eléctrico de calidade para a cidadanía e empresas, unha capacidade de acceso para xeración e consumo que garanta o proceso necesario para a transición enerxética, e un despregue respectuoso co medio ambiente e coa sociedade galega, apostando polas mellores técnicas dispoñibles para cada situación”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 10/09/2025 13:11:31

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 10/09/2025 13:11:37

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/09/2025 13:11:53

Ana Pontón Mondelo na data 10/09/2025 13:12:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2025 13:14:16
Nº Rexistro: 33691
Data envío: 10/09/2025 13:14:16.937



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/09/2025 13:14:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2025 13:14:16
Nº Rexistro: 33691
Data envío: 10/09/2025 13:14:16.937

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Iago Suárez Fernández** e da deputada **Iria Taibo Corsanego**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, a valoración que fai o goberno galego do paso de ‘La Vuelta’ e o equipo Israel-Premier Tech por Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A competición deportiva de ciclismo ‘La Vuelta’ voltou ter algunha das súas etapas este 2025 por territorio galego. Trátase dunha das competicións máis salientábeis e importantes no mundo do ciclismo e o seu paso polo noso país sempre mobiliza unha grande cantidade de medios e de espectadores. Este ano, porén, esta competición provocou unha enorme controversia na sociedade galega por mor do equipo ciclista ‘Israel-Premier Tech’ que, como o seu propio nome indica, é un equipo do Estado de Israel.

Un equipo que, en palabras do seu presidente, o millonario natural do Canadá Sylvan Adams moi vinculado ao criminal de guerra e condenado por crimes de lesa humanidade Benjamin Netanyahu, é un equipo cuxo obxectivo principal é mellorar a imaxe de Israel no mundo. Como é evidente, boa parte do pobo galego non aceptou a participación deste equipo que busca usar o deporte e o ciclismo como maneira de lavar a imaxe dun estado xenocida ante os ollos do planeta.

Perto de 70.000 asasinatos despois (20.000 deles de nenas e nenos), non se pode aceptar baixo ningún concepto que un equipo israelí, sionista e que usa o deporte para





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

lavar a súa imaxe, compita con toda a normalidade como se nada estivese a acontecer en Palestina. Desde o grupo parlamentar do BNG consideramos que equidistancia neste xenocidio é inaceptábel e é tomar o lado do opresor e do estado que está a levar a cabo unha campaña de limpeza étnica en Gaza e Cisjordania. É por iso que celebramos a resposta do pobo galego ante esta indignidade que, como sempre, responde con contundencia ante as violacións de dereitos humanos e a opresión aos outros pobos do mundo. Ademais reclamamos que o Goberno galego se posicione sen vacilacións de lado da humanidade, contra o xenocidio e polo dereito de autodeterminación do pobo palestino.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Comprometerse a non colaborar de ningún modo con ‘La Vuelta’ en futuras edicións no caso de participación do equipo israelí ‘israel-Premier Tech’ ou de calquera equipo do Estado de Israel, así como comprometerse a non colaborar con ningunha competición deportiva que teña lugar en Galiza e na cal se permita a participación de equipos ou deportistas israelís.

2. Condenar publicamente o xenocidio que o Estado de Israel está a cometer en Palestina.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 10/09/2025 13:40:30

Iria Taibo Corsanego na data 10/09/2025 13:40:36

Ana Pontón Mondelo na data 10/09/2025 13:40:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2025 13:42:33
Nº Rexistro: 33697
Data envío: 10/09/2025 13:42:33,810

CSV: BOPGDSPG-acilMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/09/2025 13:42:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2025 13:42:33
Nº Rexistro: 33697
Data envío: 10/09/2025 13:42:33.810

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 10/09/2025 ás 14:30
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á situación da atención sanitaria pediátrica no CIS de Lalín.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da atención sanitaria lalinense está pasando por unha situación crítica na actualidade, en especial en áreas coma as de saúde mental ou pediatria. Esta última está a ser das que máis complicacións causa aos seus usuarios/as, que sofren as consecuencias dunha atención pediátrica no CIS de Lalín moi deficiente en canto ao número de profesionais cos que se conta nese centro integral.

Este pasado luns ven de facerse pública no DOG a resolución do concurso de pediatria sen que a praza de Lalín fose cuberta en horario de tarde, deixando novamente a moitas crianzas, non só desta localidade, se non tamén de concellos limítrofes, sen atención pediátrica nesta franxa horaria. A cantidade de nenos, nenas e adolescentes que se verán obrigados a acudir coas súas familias ao Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela para ser atendidos por un especialista ascende a 2200 aproximadamente, contando non só os de Lalín se non tamén os de Dozón, Agolada ou Rodeiro, nalgúns dos casos tendo que percorrer máis de 70 quilómetros para tal fin.

Con esta resolución volve estar comprometida, polo tanto, a atención de moitos nenos e nenas da comarca do Deza en horario de tarde, cunha praza que non se cobre sorprendentemente nunha vila de máis de 20.000 habitantes situada no centro do país,

Asinado o día 10/09/2025 ás 14:30
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 10/09/2025 ás 14:30
Por Ariadna Fernández González





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sen se tratar coma insiste o goberno galego usándoo como escusa, de prazas illadas neste caso. É deste xeito como a veciñanza que reside neste territorio terá que percorrer longas distancias ou acudir á sanidade privada sen ten capacidade económica para que os seus fillos e fillas sexan atendidos por un pediatra, cunha evidente incapacidade da Xunta de Galiza de garantir unha atención sanitaria de calidade na comarca do Deza e en Lalín.

Co acordo unánime do pleno do concello de Lalín recentemente, todos os integrantes do goberno e da oposición concordaban na necesidade de reforzar algunhas especialidades no CIS, entre as que se incluía a de pediatría, recoñecendo a necesidade de dotar ao centro de saúde de máis profesionais para que a asistencia se vexa garantida, feito que tras a recente resolución queda truncado novamente, en detrimento da saúde das crianzas do Deza.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Convocar novamente un proceso de selección de prazas de difícil cobertura, garantindo a atención pediátrica en horario de tarde no CIS de Lalín.
2. Garantir a cobertura das 3 prazas de pediatría en horario de mañá, de xeito que tanto as crianzas de Lalín coma as dos concellos limítrofes teñan atención pediátrica de calidade.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Cumprir coa solicitude do Concello de Lalín ao respecto da atención sanitaria no CIS, aumentando a dotación de persoal en canto a especialidade de pediatria, psiquiatría e psicoloxía, en grave estado de precariedade.”

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 10/09/2025 14:30:11

María Montserrat Prado Cores na data 10/09/2025 14:30:18

Ana Pontón Mondelo na data 10/09/2025 14:30:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33715
Data envío: 10/09/2025 14:33:20.658

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33715
Data envío: 10/09/2025 14:33:20.658

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/09/2025 14:33:21

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Iria Taibo Corsanego** e do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a recepción por parte do goberno galego a representantes de diferentes estados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno galego e o Parlamento de Galiza recibiron o pasado 28 de maio o encargado de negocios da Embaixada de Israel en España, que na actualidade exerce como embaixador en funcións, nun dos momentos máis graves da masacre que está a cometer o estado de Israel contra o pobo palestino.

A resposta escrita remitida polo goberno galego ante a pregunta que formulou o Grupo Parlamentar do BNG foi a seguinte:

“O Goberno galego ten como proceder habitual recibir aos representantes diplomáticos dos diferentes países recoñecidos por España e cun corpo diplomático e/ou consular acreditado no territorio nacional.

O Goberno galego valorou o encontro como relevante, entre outros motivos, para trasladar a Israel o seu posicionamento sobre o conflito. De feito, entre outros aspectos, o representante da Xunta de Galicia transmitiu o rexeitamento ao estado da situación humanitaria que se vive na Faixa e avogou por unha solución urxente para este drama“.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a dar conta da axenda de recepcións do director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, o señor Jesús Gamallo, a representantes diplomáticos dos diferentes países recoñecidos por España e cun corpo diplomático e/ou consular acreditado no territorio nacional desde o inicio da lexislatura, xunto cos obxectivos das mesmas”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 10/09/2025 16:42:50

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 10/09/2025 16:42:58

Ana Pontón Mondelo na data 10/09/2025 16:43:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2025 16:44:34
Nº Rexistro: 33725
Data envío: 10/09/2025 16:44:34.916

CSV: BOPGDSPG-acilMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2025 16:44:34
Nº Rexistro: 33725
Data envío: 10/09/2025 16:44:34.916

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/09/2025 16:44:35

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Ramón Fernández Alfonzo** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ao dereito de retracto na cesión de créditos hipotecarios a terceiras persoas ou entidades.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A defensa do dereito á vivenda digna como un dereito fundamental na nosa sociedade ven sendo unha das preocupacións e reivindicacións do BNG permanentes ao longo de toda a nosa historia.

Unha defensa que sempre topou co poder e influencia dos grandes poderes económicos do estado español que fixeron da construción unha das principais actividades económicas, que a través dunha política de falta de control e feitos consumados, e da implicación das entidades financeiras no cerne do negocio, gañaron a condición de sistémicos e a influencia necesarias para, ao seu favor, postergar e restrinxir a esfera de protección política e legal do dereito á vivenda, que debiera ter sido correctamente encapsulada e protexida para manter a salvo un ben insubstituíbel, xunto co traballo, ao redor do cal na nosa sociedade as persoas construímos e desenvolvemos a nosa vida.

O acceso da gran maioría das persoas a unha vivenda en propiedade fíxose historicamente a través do recurso a unha hipoteca. Un mercado, o hipotecario, que apoiado en multitude de factores, desde os culturais, ás grandes campañas de publicidade, pasando pola falta de alternativas atractivas, chegou a ser un dos principais negocios da banca no estado español.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais o principal elemento de convicción foi a segura revalorización do ben hipotecado, e a partir desta certeza hipotecarse non só facilitaba o acceso á vivenda en condicións de seguridade senón que ademais era un bo negocio.

A crise financeira do 2008 rachou dun xeito dramático para moitas familias todas esas certezas. Unha xestión da crise virada de costas ás maiorías sociais, pilotada no estado español polo Partido Popular, facilitou e abaratóu os despedimentos, e baixou salarios e pensións.

Moitas persoas quedaron sen ingresos que lles permitiran pagar as mensualidades da súa hipoteca e, como nun pesadelo, o valor de mercado da súa vivenda baixara e xa non chegaba para liquidar a hipoteca.

Os despxos foron numerosos e constantes durante moitos anos. E os bancos venderon para limpar balances, as veces con perdas de mesmo un 80% do valor en libros, os créditos morosos ou dubidosos a outras entidades financeiras que mantiñan o dereito de reclamar o 100% do crédito ás persoas debedoras. Tratábase de apostar a canto serían capaces de recuperar. Un xogo de especuladores e usureiros, onde as vivendas das familias non eran máis que as fichas na mesa de xogo.

Situacións coma estas, derivadas daquela crise, aínda se arrastran na actualidade, ao mesmo tempo que observamos como medra unha nova vaga de especulación coa vivenda sen que se teñan tomado medidas de calado para protexer o dereito a unha vivenda digna.

Compre reforzar a caracterización política e xurídica da vivenda como auténtico dereito fundamental das persoas, e xunto coas medidas dirixidas a garantir o acceso a unha vivenda, como a aumentar o parque público de vivendas para alugueiro, tamén debemos actuar para manter a salvo da especulación financeira a vivenda habitual.

Desde o BNG propoñemos reformar algún dos dereitos clásicos do dereito civil para reforzar a protección do dereito á vivenda, nomeadamente o dereito de retracto,





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

procurando vías excepcionais ás previstas actualmente no código civil para favorecer o exercicio do dereito de retracto na cesión de créditos hipotecarios cando o ben hipotecado sexa a vivenda habitual dunha persoa física, co obxectivo de protexer as vivendas habituais das prácticas especulativas e usureiras.

Deste xeito a persoa debedora podería extinguir o seu crédito pagándolle á entidade acreedora o mesmo que esta iría percibir pola súa transmisión a unha terceira entidade, evitando que a perda de valor do inmovible provocado por circunstancias que transcenden á responsabilidade do debedor vaia no seu exclusivo detrimento, o que resulta totalmente contraditorio co feito da entidade debedora estar disposta asumir perdas transmitíndoa a unha terceira entidade.

É por isto que o Grupo parlamentario do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a demandar do goberno do Estado a reforma do dereito de retracto no suposto de cesión de créditos hipotecarios cando o ben hipotecado sexa a vivenda habitual dunha persoa física, ampliando o exercicio deste dereito aos créditos hipotecarios non litixiosos, aumentando até os 3 meses o prazo para o exercicio do dereito, e para o caso dos créditos incluídos nunha carteira ou cesión en bloque, impondo ao cedente a obriga de individualizar e cuantificar o crédito conforme ao prezo da cesión cando así llo reclame a persoa debedora dentro do prazo de 3 meses para o exercicio do dereito de retracto.”

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/09/2025 16:49:46

Alexandra Fernández Gómez na data 10/09/2025 16:49:54

Ana Pontón Mondelo na data 10/09/2025 16:50:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2025 16:50:33
Nº Rexistro: 33730
Data envío: 10/09/2025 16:50:33,446

CSV: BOPGDSPG-acilMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2025 16:50:33
Nº Rexistro: 33730
Data envío: 10/09/2025 16:50:33,446

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/09/2025 16:50:34

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2025 17:18:44
Nº Rexistro: 33733
Data envío: 10/09/2025 17:18:44.498

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a ocultación por parte do goberno galego do informe definitivo cos resultados do Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024 e os incumprimentos dos acordos parlamentarios.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O noso país foi pioneiro ao definir a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual como unha forma de violencia de xénero. Así o recolle a *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, no seu artigo 3 letra f). Isto permitiu que desde hai anos as vítimas de trata poidan acollerse ás medidas integrais e que se desenvolveran diversas medidas de concienciación e intervención.

Neste marco, a Xunta elaborou e deu a coñecer en setembro de 2022 o primeiro Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, co fin de articular políticas que dean unha resposta integral e coordinada ás situacións de trata con fins de explotación sexual e contribuír á súa erradicación.

Despois de que este Grupo Parlamentario pedira en varias ocasións a avaliación deste plan e o avance do seguinte. Así, en marzo de 2025, impulsou o seguinte acordo no Parlamento Galego:

“1. Remitir á Cámara a avaliación do Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, a información respecto da execución

Asinado o día 10/09/2025 ás
17:17
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 10/09/2025 ás
17:17
Por Noa Presas Bergantiños



orzamentaria e os datos cuantitativos que teña neste momento de vítimas e de vítimas usuarias das medidas propostas.

2. Acelerar a aprobación do próximo Plan, garantir a participación social e institucional e mellorar a súa dotación orzamentaria.

3. Impulsar, en colaboración coas entidades sociais, un programa específico de axuda ás mulleres prostituídas onde se planifique un itinerario transversal e se garanta unha axuda periódica para unha atención integral e inserción sociolaboral á que se poidan acoller mulleres en situación ou non de trata.”

Días despois comparecía o Director Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero avanzando algúns datos e comprometendo a súa publicación. Porén, meses despois e un ano despois da finalización do Plan non existe a súa avaliación completa para ser estudada, nin tampouco o novo plan pese a estarmos no remate do ano 2025 nin tampouco hai novidades da axuda que comprometeu o goberno galego.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Remitir no prazo máximo dunha semana e facer público na súa web a avaliación do Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024.

2. Explicar e asumir responsabilidades políticas pola demora na aprobación do próximo Plan, así como acelerar a súa concreción, garantir a participación social e institucional e mellorar a súa dotación orzamentaria.





GRUPO PARLAMENTARIO

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2025 17:18:44
Nº Rexistro: 33733
Data envío: 10/09/2025 17:18:44.498

3. Impulsar, en colaboración coas entidades sociais, un programa específico de axuda ás mulleres prostituídas onde se planifique un itinerario transversal e se garanta unha axuda periódica para unha atención integral e inserción sociolaboral á que se poidan acoller mulleres en situación ou non de trata cunha partida específica no exercicio orzamentario de 2026”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 10/09/2025 17:17:02

Olalla Rodil Fernández na data 10/09/2025 17:17:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2025 17:18:44
Nº Rexistro: 33733
Data envío: 10/09/2025 17:18:44.498

CSV: BOPGDSPG-acilMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/09/2025 17:18:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2025 17:18:44
Nº Rexistro: 33733
Data envío: 10/09/2025 17:18:44.498

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2025 17:44:30
Nº Rexistro: 33742
Data envío: 10/09/2025 17:44:30.236

Asinado o día 10/09/2025 ás 17:42
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González**, **Montserrat Valcárcel Armesto** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as verteduras ao río Deza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O río Deza é, dende hai anos, vítima de verteduras que se estenden no tempo e se repiten cunha frecuencia inasumible dende diversos puntos de vista en distintos tramos do seu percorrido pola comarca onde nace. Este afluente do Ulla, vén de ser contaminado por segunda vez nunha semana por un vertido que semella tratarse de produtos deterxentes en grandes cantidades e que deixa abonda espuma nos remansos, percibíndose maioritariamente durante o seu curso á altura da zona do Mosteiro de Carboeiro e da área recreativa da Carixa, afectando polo tanto a dous concellos dezaos, o de Silleda e o de Vila de Cruces.

Ao respecto destes feitos, hai varios motivos, a parte dos obvios, que extreman a gravidade desta contaminación recorrente das augas. Un deles é que é obxecto da captación para o concello de Silleda, que se fai á altura da Ponte Taboada, polo que pon en risco a salubridade da auga que se consume tanto nese concello coma en todas as captacións conca abaixo, tanto do Deza coma do Ulla, de xeito que se deba avaliar o perigo da presenza destas sustancias anómalas na auga, evitando efectos nocivos na poboación. O outro é que o ecosistema Deza-Ulla forma parte en dous tramos de zonas ZEC. O primeiro está situado na Serra do Candán, onde ten o seu nacemento, no concello de Lalín e o segundo no concello de Vila de Cruces, no seu tramo baixo, polo que a protección deba estar garantida de xeito por lei ao formar parte da Rede Natura 2000.

Asinado o día 10/09/2025 ás 17:42
Por Montserrat Valcárcel Armesto

Asinado o día 10/09/2025 ás 17:42
Por Ariadna Fernández González



Curiosamente, os vertidos teñen o seu comezo sempre en zonas que non forman parte dos espazos protexidos, máis que son un punto de enlace que resulta esencial para a migración, distribución e intercambio xenético das especies silvestres. A propia directiva de hábitats no seu artigo 10 obriga a manter a coherencia ecolóxica da Rede Natura 2000, para o que se debe promover a conectividade ecolóxica entre espazos da propia rede, nomeando aos ríos como elementos da mesma.

Máis non é de menor importancia, que sexa cal sexa a localización destes vertidos, os efectos que teñen sobre a fauna e a flora do entorno fluvial. Os compostos por produtos tensoactivos, por exemplo, afectan directamente aos invertebrados acuáticos, causando toxicidade e dificultando a respiración, reducindo o osíxeno dispoñible e alterando con elo o ecosistema fluvial. A iso ven asociada a mingua da súa biodiversidade e a función ecolóxica destes organismos, coa afectación tamén de vertebrados ligados a estes ecosistemas, con efectos severos sobre estes, ao igual que no caso do resto de compoñentes que adoitan aparecer nos vertidos, que favorecen a eutrofización e posterior proliferación de algas, que evitan que a luz penetre a capas inferiores.

Non entanto, non se trata da única vulneración da lexislación que se está a producir no río Deza, xa que segundo reza a propia Lei de Augas (RD 1/2001) no seu artigo 97 “queda prohibida con carácter xeral, toda actividade susceptible de provocar a contaminación ou degradación do dominio público hidráulico”, especificando unha serie de supostos nos que se nomean distintos tipos de actividades que teñen coma resultado a contaminación das augas e que son obxecto de incumprimento de dita lei. Así mesmo, no seu artigo 116.3 recolle como accións constitutivas de infracción as verteduras que poidan deteriorar a calidade da auga ou as condicións de desaugue do curso receptor efectuados sen ter a autorización correspondente, volvendo confirmar que no río Deza se están a realizar unha serie de actividades constitutivas de delito que teñen que cesar e ser postas en coñecemento da autoridade competente.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Mais con todo o grave, non é toda a normativa que se está a incumprir neste caso xa que, tanto o Deza coma o Ulla, ao igual que todos os cursos fluviais contan coa protección da Lei 5/2006 do 30 de xullo para a Protección, Conservación e Mellora dos Ríos Galegos e así mesmo coa protección do artigo 21 da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e Biodiversidade. Por todo o especificado anteriormente é doado de comprender que estas actividades contaminantes son de carácter grave e infrinxen varias leis en vixencia, de xeito que Augas de Galiza debe tomar partido nestas verteduras e evitar que continúen a suceder de xeito impune nas augas galegas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Proceder á inspección e seguimento dos vertidos que se producen no río Deza de xeito recorrente, proporcionando o inventario de vertidos que se teñen levado a cabo na última década, cunha posterior análise, especificando cales foron as medidas sancionadoras e correctoras tomadas polo organismo responsable.
2. Identificar as zonas especialmente sensibles a vertidos na conca do río Deza, especificando as medidas de protección que se están a tomar sobre elas, tanto no caso das zonas ZEC coma no tramo intermedio.
3. Controlar e xestionar as alertas por vertidos no río Deza co obxectivo de identificar a quen leva a cabo este incumprimento da lei e evitar que se continúen a producir, cunha análise sobre a localización e unha avaliación do perigo dos mesmos, tanto para o propio ecosistema fluvial coma para as persoas que consumen auga desa conca.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

4. Garantir o financiamento necesario por parte da Xunta de Galiza para que os concellos situados na comarca do Deza- Tabeirós e Terra de Montes contén co orzamento necesario para investir en sistemas de depuración”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 10/09/2025 17:42:14

Montserrat Valcárcel Armesto na data 10/09/2025 17:42:23

Luis Bará Torres na data 10/09/2025 17:42:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2025 17:44:30
Nº Rexistro: 33742
Data envío: 10/09/2025 17:44:30.236

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/09/2025 17:44:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2025 17:44:30
Nº Rexistro: 33742
Data envío: 10/09/2025 17:44:30.236

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 11/09/2025 ás 09:47
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Ramón Fernández Alfonzo** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o uso que debe dar a Xunta aos bens inmoables adquiridos por herdanzas ab intestato.

Asinado o día 11/09/2025 ás 09:47
Por Alexandra Fernández Gómez

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza é adquirente de todas aquelas herdanzas ab intestato que se producen no noso país pola aplicación da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de Dereito civil de Galiza, que no seu Artigo 267, da sucesión intestada, establece que *“De non existiren persoas que teñan dereito a herdar de acordo co establecido nesta lei e co disposto nas seccións 1.ª, 2.ª e 3.ª do capítulo IV do título III do Código civil, herdará a Comunidade Autónoma de Galiza”*.

Por outra banda, a Lei de vivenda da Galiza fai referencia explícita a que o parque público de vivendas do Instituto Galego da Vivenda e Solo estará constituído polo conxunto das vivendas protexidas que o devandito organismo cualifique como vivendas de promoción pública, *“así como as que adquira por calquera título, e cuxa finalidade sexa atender as necesidades de vivenda das persoas que cumpran cos requisitos fixados regulamentariamente”*.

E continúa dicindo que *“cando se atopen integrados por edificios ou vivendas sometidos a algún réxime de protección pública, pasarán a formar parte do parque*

Asinado o día 11/09/2025 ás 09:47
Por Ramón Fernández Alfonzo





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

público de vivendas do Instituto Galego da Vivenda e Solo e destinaranse aos usos que este determine”.

É dicir, a normativa actual xa prevé a posibilidade de que determinados edificios ou vivendas adquiridos pola vía da sucesión intestada pasen a engrosar o patrimonio do IGVS.

Na actualidade o destino da maioría dos bens inmoables adquiridos por esta vía é a súa liquidación a través de poxas realizadas pola Consellaría de Facenda por aplicación do establecido pola Lei 5/2011, do 30 de setembro, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galiza, que establece que o “*principio xeral no tratamento do patrimonio hereditario adquirido por sucesión ab intestato ou intestada a súa realización e conversión en metálico*”.

O actual escenario de crise de prezos de vivenda, tanto para adquisición como para alugueiro, ten deixado en evidencia o tremendo déficit de vivenda pública do noso país, e ningunha das medidas anunciadas pola Xunta fan pensar que este problema non se vaia agravar no futuro.

No BNG entendemos que dotarse dun parque público de vivenda que atenda as necesidades básicas da poboación dun xeito inmediato é unha obriga que o goberno galego debería procurar atender por diferentes vías, e unha das máis doadas sería a de destinar para este fin todos os bens inmoables adquiridos por sucesión intestada e susceptibles de seren destinados á vivenda.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a facer as modificacións normativas precisas para que os bens inmobles adquiridos pola vía da sucesión intestada sexan incorporados ao Instituto galego de vivenda e solo para que previas as necesarias actuacións sexan destinados ao parque público de vivenda para alugueiro”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 11/09/2025 9:47:11

Alexandra Fernández Gómez na data 11/09/2025 9:47:21

Ana Pontón Mondelo na data 11/09/2025 9:47:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 09:49:01
Nº Rexistro: 33755
Data envío: 11/09/2025 09:49:01.197

CSV: BOPGDSPG-acilMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/09/2025 9:49:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 09:49:01
Nº Rexistro: 33755
Data envío: 11/09/2025 09:49:01.197

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 12:40:53
Nº Rexistro: 33766
Data envío: 11/09/2025 12:40:53,099

Asinado o día 11/09/2025
Por Secundino Fernández
Por Fernández

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González**, **Sonia Vidal Lamas** e do deputado **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a información a respecto da Dermatose Nodular Contaxiosa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A detección da Dermatose Nodular Contaxiosa por primeira vez en Italia no mes de xuño deste presente ano, cunha cantidade de gromos que ascende na actualidade segundo as cifras trasladadas polo MAPA a 55, e o seu posterior avance cara Francia con detección de casos positivos nese mesmo mes e 77 gromos diagnosticados ate o día de hoxe, da lugar a unha situación preocupante ao respecto da sanidade animal do noso sector gandeiro, especificamente no gando bovino, tanto de carne coma de leite, susceptible de verse afectado.

Nos últimos datos ofrecidos polo IGE, o número de bovinos rexistrados no país ascende a máis de 900.000 animais, repartidos en case 25.000 explotacións, tanto de aptitude cárnica coma leiteira, que veñen de sufrir a incidencia tanto da EHE coma da lingua azul nas pasadas campañas, dúas enfermidades víricas que deixaron un regueiro de gromos e animais mortos nestes dous últimos anos, coas evidentes perdas nas granxas de orixe. Agora, coa ameaza da Dermatose Nodular Contaxiosa, transmitida por vectores que son insectos, a preocupación do sector gandeiro sobre a posibilidade dun contaxio no estado español e a posibilidade da súa chegada a Galiza aumenta, de xeito que precisa dunha resposta concreta e efectiva por parte da autoridade competente en materia de sanidade animal, neste caso a Consellería de Medio Rural.

Asinado o día 11/09/2025 ás
12:39
Por Sonia Vidal Lamas

Asinado o día 11/09/2025 ás
12:39
Por Ariadna Fernández González





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Foi dous meses despois de se coñecer estes casos en Italia e Francia, cando a Xunta de Galiza tomou a palabra para informar sobre a Dermatose, anunciando que considera imprescindible controlar os desprazamentos de animais bovinos procedentes de zonas próximas ás afectadas, incrementar a bioseguridade nos desprazamentos e as explotacións e reforzar a vixilancia pasiva nas granxas galegas, tentando que a enfermidade se detecte o antes posible.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Levar a cabo campañas informativas e de divulgación tanto das medidas preventivas necesarias coma dos riscos aos que nos enfrontamos ao respecto da chegada da DNC ao país dirixidas ao sector gandeiro, garantindo que a información chegue de xeito directo e eficaz aos titulares das granxas.
2. Poñer en marcha un plan de control de todos os animais que entran no país procedentes de zonas con casos positivos, valorando o risco que implica o seu traslado na actualidade e inspeccionando os animais de ser preciso para evitar contaxios no gando galego.
3. Analizar os riscos aos que estamos expostos no país avaliando o número de animais importados en Galiza e a súa procedencia, transmitíndolle aos operadores que transportan gando e aos veterinarios e persoal implicados no desenvolvemento dos mercados de gando a necesidade da vixilancia de todos os que participan deles”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 11/09/2025 12:39:05

Sonia Vidal Lamas na data 11/09/2025 12:39:13

Secundino Fernández Fernández na data 11/09/2025 12:39:20

Luis Bará Torres na data 11/09/2025 12:39:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 12:40:53
Nº Rexistro: 33766
Data envío: 11/09/2025 12:40:53,099

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/09/2025 12:40:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 12:40:53
Nº Rexistro: 33766
Data envío: 11/09/2025 12:40:53.099

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e dos deputados **Daniel Castro García**, **Daniel Pérez López** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á exclusión do palangre da consideración de arte de fondo e ás actuacións para evitar a ampliación das 87 vedas ás artes de fondo impostas pola CE no Atlántico nororiental.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A decisión de prohibir as artes de fondo en 87 caladoiros do Atlántico nororiental, tomada pola Comisión Europea en setembro de 2022, afecta, polo de agora, a 17.000 quilómetros cadrados por baixo dos 400 metros en augas de Portugal, o Estado español, Francia e Irlanda.

Aquela decisión, que non contou co apoio unánime do Consello nin coa aprobación do Parlamento europeo, que se tomou tendo como referencia informes científicos e técnicos con datos de dez anos antes, sen ningún tipo de diálogo nin co sector nin cos estados afectados e sen avaliación socioeconómica sobre o seu impacto, vén de ser refrendada no pasado mes de xuño por sentenza do Tribunal de Xustiza da UE, que desestima os recursos que interpuxeran a OPP de Burela e o Estado español.

Nunha sentenza tan polémica e tan inexplicábel como a propia decisión da CE, condénase a todas as artes de fondo por igual, sen ter en conta os efectos de cada unha delas nos Ecosistemas Mariños Vulnerábeis (EMVs), establecendo unha tábula rasa que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pon ao mesmo nivel o arrastre de fondo e o palangre, aínda recoñecendo que o impacto das artes fixas sobre os ecosistemas “é potencialmente menor”.

Tampouco ten en conta as consecuencias sociais e económicas que implica a decisión da CE, non respectando dun xeito palmario o establecido na propia Política Pesqueira Común e moito menos a sentenza do mesmo Tribunal de xaneiro de 2024, que apoiou a decisión que tomara a UE a respecto de fixar as cotas dunha serie de especies atendendo non só á sostibilidade medioambiental, senón tamén á social e á económica.

O Estado español ten neste momento recorrida a sentenza, mais o ministro de Pesca anunciou dende o primeiro momento en que se coñeceu que actuaría pola vía política no sentido de que a CE modifique o regulamento sobre EMVs e se exclúa ao palangre da consideración de arte de fondo.

E mentres seguen sen existir informes que avalen o impacto do palangre nos ecosistemas, tal e como recoñecía o Comité Científico Técnico e Económico de Pesca-STECEF, asesor da CE, ou o Consello Consultivo para as Augas Occidentais Austrais-CC Sur, en sendos informes deste mesmo ano, a directora xeral de Asuntos Marítimos e Pesca da CE vén de abrir a posibilidade á ampliación de zonas vedadas a 104 ou incluso 115.

Estas ampliacións, segundo o Consello Internacional para a Exploración do Mar-ICES, afectarían a máis de 9.700 quilómetros cadrados no primeiro caso e a máis de 14.300 no segundo e, en ambos os dous, localizaríanse nunha gran parte en augas próximas a Portugal e España e terían agora consecuencias directas e moi graves tamén sobre a frota artesanal e de litoral, ademais de consumir a práctica desaparición do palangre ou, o que é o mesmo, a desaparición dunha arte de pesca selectiva, sostíbel e xeradora de emprego nas zonas costeiras de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

- Sumarse ao recurso presentado polo Estado español á sentenza do TXUE que rexeita os recursos da OPP de Burela e do Estado español contra a prohibición das artes de fondo en 87 zonas do Atlántico nororiental.

- Apoiar, con elaboración de informes técnicos, científicos e socioeconómicos, todas aquelas accións políticas e xudiciais que leve a cabo o Goberno español dirixidas á exclusión da consideración do palangre como arte de fondo así como a evitar a posíbel ampliación das vedas actuais.

- Dirixirse ao Goberno do Estado para demandarlle:

- . Que intensifique as actuacións políticas dirixidas a modificar o Regulamento de Ecosistemas Mariños Vulnerábeis e excluír o palangre da consideración de arte de fondo, así como a evitar a posíbel ampliación das vedas actuais.

- . Que esixa á CE que calquera posíbel revisión das zonas vedadas á pesca de fondo actualmente vaia precedida dos informes técnicos e científicos pertinentes e do máximo respecto polos principios de sostibilidade que establece a PPC e que confirma a sentenza do TXUE de xaneiro de 2024”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 11/09/2025 13:35:33

Carmela González Iglesias na data 11/09/2025 13:35:45

Daniel Castro García na data 11/09/2025 13:35:53

Daniel Pérez López na data 11/09/2025 13:36:06

Paulo Ríos Santomé na data 11/09/2025 13:36:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 13:39:27
Nº Rexistro: 33772
Data envío: 11/09/2025 13:39:27.558

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/09/2025 13:39:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 13:39:27
Nº Rexistro: 33772
Data envío: 11/09/2025 13:39:27.558

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 13:52:54
Nº Rexistro: 33776
Data envío: 11/09/2025 13:52:54.404

Asinado o día 11/09/2025 ás 13:49
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Vimos de coñecer o último informe do Instituto Galego de Estatística sobre o uso da lingua galega no 2024. Novamente, reflíctese unha baixada no número de falantes da nosa lingua, xa non só no ámbito do fogar, senón noutros ámbitos coma o dos negocios audiovisuais, as redes sociais e outros moitos nos que o galego cada día está mais marxinado.

Este informe reflicte tamén a pobre situación do uso do galego nos rangos de idade máis mozos, onde segundo os datos a maioría fala máis castelán que galego ou, inclusive, só directamente castelán. Tamén sucede o mesmo se nos atendemos a criterios demográficos e poboacionais, xa que se ben o galego sofre un declive en todos os ámbitos, este é aínda máis claro nas grandes áreas urbanas do país e, modo xeral, as poboacións que superan os 50.000 habitantes.

Se ben existe un ensino parello de galego e castelán no ámbito educativo, recollido no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüístico na ensinanza non universitaria de Galicia, vemos que este non está a axudar ao desenvolvemento do uso do galego entre os mozos e mozas de Galicia. Tampouco están a ser útiles as diversas medidas instauradas pola Xunta de Galicia nos últimos anos, tal e como son o Plan de Dinamización da Lingua Galega na Mocidade 2019-2022 ou diversas iniciativas que a Xunta está a incumprir, ou cumprindo a contagotas tal e como se recolle en distintos medios de prensa.

Asinado o día 11/09/2025 ás 13:49
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 11/09/2025 ás 13:49
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

116537

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 13:52:54
Nº Rexistro: 33776
Data envío: 11/09/2025 13:52:54.404

Exemplos do comentado é a iniciativa Xabarín, aprobada en 2021, que insta á Xunta de Galicia a chegar á acordos coa Administración e empresas para garantir o dobraxe e subtitulaxe de contido audiovisual en galego, e que, se ben se lograron avances coa inclusión do galego en diferentes plataformas audiovisuais, estes non son suficientes, xa que tal e como anuncia o presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, tan só existía un 0,83 % da programación infantil en galego dispoñíbel nas operadoras de televisión no ano 2022. Outros exemplos son a creación da plataforma dixital da CRTVG “Agalega” no ano 2024, propiciada tamén da iniciativa Xabarín, ou a creación do “Proxecto Nós” para a inclusión da lingua galega nas Intelixencias Artificiais (IAs). Aplaudimos estas iniciativas, mais rexeitamos a tardanza da Xunta de Galicia.

En definitiva, a pesar do incremento do orzamento nestes últimos anos destinado ás tarefas e accións da actual Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, obsérvase, cos datos na man, que o incremento orzamentario non ven da man dun incremento no uso do galego, especialmente na mocidade, presente e futuro de Galicia.

Ante esta situación, e atendéndonos ao contido do tratado das Cartas das Linguas Rexionais ou Minoritarias, emitido polo Consello de Europa no ano 1992, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar políticas lingüísticas como as do Plan de Dinamización da Lingua Galega na Mocidade, que aumenten realmente o uso do galego en todos os sectores da poboación nos diversos ámbitos, poñendo

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

116538

28071 Madrid

@PSdeG



- énfase nos sectores máis novos da poboación así como na promoción de campañas activas entre a mocidade para a promoción do mesmo.
2. Incrementar o contido audiovisual en galego tanto na CRTVG como mediante convenios con outras administracións e empresas deste ámbito, en especial contido dirixido ao público xuvenil (debuxos animados, dobraxe en galego nas plataformas de streaming ou producións propias nas mesmas...).
 3. Incrementar o impulso do galego no mundo dixital, tanto no manexo das Tecnoloxías da Información e da Comunicación coma no mundo das redes sociais (Instagram, TikTok...), dos creadores de contido en galego e das disciplinas científico-técnicas.
 4. Promoción do mundo musical en galego, apoiando aos creadores de música en galego e promocionando a produción en galego con festivais de música en galego así como concertos en galego na televisión pública.
 5. Elaborar un novo plan xeral de normalización da lingua galega, con consenso dos diferentes partidos e asociacións da lingua galega, que se centre principalmente en recuperar o número de falantes que usan o galego de forma habitual, deixando con invalidez o vixente Decreto 79/2010, de 20 de maio para o plurilingüísimo na ensinanza non universitaria de Galicia.

Santiago de Compostela, a 11 de setembro do 2025



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 11/09/2025 13:49:44

Elena Espinosa Mangana na data 11/09/2025 13:49:50

José Ramón Gómez Besteiro na data 11/09/2025 13:49:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 13:52:54
Nº Rexistro: 33776
Data envío: 11/09/2025 13:52:54.404

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 13:52:54
Nº Rexistro: 33776
Data envío: 11/09/2025 13:52:54.404

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/09/2025 13:52:55

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 13:54:44
Nº Rexistro: 33782
Data envío: 11/09/2025 13:54:44.419

Asinado o día 11/09/2025 ás 13:51
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

A educación infantil de 0 a 3 anos é unha etapa fundamental para o desenvolvemento integral das nenas e nenos, recoñecida como servizo esencial e de interese xeral. A súa provisión e financiamento deben responder a criterios de igualdade, equidade e calidade, garantindo que todas as familias teñan acceso a prazas públicas gratuítas, con independencia do lugar de residencia ou da titularidade do centro.

Asinado o día 11/09/2025 ás 13:51
Por Elena Espinosa Mangana

Porén, o actual modelo de financiamento impulsado pola Consellería de Política Social e Igualdade establece unha clara discriminación entre escolas privadas e escolas de titularidade municipal. Así, cando a escola infantil é privada, a Xunta de Galicia achega unha subvención de 320,70 euros por praza. Pola contra, cando é de titularidade municipal, a contía redúcese a tan só 68,30 euros por praza.

Este desequilibrio non só penaliza economicamente aos concellos que apostan polo servizo público, senón que tamén introduce un incentivo perverso que favorece a proliferación de prazas privadas fronte ás públicas, desvirtuando o principio de servizo público e gratuíto. Ademais, a cantidade que reciben os concellos resulta claramente insuficiente para financiar axeitadamente as escolas municipais, obrigando ás administracións locais a asumir un gasto que moitas veces non poden afrontar cos seus recursos limitados. Isto limita a capacidade dos concellos para ampliar ou mellorar a rede municipal de escolas

Asinado o día 11/09/2025 ás 13:51
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

116542

28071 Madrid





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 13:54:44
Nº Rexistro: 33782
Data envío: 11/09/2025 13:54:44.419

infantís, perpetuando desigualdades territoriais e reducindo a oferta pública en favor de modelos privatizados.

A política educativa da Xunta de Galicia neste ámbito non responde, polo tanto, a unha defensa decidida da escola pública de 0 a 3 anos, senón a un modelo que deriva recursos públicos cara a empresas privadas, debilitando a rede municipal e condicionando o acceso á educación infantil gratuíta a decisións de xestión local e á capacidade económica de cada concello.

Nun contexto no que a gratuidade e universalidade da educación infantil é un obxectivo estratéxico, o financiamento debe ser xusto e equitativo, blindando o modelo público e asegurando que ningunha administración local teña que renunciar a ampliar ou manter escolas municipais por falta de apoio económico da Xunta de Galicia.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a corrixir con carácter inmediato a discriminación existente no financiamento da educación infantil de 0 a 3 anos, que favorece ás escolas privadas en detrimento das de titularidade municipal. Este criterio resulta discriminatorio e contrario ao reforzo da rede pública, polo que debe ser substituído por un modelo que garanta o financiamento autonómico do 100 % de todas as prazas públicas, blindando a educación infantil pública e gratuíta como eixo central da política educativa galega e dotando aos concellos dos recursos precisos para ampliar e consolidar unha rede pública de escolas infantís de calidade.

Santiago de Compostela, a 11 de setembro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

116543

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 11/09/2025 13:51:27

Elena Espinosa Mangana na data 11/09/2025 13:51:34

José Ramón Gómez Besteiro na data 11/09/2025 13:51:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 13:54:44
Nº Rexistro: 33782
Data envío: 11/09/2025 13:54:44.419

CSV: BOPGDSPG-acilMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 13:54:44
Nº Rexistro: 33782
Data envío: 11/09/2025 13:54:44.419

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/09/2025 13:54:45

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 16:42:40
Nº Rexistro: 33796
Data envío: 11/09/2025 16:42:40,140

Asinado o día 11/09/2025
16:39
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

O Real decreto 664/2024, do 9 de xullo, polo que se regulan as axudas económicas a vítimas de violencias sexuais, ten por obxecto regular a axuda económica prevista no artigo 41 da Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro.

Así, a norma dá cumprimento ao mandato do artigo 41.3 da precitada lei orgánica, e establece as condicións básicas que garanten o acceso á devandita axuda en condicións de igualdade, regulando aspectos tales como as persoas beneficiarias da axuda, a acreditación da condición de vítima, o prazo de presentación da solicitude, a tramitación da axuda, o seu pago e o seu reembolso.

Todo iso, sen prexuízo das competencias que as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla teñen tamén nesta materia.

En definitiva, esta norma regula unha serie de dereitos a favor das vítimas de violencias sexuais co fin de garantir a súa autonomía económica e de facilitar a súa recuperación integral a través de actuacións no ámbito económico, laboral e da vivenda.

En Galicia, o orzamento 2025 prevé unha partida, Programa 313D, protección e apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero, axudas ás vítimas que sofren violencia sexual

Asinado o día 11/09/2025 ás
16:38
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 11/09/2025 ás
16:38
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

116546

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 16:42:40
Nº Rexistro: 33796
Data envío: 11/09/2025 16:42:40.140

Na que constan uns fondos finalistas do Estado por un importe de 1.272.638 € .

Transcorridos 9 meses dende a aprobación destes orzamentos o Goberno da Xunta non fixo efectivas estas axudas nin tan sequera iniciou a tramitación para concedelas.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a iniciar, de maneira urxente, o procedemento de concesión das axudas para vítimas de violencia sexual previstas no artigo 41 de LOGILS reguladas posteriormente mediante o Real decreto 664/2024.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

116547

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 11/09/2025 16:38:41

Elena Espinosa Mangana na data 11/09/2025 16:38:50

Silvia Longueira Castro na data 11/09/2025 16:39:03

José Ramón Gómez Besteiro na data 11/09/2025 16:39:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 16:42:40
Nº Rexistro: 33796
Data envío: 11/09/2025 16:42:40.140

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 16:42:40
Nº Rexistro: 33796
Data envío: 11/09/2025 16:42:40.140

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/09/2025 16:42:40

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 17:01:19
Nº Rexistro: 33801
Data envío: 11/09/2025 17:01:19.622

Asinado o día 11/09/2025 ás 16:52
Por Patricia Iglesias F

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Lara Méndez López, Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, avanzaba no mes de outubro do ano 2024 a intención da Xunta de Galicia de levar á Cámara autonómica a nova Lei de Administración local de Galicia, no primeiro trimestre do ano, coa intención de poder debatela, melloralala e aprobala.

No Debate do Estado de Autonomía celebrado o pasado 23 de abril do 2025, o presidente da Xunta de Galicia comprometeuse a iniciar o trámite no primeiro semestre da nova lei.

Estamos ante unha lei do ano 1997, 5/1997 22 de xullo, Administración local de Galicia. E, polo tanto, desfasada e sen atender as necesidades reais dos concellos.

Esta norma é precisa para actualizar un novo marco xurídico da Administración local que leva anos demandando unha modernización da mesma. Trátase de reforzar a autonomía local e dotar aos concellos de maior capacidade de xestión e sobre todo de financiamento. Adaptar a organización territorial aos novos retos demográficos, económicos e sociais. Garantindo unha mellor coordinación entre administracións.

Asinado o día 11/09/2025 ás 16:52
Por Paloma Castro Rey

Asinado o día 11/09/2025 ás 16:52
Por Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

116550

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 17:01:19
Nº Rexistro: 33801
Data envío: 11/09/2025 17:01:19.622

Os gobernos locais e a cidadanía precisan que este compromiso se traduza en feitos lexislativos concretos, garantindo un marco eficaz, equitativo e transparente para a xestión pública local.

A actual normativa presenta limitacións á hora de responder ás novas necesidades organizativas, financeiras e competencias dos concellos galegos.

O paso do tempo, os cambios demográficos e a crecente demanda de servizos públicos máis próximos, eficaces e transparentes fan imprescindible unha actualización lexislativa que permita reforzar a autonomía municipal con un sistema de financiación estable e suficiente e que promova a igualdade territorial o equilibrio entre o rural e o urbano e entre a Galicia das dúas velocidades.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.2, atribúe á nosa comunidade a competencia exclusiva en materia de réxime local, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.18ª da Constitución española, que reserva ao Estado a lexislación básica nesta materia.

En desenvolvemento destas competencias, Galicia aprobou no seu momento a Lei 5/1997, de Administración local de Galicia. Porén, máis de vinte e cinco anos despois, resulta evidente que esta norma non responde xa aos retos e necesidades actuais dos concellos galegos nin ás dinámicas territoriais, demográficas e financeiras que afectan á nosa comunidade.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

116551

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 17:01:19
Nº Rexistro: 33801
Data envío: 11/09/2025 17:01:19.622

1. Iniciar de inmediato a tramitación do anteproxecto da nova Lei de Administración local de Galicia, cumprindo o compromiso adquirido polo presidente no Debate de Estado de Autonomía.
2. Que o texto legislativo veña consensuado coa Fegamp.
3. Que a nova lei inclúa medidas efectivas de reforzo da autonomía municipal, un sistema de financiamento estable e un marco claro de cooperación interadministrativa.
4. Presentar na Cámara de Galicia o correspondente proxecto de lei no prazo máis breve posible, dándolle prioridade na súa tramitación.

Santiago de Compostela, a 11 de setembro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

116552

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 11/09/2025 16:52:37

Paloma Castro Rey na data 11/09/2025 16:52:44

Patricia Iglesias Rey na data 11/09/2025 16:52:53

José Ramón Gómez Besteiro na data 11/09/2025 16:53:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 17:01:19
Nº Rexistro: 33801
Data envío: 11/09/2025 17:01:19.622



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/09/2025 17:01:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 17:01:19
Nº Rexistro: 33801
Data envío: 11/09/2025 17:01:19.622

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Argimiro Marnotes Fernández, Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Julio García Comesaña, Paula Mouzo Mas, Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

Exposición de Motivos

A *Vuelta Ciclista a España* constitúe un dos principais eventos deportivos do noso país, recoñecida internacionalmente e seguida por miles de persoas, ofrece un extraordinario impacto social, económico e turístico. A súa chegada a Galicia é sempre motivo de orgullo colectivo e unha oportunidade de proxección da nosa terra no mundo. Todos celebramos cando transcende que o seu percorrido pasa pola nosa Comunidade, pois constitúe unha oportunidade de potenciar a súa imaxe.

Na edición de 2025, as diferentes etapas disputadas foron escenario dunha serie de accións reivindicativas convocadas por organizacións propalestinas e en contra do Estado de Israel. Con independencia da conveniencia de converter unha competición deportiva no escenario de reivindicacións políticas alleas ao deporte, e desde o respecto da cidadanía a manifestar a súa posición neste conflito, parece evidente que non se pode aceptar que estas expresións de protestas poñan en perigo a integridade física dos deportistas, da organización e do público asistente.

Expresións violentas como os incidentes e sabotaxes que aconteceron nas últimas semanas, superan amplamente os límites do lexítimo dereito á protesta, co risco extremo que estas accións representan. Invadir o percorrido de cada etapa, cando os ciclistas e vehículos da carreira circulan a gran velocidade, fai que queden expostos a graves caídas e lesións, como xa sucedeu. Mesmo as transmisións oficiais foron boicoteadas con consignas reivindicativas, evidenciando que non se trataba só de protestas espontáneas, senón de accións organizadas que comprometen a seguridade e a boa imaxe do evento.

Se ben é certo que a convivencia democrática garante e ampara o dereito de manifestación e de expresión cidadá, este dereito debe exercerse sempre con responsabilidade, sen poñer en perigo a seguridade de calquera persoa —neste caso concreto, de deportistas, organización e público— nin danar a imaxe internacional de Galicia asociada a un evento deportivo de primeiro nivel.

Por todo iso, o Parlamento de Galicia debe expresar unha condena firme fronte a este tipo de actuacións, reafirmando o respecto ao dereito de manifestación cando se





exerce de forma pacífica e respectuosa, e reprobar a quen, por acción ou omisión, favorecen e amparan protestas que puxeron en risco un evento deportivo de tanta relevancia para Galicia, así como a saúde e seguridade dos seus protagonistas.

Resulta especialmente grave que tales protestas contasen coa comprensión, o alento ou, cando menos, coa permisividade de determinadas forzas políticas. En particular, o Bloque Nacionalista Galego (BNG) ao igual que membros do Partido Socialista de Galicia (PSdeG) que non só non rexeitaron estes actos; senón que, desde as súas responsabilidades institucionais, os avalaron co seu apoio explícito.

Especialmente o eido do deporte ten que transmitir uns valores pacíficos, de respecto, disciplina, traballo en equipo e honestidade. Nin os ciclistas ni o ciclismo son responsables dos feitos sobre los que se protesta. A propia Unión Ciclista Internacional (UCI) lembra a importancia da neutralidade política das organizacións deportivas, así como o papel unificador e pacificador do deporte.

Galicia non é violenta. E esta non é a imaxe que queremos dar do noso pobo. As protestas sempre son lexítimas cando son pacíficas, non cando poñen en risco a seguridade dos ciclistas e do público. Sabemos que a cidadanía galega é unha cidadanía solidaria, pero tamén respectuosa e estamos convencidos de que, a pesar dos sentimentos que poda suscitar este conflito, os galegos non entenden, amparan, nin se senten representados por estes feitos violentos.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia acorda como resolución:

1ª Condenar firmemente os incidentes e sabotaxes producidos durante o desenvolvemento da *Vuelta Ciclista a España*, ao seu paso por Galicia, por seren contrarios aos valores do deporte, da convivencia e da liberdade, deixando claro que o dereito de manifestación debe exercerse sempre de forma regrada e sen poñer en perigo a seguridade das persoas nin danar a imaxe internacional da nosa terra.

2º- Expresar o seu recoñecemento e gratitude ás Forzas e Corps de Seguridade, así como aos servizos de emerxencia, pola exemplaridade e profesionalidade que amosaron no desenvolvemento da súa actividade, tanto no transcurso deste evento deportivo como no seu labor diario de mantemento da seguridade como garantía dos dereitos e liberdades de toda a sociedade democrática.





Asemade, o Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reclamar do Goberno de España que garanta a seguridade e o normal desenvolvemento dos eventos deportivos de carácter nacional e internacional que teñen lugar en Galicia, garantindo que calquera acto de manifestación non prexudique o normal funcionamento das competicións”.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 11/09/2025 18:20:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 18:20:40
Nº Rexistro: 33816
Data envío: 11/09/2025 18:20:40,470

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 18:20:40
Nº Rexistro: 33816
Data envío: 11/09/2025 18:20:40,470

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/09/2025 18:20:41

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 15/09/2025 ás 17:27
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

As deputadas e deputados abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que proceda á tramitación de **comparecencia urxente en Pleno do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional** para que dea conta das graves carencias de profesorado denunciadas no inicio do curso escolar, sobre todo no que ten que ver co alumando con necesidades educativas especiais; así como das demandas do profesorado para a recuperación dos dereitos suprimidos, redución de ratios e eliminación da burocracia nos centros educativos.

Asinado o día 15/09/2025 ás 17:27
Por Daniel Castro García

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2025

Asinado o día 15/09/2025 ás 17:27
Por Ana Pontón Mondelo



Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 15/09/2025 17:27:23
Daniel Castro García na data 15/09/2025 17:27:31
Luis Bará Torres na data 15/09/2025 17:27:37
Olalla Rodil Fernández na data 15/09/2025 17:27:43
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/09/2025 17:27:50
Paulo Ríos Santomé na data 15/09/2025 17:27:57
Rosana Pérez Fernández na data 15/09/2025 17:28:06
Ariadna Fernández González na data 15/09/2025 17:28:15
Iria Carreira Pazos na data 15/09/2025 17:28:26
José Manuel Golpe Acuña na data 15/09/2025 17:28:35
Secundino Fernández Fernández na data 15/09/2025 17:28:43
Daniel Pérez López na data 15/09/2025 17:28:51
Carmela González Iglesias na data 15/09/2025 17:29:00
Sonia Vidal Lamas na data 15/09/2025 17:29:16
Montserrat Valcárcel Armesto na data 15/09/2025 17:29:25
Óscar Insua Lema na data 15/09/2025 17:29:33
María Montserrat Prado Cores na data 15/09/2025 17:29:46
Ramón Fernández Alfonso na data 15/09/2025 17:29:57
Alexandra Fernández Gómez na data 15/09/2025 17:30:06
Brais Ruanova Vilas-Boas na data 15/09/2025 17:30:18
Mercedes Queixas Zas na data 15/09/2025 17:30:30
Cristina Fernández Davila na data 15/09/2025 17:30:38
Noa Presas Bergantiños na data 15/09/2025 17:30:44
Iago Suárez Fernández na data 15/09/2025 17:30:50
Iria Taibo Corsanego na data 15/09/2025 17:30:56



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/09/2025 17:37:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2025 17:37:17
Nº Rexistro: 33977
Data envío: 15/09/2025 17:37:17.175

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 15/09/2025 ás 17:32
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

As deputadas e deputados abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que proceda á tramitación de **comparecencia urxente en Pleno do conselleiro de Sanidade** para dar conta do caos que se viviu este verán 2025 na sanidade pública de Galiza, tanto en Atención Primaria, Hospitalaria, ambulancias... e presentar as medidas que van poñer en marcha para que non volva suceder.

Asinado o día 15/09/2025 ás 17:32
Por Daniel Castro García

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2025

Asinado o día 15/09/2025 ás 17:31
Por Ana Pontón Mondelo



Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 15/09/2025 17:31:55
Daniel Castro García na data 15/09/2025 17:32:02
Luis Bará Torres na data 15/09/2025 17:32:08
Olalla Rodil Fernández na data 15/09/2025 17:32:46
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/09/2025 17:32:55
Paulo Ríos Santomé na data 15/09/2025 17:33:05
Rosana Pérez Fernández na data 15/09/2025 17:33:13
Ariadna Fernández González na data 15/09/2025 17:33:21
Iria Carreira Pazos na data 15/09/2025 17:33:29
José Manuel Golpe Acuña na data 15/09/2025 17:33:38
Secundino Fernández Fernández na data 15/09/2025 17:33:46
Daniel Pérez López na data 15/09/2025 17:33:55
Carmela González Iglesias na data 15/09/2025 17:34:06
Sonia Vidal Lamas na data 15/09/2025 17:34:13
Montserrat Valcárcel Armesto na data 15/09/2025 17:34:20
Óscar Insua Lema na data 15/09/2025 17:34:30
María Montserrat Prado Cores na data 15/09/2025 17:34:38
Ramón Fernández Alfonso na data 15/09/2025 17:34:46
Alexandra Fernández Gómez na data 15/09/2025 17:34:54
Brais Ruanova Vilas-Boas na data 15/09/2025 17:35:08
Mercedes Queixas Zas na data 15/09/2025 17:35:29
Cristina Fernández Davila na data 15/09/2025 17:35:42
Noa Presas Bergantiños na data 15/09/2025 17:35:48
Iago Suárez Fernández na data 15/09/2025 17:35:56
Iria Taibo Corsanego na data 15/09/2025 17:36:03



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/09/2025 17:37:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2025 17:37:42
Nº Rexistro: 33978
Data envío: 15/09/2025 17:37:42.046

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Solicitud de comparecencia

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno do Parlamento- do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, para informar sobre **"as políticas educativas no marco do inicio de curso 2025/26"**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2025 16:56:43
Nº Rexistro: 33965
Data envío: 15/09/2025 16:56:43,727

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/09/2025 16:56:41

CSV: BOPGDSPG-acIMDuwKv-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

